

vilalba

Blanco visita a obra de rehabilitación da Casa Consistorial, financiada polo Estado. **Páx. 3**

as pontes

Un total de 36 proxectos presentaron un deseño para a futura Casa dos Maiores . **Páx. 9**

guitiriz

O Concello puxo en funcionamento o sistema de saneamento no Mesón da Cabra. **Páx. 16**

pastoriza

Adega e veciños da parroquia de Xemil reclaman o cese da actividade mineira. **Páx. 18**

outeiro de rei

O colexio convoca a segunda edición da Feira do Libro o día 17 de abril. **Páx. 26**

Novo récord no volume de gando da Moexmu



O Concello remata dúas obras en Vilalba

Completo a rehabilitación da rúa do Rego e reabriu o parque Rosalía de Castro. **Páx. 5**

Riotorto prepara a XVII Feira do Ferro

Terá lugar o domingo 19 de abril con demostracións artesáns, música e espectáculos. **Páx. 13**

Xosé Manuel Felpeto



O xermadés vén de sacar ao mercado 'Memorias dun porco teixo'. **Páx. 21**

Pandereteiras en Pol



O colectivo vén de crear aulas especializadas a cargo de Sergio Marey. **Páx.24**

Novo título do FSF Castro



O equipo feminino fíxose por primeira vez coa Copa Galicia. **Páx.31**

Carmela López reuniuse con Alfonso Rueda

A presidenta da Deputación entregou un decálogo para o futuro da provincia de Lugo. **Páx. 29**

¿Lentillas progresivas?

Claro, Podes probalas.
Visión nítida en tódalas distancias.

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba
982 51 01 00
Av. Galicia, 91, As Pontes
981 451 504

NP-RS. E-27-000011 / E-27-000011 - NP-RS. E-15-000004 / E-15-001170

NOVALUX
óptica & centro auditivo



Cuestión de confianza para Rouco ao non aprobarse os orzamentos

A alcaldesa, Marta Rouco, sométese a unha cuestión de confianza nun pleno extraordinario despois de que, no ordinario, se rexeitase o proxecto de orzamentos para 2026, que ascende a máis de 14,2 millóns de euros. A proposta, que contaba co apoio do equipo de goberno, non saíu adiante ao votar en contra PP e BNG.

As contas municipais contemplan un incremento de arredor de 900.000 euros respecto ao exercicio anterior e, segundo defendeu a rexedora, buscan garantir o mantemento dos servizos públicos e responder ás necesidades da veciñanza cun marcado carácter social. Rouco lamentou a falta de apoio da oposición e apelou ao diálogo para acadar acordos que permitan avanzar.

Pola súa banda, o PP xustificou o seu voto en contra sinalando unha

suposta falta de xestión e planificación por parte do goberno local, mentres que o BNG criticou a ausencia de negociación previa e cualificou a proposta como unha mostra de falta de consideración cara ás forzas que apoiaron iniciativas anteriores.

Desde o executivo local defenderon que este é o terceiro ano consecutivo no que se presentan uns orzamentos baseados na responsabilidade e no equilibrio, destacando o esforzo por manter a estabilidade e impulsar investimentos. Tamén subliñaron a necesidade de evitar atrasos en pagos e actuacións previstas.

A cuestión de confianza permitiu así reabrir o proceso de aprobación das contas. Segundo o proceso, no caso de non prosperar a moción, ábrese un prazo para a presentación dunha moción de censura; e,

de non producirse, os orzamentos quedarían aprobados automaticamente.

Pola súa banda, o Partido Popular de Vilalba lamenta que, unha vez máis, os partidos da esquerda sigan permitindo que a alcaldesa socialista continúe gobernando sen asumir responsabilidades pola súa forma de actuar no Concello.

Tras o pleno no que non saíron adiante os orzamentos municipais, desde o PP consideran que a situación é consecuencia directa da “soberbia” da alcaldesa, “que decidiu presentar unhas contas sen buscar acordos nin ter en conta as achegas da oposición”.

Os populares consideran especialmente contraditoria a postura do BNG, “que por unha banda recoñece erros na actuación da alcaldesa e critica a súa estratexia cos orzamentos, pero ao mesmo tempo descarta



impulsar calquera alternativa de goberno”.

“Non se pode criticar a xestión da alcaldesa e ao mesmo tempo anunciar que non se fará nada para cambiar a situación. Con esa postura, o BNG e Vilalba Aberta están dándolle un auténtico cheque en branco ao PSOE para seguir facendo o que queira no Concello”, sinalan desde o Partido Popular.

Neste sentido, os populares consideran que ambas formacións convéntense en cómplices do que faga ou

deixe de facer a alcaldesa, permitindo que se sigan tomando decisións sen consenso, que se gasten cartos en cuestión innecesarias e que continúen sen resolverse problemas importantes para os veciños de Vilalba. Finalmente, o Partido Popular lembra que foi a forza máis votada nas últimas eleccións municipais e que seguirá traballando para ofrecer unha alternativa de goberno que permita cambiar o rumbo do Concello e defender os intereses dos veciños de Vilalba.

A alcaldesa, nomeada presidenta do grupo de Política Social do Eixo

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, foi nomeada presidenta do Grupo Temático de Política Social do Eixo Atlántico, un órgano que reúne a representantes municipais de Galicia e do Norte de Portugal para avanzar en políticas de cohesión social na eurorrexión.

Marta Rouco, que ademais de alcaldesa exerce como concelleira de Servizos Sociais desde o ano 2019, destacou a importancia deste nomeamento como unha oportunidade para seguir reforzando o papel dos concellos na resposta aos retos sociais actuais. “As políticas sociais son unha prioridade absoluta para este goberno, porque falamos de

atender ás persoas, de dar resposta ás súas necesidades e de garantir que ninguén quede atrás”, sinalou.

O Grupo Temático de Política Social do Eixo Atlántico centra o seu traballo en ámbitos clave como a cohesión social, a vivenda, a inmigración ou a loita contra a pobreza, co obxectivo de avanzar cara a un modelo máis xusto e equilibrado entre os territorios que integran esta eurorrexión.

Neste sentido, a alcaldesa puxo en valor a importancia da cooperación entre administracións locais. “Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía e, por tanto, temos un papel fundamental na

detección das necesidades sociais e na posta en marcha de solucións reais. Espazos como este permiten compartir experiencias, coordinar actuacións e avanzar de maneira conxunta”, indicou.

Durante a última reunión, celebrada de maneira virtual, aprobáronse as principais liñas de traballo para os próximos anos, reforzando a colaboración entre os municipios galegos e portugueses en materia social.

Entre os proxectos previstos para 2026 destacan a elaboración de tres informes estratéxicos: un informe sobre a loita contra a pobreza, outro centrado na inmigración e un terceiro sobre a problemática da vivenda.

A IX Mostra Musical fará unha homenaxe a António Saiote

Vilalba acollerá os vindeiros 23 e 24 de maio de 2026 a IX Mostra Musical do Eixo Atlántico, un encontro de referencia para o talento musical novo dos municipios de Galicia e do Norte de Portugal, que nesta edición recoñecerá a traxectoria do prestigioso clarinetista, mestre e pedagogo António Saiote.

O acto de homenaxe terá lugar o domingo 24 de maio pola tarde, no marco da gala de clausura, coincidindo coa entrega de premios do certame. Este recoñecemento, impulsado polo Grupo Temático de Educación e Cultura do Eixo Atlántico, pon en valor a súa extraordinaria contribución á música clásica e á formación de novas xeracións de

intérpretes.

António Saiote é unha das figuras máis relevantes da música portuguesa, cunha destacada carreira internacional como solista, director e docente.

A Mostra Musical, organizada con carácter bienal desde 2008, reunirá nesta edición máis de 100 mozos e mozas músicos procedentes de escolas e conservatorios de música dos municipios membros do Eixo Atlántico. O evento desenvolverase no Conservatorio Profesional de Música de Vilalba e no Auditorio Municipal Carmen Estévez. No certame participan solistas de ata 18 anos e agrupacións cuxos integrantes teñen idades de ata 25 anos.

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Blanco destaca o apoio do Estado para ampliar a vivenda social

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou en Vilalba o papel dos concellos e a colaboración do Goberno con eles para ampliar a vivenda social en Galicia. Pedro Blanco visitou xunto á alcaldesa, Marta Rouco, e a subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, o proxecto do Concello de Vilalba para rehabilitar e destinar a vivenda en réxime de alugueiro social as antigas casas dos mestres, sitas na rúa Cuart de Poblet, dentro da área escolar vilalbesa.

A intervención nestas seis vivendas individuais, en fase inicial, permitiría crear en cada unha delas novos espazos interiores con cociña e sala de estar, cuartos de baño e varios dormitorios, recuperando así este edificio para destinalo a vivendas de alugueiro social. A alcaldesa, felicitada polo delegado, destacou a importancia deste proxecto, sinalando que

desde o Concello buscan “aproveitar o patrimonio municipal que hoxe non está en uso para darlle unha función social que responda ás necesidades actuais da cidadanía”.

Pedro Blanco subliñou que dous de cada tres euros que se invisten en políticas públicas de vivenda en Galicia proceden do Goberno de Pedro Sánchez, “sendo o artífice do cambio que vivirá a comunidade en materia de vivenda, apostando pola social e accesible”. Nese senso, animou á Xunta de Galicia a seguir o exemplo do Goberno e asumir “un maior compromiso” para dinamizar esa transformación “que permita un dos nosos retos máis importantes: garantir o dereito á vivenda”.

Para facelo, o delegado incidiu en que o Ministerio de Vivenda mobilizou máis de 530 millóns de euros nos últimos anos, que permiten

construír 1.500 vivendas para alugueiro accesible e rehabilitar máis de 18.000 en Galicia, “afondando nesa visión do Goberno pola que a vivenda debe ser entendida como un dereito, mudando o foco que a consideraba como un ben puramente de mercado”. Cos devanditos fondos o Goberno financia tamén programas dirixidos á mocidade, ao rural e á mellora de edificios e barrios, ben sexa en forma de axudas ao alugueiro ou á rehabilitación, poñendo de manifesto a acción integral do Goberno.

Pedro Blanco reafirmou o compromiso co dereito á vivenda, ademais, sinalando que o Goberno “investirá máis, construír máis, rehabilitará máis e destinará máis fondos para axudas”. É por iso que agarda “o mesmo pola parte da Xunta: maior compromiso e implicación”. Entre



as accións do Goberno neste senso, Pedro Blanco lembrou o impulso da entidade estatal CASA 47, que vén de convocar máis de 100M€ para adquirir vivendas privadas en toda España e incorporalas ao parque público para destinalas a alugueiro accesible: “Políticas directas que se dirixen aos problemas da cidadanía”. “As alcaldesas e os alcaldes xogan un rol clave para confirmar que desde o local tamén se poden dar respostas ao reto da vivenda, algo que demos-

tra Marta Rouco en Vilalba”, salientou o delegado, sinalando que desde os concellos “coñecen de primeira man a realidade dos seus municipios e teñen a capacidade de promover políticas que respondan ás necesidades da veciñanza”. Para todos os concellos, “o Goberno de España será o seu mellor aliado, impulsando a colaboración leal e comprometida entre todas as administracións que operan en reverter o problema da vivenda”.

Balance positivo dos empresarios trala campaña do Día do Pai

A Asociación de Empresarios de Vilalba fai balance moi positivo da campaña do Día do Pai “Cando sexas pai... xa o entenderás”, desenvolvida entre o 12 e o 21 de marzo nos establecementos asociados.

A iniciativa, centrada en poñer en valor a transmisión de valores entre xeracións e fomentar o consumo no comercio de proximidade, acadou unha notable participación por parte da cidadanía, rexistrando un total aproximado de 3.000 participacións ao longo dos case dez días de campaña.

Durante este período, as persoas que realizaron compras nos comercios participantes puideron obter

participacións para o sorteo final en función do importe das súas compras, incentivando así a actividade comercial no conxunto do tecido empresarial local.

Unha vez finalizada a campaña, procedeuse á recollida e contabilización de todas as participacións, tras o cal se celebrou o sorteo dos dous premios anunciados previamente a través das redes sociais da asociación. As persoas premiadas nesta campaña foron Irene Díaz e Cristina Feijó, que resultaron gañadoras dos vales Saúde e Gastronomía para o Spa Ática 21 de Vilalba, unha experiencia que combina benestar e gastronomía.

PREMIO AO TALENTO



O talento creativo de Vilalba volve situarse no mapa grazas ao recoñecemento acadado por Antón Díaz, quen vén de obter o primeiro premio na categoría de novos talentos do festival internacional de animación Imaginaria, celebrado na Coruña. O mozo compartiu este galardón con dous compañeiros do Grao de Creación Dixital, Animación e Videoxogos

Carlos Ares e Alcalá Norte abrirán os concertos do FiV

O FiV de Vilalba pechou o calendario do festival, que se celebrará os días 24 e 25 de abril na capital chairega. Carlos Ares, Alcalá Norte, Celia Becks e Futuro Alcalde serán os tres concertos que se celebrarán o venres, xunto á actuación de Rapariga DJ. Serán, por tanto, os encargados de abrir a queda de actuacións.

O sábado o número de concertos será maior con La M.O.D.A. compartindo escenario con Ángel Stanich, Repion, Puño Dragón, Grande Osso e a Banda de Música de Vilalba. Ademais estarán as actividades FiV Stars e Karaoke con Esteban, dentro do Momento Fiver.



EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h

Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

Vilalba será sede dunha das formacións de Protección Civil

A Xunta organiza seis cursos con 143 prazas para persoal das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil nos municipios do Vicedo, Quiroga, Vilalba e Triacastela.

O delegado territorial da Administración autonómica, Javier Arias, explica que forman parte da programación da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) para o primeiro semestre do ano.

Dentro destes haberá unha acción formativa sobre desfibrilación externa semiautomática en Vilalba o 25 de abril. O obxectivo é adquirir a formación necesaria para a utilización e manexo dos desfibriladores externos, co fin de conseguir aumentar as taxas de supervivencia nos pacientes con morte súbita, conseguindo un acceso precoz a un sistema de emerxencias médica. Tamén acurtar os tempos para realizar reanimación cardiopulmonar e a desfibrilación precoz.

Abre a inscrición para unha nova edición da Feira de Artesanía

O Concello de Vilalba abre desde hoxe o prazo de inscrición para participar na nova edición da feira de artesanía, que terá lugar o domingo 3 de maio na Praza de Santa María, en horario de 10:00 a 15:00 e de 17:00 a 20:00 horas.

A alcaldesa, Marta Rouco, e a concelleira de Feiras e Mercados, Paula Vigo, deron a coñecer esta nova convocatoria, coa que o goberno local continúa impulsando iniciativas para dinamizar a actividade na Praza de Santa María os domingos de feira.

“Esta feira é unha oportunidade para dar visibilidade ao traballo dos artesáns e artesás, pero tamén para seguir enchendo de vida a Praza de Santa María e consolidar os domingos de feira como un es-

pazo de encontro para a veciñanza”, destacou a alcaldesa.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 26 de abril e poderán participar todas aquelas persoas artesás interesadas. Para formalizar a solicitude, deberán cubrir a folla de inscrición dispoñible na web municipal (vilalba.gal/novas) e enviala ao correo electrónico feiras@vilalba.es xunto coa documentación requirida.

Para resolver dúbidas, o Concello pon á disposición das persoas interesadas o teléfono 982 51 03 05. A feira de artesanía enmárcase na liña de traballo da Alcaldía para reforzar a actividade na Praza de Santa María e converter os domingos de feira nun atractivo máis para veciños, veciñas e visitantes.



Senadores do PP esixen explicacións polo atraso do cuartel da Garda Civil

Os tres senadores do PP, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, anunciaron que preguntarán no Senado sobre en que situación se atopa o compromiso anunciado polo Goberno de España para a construción dun novo cuartel da Garda Civil en Vilalba, así como os motivos polos que, cinco anos despois do anuncio, esta actuación aínda non se materializou.

No ano 2020, o Goberno anunciou a intención de destinar unha inversión de 2,8 millóns de euros para a construción dun novo cuartel da Garda Civil, unha actuación amplamente demandada tanto pola cidadanía como polos propios profesionais que prestan servizo na comarca.

Os senadores populares lembran que a Garda Civil desempeña un papel esencial na garantía da seguridade cidadá, especialmente no medio rural, onde a dispersión xeográfica e as características do territorio esixen unha resposta áxil e eficaz.

Neste contexto, dispoñer dunhas instalacións modernas, adecuadas e funcionais non só melloraría as condicións laborais e de benestar do persoal destinado no cuartel, senón que tamén permitiría optimizar os tempos de intervención, reforzar a capacidade operativa e mellorar a atención á poboación.

Do mesmo xeito, sinalan que a existencia dun cuartel adaptado ás necesidades actuais contribuiría de maneira decisiva a reforzar a sensación de seguridade entre os veciños e veciñas de Vilalba e dos municipios

da contorna, consolidando a presenza do Estado e dos servizos públicos nunha zona estratéxica da provincia. Transcorridos cinco anos desde o anuncio desta inversión, non consta información pública actualizada sobre o estado do proxecto nin sobre o seu calendario de execución.

Ante esta situación, os senadores do PP de Lugo solicitaron ao Goberno que aclare en que estado se atopa o compromiso para a construción do novo cuartel da Garda Civil en Vilalba, se se mantén a inversión prevista de 2,8 millóns de euros e se existe un calendario concreto para a redacción do proxecto, licitación e execución das obras, así como cales foron os motivos polos que esta actuación non se levou a cabo ata o momento.

N-643. Por outra banda, anunciaron que o Goberno de Sánchez recoñece, en resposta oficial ás preguntas dos senadores do PP lucense, que “non ten previsto arranxar a N-634 na provincia de Lugo nin tapar as fochancas do acceso ao polígono”.

José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano formularon ante o Executivo estatal preguntas sobre a situación desta vía e, máis concretamente, sobre a variante da N-634 dende Baamonde de acceso ao polígono de Vilalba.

“O seu pésimo estado, con fochancas e o danos no firme que supoñen un serio perigo para condutores e transportistas, é un claro exemplo das deficiencias e o constante deterioro da rede viaria”, manifestan.

AXENDA DE ACTIVIDADES

CAMPAMENTOS. Está aberto o prazo de inscrición para os campamentos de verán en Vilalba, destinados a nenos e nenas de entre 5 e 12 anos. Como cada ano, organizaranse en dúas quendas de 50 prazas cada unha. A primeira quenda desenvolverase do 29 de xuño ao 24 de xullo, mentres que a segunda terá lugar do 27 de xuño ao 21 de agosto. Cada participante poderá inscribirse en ambas, indicando cal é a súa opción preferente. O prazo de inscrición finalizará o 17 de abril.

GOIRIZ. O programa Mans Artesás 2026 da Asociación de Veciños de Goiriz, en Vilalba, e en colaboración coa Deputación de Lugo e o Centro de Artesanía 2026, organizan un curso de Restauración e Tapicería. Terá lugar todos os mércores de abril e maio, a partir do 22, na Escola Habaneira de Goiriz. O horario será polas tardes, de 16:00 a 20:00 horas. Todo aquel que estea inte-



resado pode chamar aos teléfonos de Flor (694 480 525) e Marina (645 952 873).

FESTA DA AMIZADE. Os veciños das parroquias vilalbesas de Ladra, Noche e Nete continúan coa Festa da Amizade, que vai pola sétima edición e que este ano terá lugar en Noche o 18 de abril, sábado. A xornada arrincarás ás 13.30 horas cunha sesión vermú amenizada polo grupo Manhattan que estará

tamén pola noite xunto a dj Patakiña. Levándose todo o protagonismo, o grupo Manhattan novamente e tamén Mestura de Nete darán o toque musical ao xantar, que se desenvolverá servido polo catering Chao da Brea. A organización lembra que o campo estará cuberto con carpa e estará dotado con calefacción. Celebraranse sorteos ao longo de toda a tarde e haberá colchonetas para os máis pequenos. O prazo para retirar os billetes finaliza o 14 de abril.

VILAPEDRE. A Asociación de Veciños de Vilapedre, organiza para o domingo 12 a segunda edición da súa andaina. A xornada comezará ás 9:30 horas cun almorzo para na casa da escola de Vilapedre. Haberá unha andaina longa de 13 quilómetros, difícil e saída ás 10:00 horas, e unha curta de 7 quilómetros de dificultade moderada, que partirá ás 10:30.



- **PODOLOGÍA DEPORTIVA - INFANTIL**
- **CIRURXÍA - DIABÉTICA**
- **GERIÁTRICA - PLANTILLAS**

- **ECOGRAFÍA**

- **TRATAMIENTOS CON LASER**
- **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

- **ÚLCERAS ARTERIALES - VENOSAS**

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLÍNICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12

O Concello completa a obra de rehabilitación da rúa do Rego

O Concello de Vilalba vén de rematar as obras de renovación da rúa do Rego, unha actuación que permitiu completar a mellora desta vía urbana tras a intervención executada previamente no seu primeiro tramo, no acceso desde o cruce coa rúa Plácido Peña.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández, visitaron a zona para comprobar o resultado das obras unha vez finalizadas.

A intervención centrouse no segundo tramo da rúa do Rego, concretamente desde a altura do número 2 ata o final da vía, cun investimento que supera os 47.000 euros.

Os traballos incluíron a retirada do pavimento existente e das beirarrúas para executar unha nova superficie



cunha plataforma única de formigón lavado, nunha área aproximada de 430 metros cadrados. Ademais da pavimentación, o proxecto incluíu a instalación dun sistema para a recollida e condución das augas pluviais. A alcaldesa lembrou que esta actuación forma parte do convenio im-

pulsado dende a Alcaldía coa Deputación, que permitiu mobilizar máis de 260.000 euros en investimentos. Nos próximos meses está prevista a instalación de nova iluminación LED, así como a incorporación de zonas de descanso, completando así a transformación desta vía.

Reabre o parque Rosalía de Castro logo da súa renovación integral

Reabriu ao público o parque Parque Rosalía de Castro despois dunha actuación de renovación integral destinada a modernizar e mellorar este espazo de lecer moi frecuentado polas familias da vila.

A reapertura celebrouse cunha xornada especial na que numerosos nenos, nenas e familias se achegaron ao parque para estreir as novas instalacións. O evento contou ademais cun espectáculo de maxia familiar a cargo do mago Roberto Lolo, que puxo o broche festivo á inauguración.

Coa renovación, o parque preséntase agora como un espazo máis moderno, accesible e agradable, adaptado ás necesidades das familias e



pensado para favorecer o lecer ao aire libre. Desde o Concello sinalan que esta intervención responde a unha demanda da veciñanza e forma parte da aposta municipal por seguir mellorando os espazos públicos.

A actuación supón un novo paso na estratexia do goberno local para reforzar as zonas verdes e de encontro da vila, contribuíndo a facer de Vilalba un lugar máis dinámico e pensado para o desfrute en familia.

Vilalba rende homenaxe a Xabier P. Docampo

Vilalba preparon un completo programa de actividades en homenaxe ao escritor Xabier P. Docampo, que se desenvolverá ata o día 11.

A programación arrincou xa o 16 de marzo coa apertura dunha exposición bibliográfica na Biblioteca Agustín Fernández Paz, centrada nos personaxes da obra de Docampo e elaborada polo alumnado do Basanta Silva. Esta mostra poderá visitarse ata o 12 de abril.

O grosor dos actos terá lugar o día 11, comezando no Muíño do Rañego coa apertura da Polavila e unha conversa sobre a obra *Cando petan*

na porta pola noite, na que participarán distintas voces do ámbito cultural. Ao mediodía celebrarase un acto de recoñecemento a Xabier P. Docampo no Paseo dos Soños, seguido dun xantar.

Xa pola tarde, o Auditorio será escenario dunha lectura pública continuada da obra *A casa da luz*, na que participará a veciñanza, e dunha gala final que reunirá música, poesía e teatro. Durante este acto intervirán diversas figuras do ámbito cultural e escénico, incluíndo unha representación teatral e actuacións musicais.

VA pide á Xunta que resolva as axudas do agro para novas incorporacións

Vilalba Aberta volve tomar a iniciativa ao respecto dos problemas do rural. A formación municipalista vén de anunciar o rexistro dunha iniciativa pensada para salvaguardar o relevo xeracional das granxas e explotacións das parroquias do Concello.

Así o explicou o seu voceiro municipal e Vicealcalde de Vilalba, Modesto Renda, quen contextualizou a moción que defenderá no Pleno da urxencia de "instar á Xunta de Galicia a rectificar na súa idea de non resolver as axudas de incorporación e plans de mellora de 2025 e xuntalas coas convocatorias de 2026 e 2027." "Preto do 70% das persoas titulares de granxas xubiláanse nos próximos anos e a previsión é que as incorporacións cubran tan só o 5%. Diante

deste contexto, que fai a Consellería do Medio Rural? Non resolver as axudas para novas incorporacións", denunciou.

Así, dende Vilalba Aberta trasladárase ao Pleno a preocupación sobre que vai pasar con todos eses veciños/as gandeiros, agricultores e produtores que pediron a incorporación en 2025, que organizaron a súa vida contando con esa axuda sempre anual, que xa fixeron importantes investimentos económicos contando con esa axuda sempre anual, que tiveron que coller a granxa por xubilación, etc... mais tamén que pode pasar no futuro, isto é: que as persoas que solicitaron en 2025 se atopen con impedimentos para poder solicitar en 2026 ou que non se cumpran os requisitos.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 · 608 938 993

A biblioteca convoca un novo curso de marcapáxinas

A Biblioteca Enrique Rivera Rouco convocou o IV Concurso de Marcapáxinas, unha iniciativa que se organiza con motivo da celebración do Día do Libro, co obxectivo de fomentar a creatividade e o gusto pola lectura entre a veciñanza máis nova.

Nesta edición, o concurso leva por título "Misterio na Biblioteca", unha temática inspirada no 50 aniversario do pasamento de Agatha Christie. A proposta convida ás persoas participantes a deixar voar a imaxinación a través de ilustracións que poden incluír detectives, pistas ocultas, enigmas ou libros cheos de segredos.

O certame establece cinco categorías de participación: infantil; primeiro ciclo de primaria (1º e 2º curso); segundo ciclo de primaria (3º e 4º); terceiro ciclo de primaria (5º e 6º); e unha categoría especial dirixida a persoas con diversidade funcional. O prazo de presentación permanecerá aberto ata o 15 de abril de 2026, e os traballos deberán entregarse na Biblioteca. A entrega de premios celebrárase o 23 de abril.

Organizan un cinefórum os xoves do mes de abril

O Concello das Pontes organiza un novo ciclo de cinefórum durante o mes de abril. O calendario de proxeccións é o seguinte: o 9 de abril proxectarase *La biblioteca de los libros rechazados*; o 16 de abril, *La chica del tren*; o 23 de abril, *El guardián invisible*; e o 30 de abril, *La niebla y la doncella*. Todas as sesións comezarán ás 20:30 horas na Casa Dopeso.

A actividade está aberta ao público en xeral, sen necesidade de inscrición previa, e representa unha oportunidade para gozar do cinema en compañía e debater sobre cada filme proxectado.



A Universidade Sénior da UDC arranca con máis de 80 participantes

Inaugurouse na Casa Dopeso a oitava edición do Programa de Democratización do Coñecemento da Universidade Sénior da Universidade da Coruña, unha iniciativa formativa dirixida a persoas maiores de 50 anos. Nesta nova edición participan un total de 86 persoas.

A Universidade Sénior, o programa universitario para maiores de 50 anos da Universidade da Coruña, pon así en marcha unha nova edición desta proposta educativa específica, que conta co financiamento da Xunta de Galicia e coa colaboración do Concello das Pontes de García Rodríguez.

As sesións desenvolveranse durante os meses de marzo e abril na Casa Dopeso. O programa estruturase en tres módulos temáticos compostos por sesións teóricas impartidas por profesorado da Universidade da Coruña. As actividades celebráronse dous días á semana, en horario de 17:00 a 19:00 horas, e abordarán unha ampla variedade de cuestións de interese social, cultural, científico e sanitario.

Ao acto de inauguración asistiron a subdirectora da Universidade Sénior, Elena Arce Fariña, e a concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación, Tania Pardo Cabarcos.

O programa comezou co módulo de Humanidades e Ciencias Sociais, que inclúe as sesións "O xigante esperto: China, a gran descoñecida", impartida por Iván Nieto Cerdeiriña o 9 de marzo; "Arte de vangarda: manual de instrucións", a cargo de Fernando Agrasar Quiroga o 11 de marzo; e "A xustiza penal en España: mitos e realidades", impartida por Eva Mª Souto García e J. Antonio Ramos Vázquez o 16 de marzo.

O segundo bloque, dedicado ás Ciencias da Terra e á Tecnoloxía, desenvolverase coas sesións "A revolución dixital na xestión da auga", impartida por Antonio J. Díaz Longueira o 23 de marzo; "O coche do futuro moverase con hidróxeno?", a cargo de Socorro Castro García o 25 de marzo; e "Energías renovables e transición ecolóxica: o papel da cidadanía", impartida por José Antonio Cortés Vázquez o 6 de abril.

O programa completárase co módulo de Ciencias da Vida e da Saúde, que inclúe as conferencias "Cerebro: memoria, sono e rock and roll", impartida por Casto Rivadulla Fernández o 7 de abril; "Evolución ou extinción: eu decido", a cargo de Esther Fernández Fernández o 8 de abril; e "Cambio climático: causas, consecuencias e solucións", impartida por Salvador Fojón Polanco o 13 de abril.

A música de Marcial del Adalid volve soar no ano do seu bicentenario

A música de Marcial del Adalid volverá soar con especial forza este ano na provincia coa posta en marcha do ciclo *Marcial del Adalid. Piano a catro mans*, promovido pola Deputación da Coruña no marco do bicentenario do seu nacemento. A proposta estará nas Pontes o 27 de abril da man do dúo Scaramouche, formado por Javier Ares e Jorge Briones.

A iniciativa chega nun momento de clara reivindicación da figura do compositor. A Real Academia Galega de Belas Artes está a desenvolver ao longo de 2026 un programa mensual de actividades polo seu bicentenario e lembra que Adalid naceu na Coruña o 24 de agosto de 1826 e morreu en Lóngora, en Oleiros, o 16 de outubro de 1881.

A esa recuperación súmase tamén a Orquestra Sinfónica de Galicia, que ten programada para o 1 de

maio no Palacio da Ópera a interpretación de 'Galicia-Marcha Triunfal'.

O ciclo presentado pola Deputación pon o foco nunha parte esencial da súa produción, a escrita para piano a catro mans, un formato moi ligado á vida musical do século XIX e á dimensión social da interpretación doméstica.

A documentación dixital da Real Academia Galega permite comprobar a entidade dese repertorio, no que figuran obras como a *2ª Sonatina Op. 23*, as *3 Marches pour Piano à quatre mains Op. 2*, o *Andantino*, *Minuetto e Trio* e a *Marche Funèbre Op. 3*. Segundo a información difundida arredor do proxecto, o programa combinará pezas de carácter máis íntimo con outras de maior desenvolvemento formal, ofrecendo unha visión ampla desta vertente do autor.

A quinta Mostra de Teatro Amador presenta tres obras máis este mes

O Concello das Pontes, en colaboración cos grupos locais O Catre Teatro e Quemaisten Teatro, organiza a V Mostra de Teatro Amador, unha iniciativa cultural que busca poñer en valor o talento do teatro afeccionado e achegar as artes escénicas á veciñanza.

A mostra arrancou o sábado 28 de marzo e desenvolverase no Auditorio Municipal Cine Alovi todos os sábados ata o 25 de abril, con funcións ás 20:00 horas.

O 11 de abril será a quenda de *Los hombres no mienten* (+18), da compañía Teatro Andanzas, de Viveiro. Nesta peza de ton cómico e irónico, abórdanse as relacións de parella, os segredos e as pequenas mentiras do día a día, ofrecendo unha mirada crítica e divertida sobre as dinámicas afectivas e as contradicións humanas.

A terceira representación terá lugar o 18 de abril con *Estes vellos saben moito... ou non* (TP), a cargo do grupo Os Pícaros da Lagoa, de Alfoz. A obra presenta unha historia protagonizada por un grupo de persoas maiores que, entre lembranzas, confidencias e situacións inesperadas, amosan que a experiencia da vida pode ser tan sabia como imprevisible, nunha comedia chea de humor e tenrura.

A mostra pecharase o 25 de abril coa obra *O que calamos* (+16), da compañía Denigrantes Comediantes, de Nigrán. Nesta proposta escénica abórdase, desde unha perspectiva crítica e emotiva, todo aquilo que moitas veces queda sen dicir nas relacións persoais e sociais, convidando ao público a reflexionar sobre o peso dos silencios e das emocións ocultas.

ATA TABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA LAS COMBINACIONES
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS FRESCAS DE VERDAD
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS FRESCAS DE VERDAD
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
PASTAS FRESCAS DE VERDAD
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516550

As Pontes une forzas coa Oficina Rural para impulsar o sector

O alcalde, Valentín González Formoso, e a concelleira de Promoción Económica, Elena López, mantiveron unha reunión co xefe de sección da Oficina Rural Comarcal, Alejandro Martínez, co obxectivo de fortalecer a coordinación institucional e avanzar en novas vías de colaboración en favor do sector primario.

Durante a xuntanza, ambas partes puxeron en valor a boa sintonía existente e a vontade compartida de manter unha colaboración estable e continuada que permita dar resposta ás necesidades do territorio, especialmente no ámbito rural.

Neste contexto, desde o Concello destacou o potencial do municipio, caracterizado por un elevado número de explotacións prioritarias e por unha crecente incorporación de xente moza ao sector primario, factores clave para garantir a remuda xeracional e a sustentabilidade da actividade agraria.

Así mesmo, fíxose balance das accións formativas desenvolvidas no municipio, entre as que destacan os cursos de aptitude empresarial agra-



ria dirixidos á mocidade, organizados pola Consellería do Medio Rural, así como accións formativas específicas para a incorporación en explotacións de carne e no ámbito da apicultura, cunha acollida moi positiva.

Na mesma liña, abordouse a organización dunha xornada específica sobre o acceso á terra, na que se tratarán cuestións clave como a propiedade xurídica, o catastro e outros aspectos administrativos e legais fundamentais para facilitar a posta en marcha ou ampliación de explotacións agrarias.

Durante o encontro tamén se puxo en valor o papel de entidades de referencia como a Casa do Mel, fundamentais para dinamizar o sector, promover os recursos locais e consolidar o posicionamento do municipio como un territorio con amplas oportunidades de desenvolvemento rural.

Ambas partes coincidiron na importancia de seguir avanzando nun traballo coordinado que contribúa a fortalecer o tecido produtivo local e a aproveitar ao máximo o potencial do medio rural.

Supervisan a obra da residencia de saúde mental de Ferrolterra

O presidente da Deputación da Coruña e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, visitou as obras da futura residencia de saúde mental que a Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegá constrúe no municipio pontés, un proxecto que conta co apoio económico da Deputación da Coruña cunha achega de 500.000 euros.

O centro, situado nunha parcela de preto de 2.700 metros cadrados no lugar de Feáns, nas inmediacións da Fraga, terá capacidade para 25 persoas.

O presidente provincial destacou a importancia social desta iniciativa, que permitirá cubrir unha carencia histórica na comarca. "Trátase dun proxecto que ilusiona a toda unha comarca para mellorar a atención ás persoas con problemas de saúde mental nun territorio de 21 concellos no que, ata agora, non existía unha residencia destas características", sinalou.

Formoso subliñou tamén o valor da colaboración institucional que fai posible este proxecto, no que participan diferentes administracións públicas- Deputación da Coruña, Concello das Pontes, Xunta de Galicia e Goberno de España- xunto coa entidade social promotora. "Este centro é un exemplo de cooperación entre administracións e sobre todo



da ilusión, a forza e a determinación dunha entidade que foi capaz de convencernos da necesidade deste proxecto e de arriscar tamén personalmente, porque parte da financiación é das propias familias", destacou.

"Para a Deputación e Concello das Pontes é unha satisfacción contribuir a facer realidade un servizo tan necesario para toda a comarca", afirmou Formoso, que destacou ademais que a posta en marcha da residencia suporá tamén un impacto positivo no emprego local, coa creación de arredor de vinte postos de traballo especializados vinculados á atención sociosanitaria.

Pola súa banda, o presidente da Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegá, Félix Pena, agradeceu o apoio da Deputación e destacou que

a futura residencia permitirá ofrecer un modelo de atención centrado na persoa, orientado á autonomía e á integración comunitaria das persoas usuarias.

"Prevedemos que o centro entre a funcionar a partir de xaneiro de 2027 e vansen ocupar todas as prazas porque existe unha demanda moi importante", afirmou o presidente da entidade, que explicou a necesidade que teñen as familias dun centro coma este, "que será o cuarto centro en Galicia destas características".

A nova Unidade Residencial funcionará cun modelo similar ao dun fogar tutelado, favorecendo unha convivencia normalizada nun entorno próximo a instalacións deportivas, culturais, ao centro urbano e a espazos naturais.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

<p>C/ Galicia, Villalba Piso 3 Dorm 2 Baños 95 m² 119.000 € Tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad, un trastero y una plaza de garaje en el bajo del mismo edificio. Está situado entre el centro y la zona escolar..</p>
<p>O Picoucelo, Xermade Casa 3 Dorm 1 Baño 180 m² 75.000 € En la parroquia de Candamil, casa con fachada en piedra, a reformar. Dispone de garaje y varios alpendres alrededor de la misma, agua municipal. Parcela de unos 7700 m². de la cual se podría segregarse una parte para hacer otra vivienda, al estar en núcleo rural.</p>
<p>Ronda de la Muralla, Lugo Local 96 m² 180.000 € Próximo al edificio de la Xunta. Local en bruto, superficie útil en planta de 48 metros cuadrados con altura de de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso con una superficie total en torno a los 100 m². Tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio. También se vende por 4800 euros más una plaza de garaje pequeña, ubicada en la calle Alta, a unos 200 metros del local.</p>
<p>C/ Serra de Ancares, Avda. de A Coruña - Paradaí, Lugo Piso 4 Dorm 3 Baños 240 m² 229.000 € En las proximidades de la muralla y muy cerca del edificio de la Xunta se vende dúplex de 240 m². En la planta baja se encuentra un gran salón, cocina con comedor, escaleras y un cuarto baño. En la planta superior hay cuatro dormitorios, dos baños, un hall, pasillo y una terraza amplia. Se vende totalmente amueblado. Incluye una plaza de garaje. Existe la opción de separar las dos plantas como pisos independientes y que tienen referencia catastral distinta y puertas de acceso propias.</p>
<p>Cuesta Lugar Veiga-Pq, Villalba Casa 4 Dorm 1 Baño 260 m² 60.000 € En la parroquia de San Simón, se vende casa independiente con fachada en piedra, de unos 260 m² repartidos en dos plantas. Precisa amplia rehabilitación. Adosada a la casa hay una palleira de unos 58 m² y un horno. Finca de unos 5600 m². La vivienda dispone de luz y agua de pozo. Pasa la troida de agua en las proximidades de la casa.</p>
<p>C/ Conde Pallares, Villalba Casa Adosada 2 Dorm 1 Baños 150 m² 17.000 € Se vende casa, para reformar, de planta baja y piso de unos 150 metros totales. Esta situada a escasos metros del centro.</p>
<p>C/ Conde Pallares, Villalba Casa Adosada 4 Dorm 2 Baños 295 m² 60.000 € Se vende casa adosada a reformar. Certificación energética en trámite. Parcela de 444 m²</p>
<p>Cabreiros, Xermade Casa 4 Dorm 1 Baño 200 m² 48.000 € En el lugar de San Martín, parroquia de Cabreiros, municipio de Xermade [Lugo], se vende vivienda rural a reformar, adosada a otra vivienda. Finca de 4600 m² con dos construcciones de índole agrícola y un pozo.</p>
<p>Distriz, Villalba Casa 4 Dorm 1 Baño 260 m² 100.000 € En el lugar de Currás, parroquia de Distriz, municipio de Vilalba [Lugo] Casa rural independiente. La mitad se encuentra sin acondicionar pero tiene placa de hormigón. En la otra mitad hay 4 dormitorios, sala, un baño y cocina. Finca de 4.300 m² con varias construcciones y almacenes</p>
<p>Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo) Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo) Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720</p>
<p>www.rocabogados.info www.inmobiliariajroca.es</p>

A bioplanta de fibra reciclada recibe 24,7 millóns de euros

O proxecto da bioplanta de fibra reciclada branqueada que a empresa Ence impulsa no municipio das Pontes foi seleccionado provisionalmente para recibir unha axuda de 24,7 millóns de euros dentro da liña 4 do PERTE de Descarbonización Industrial promovido polo Ministerio de Industria e Turismo, segundo informou a propia empresa nun comunicado.

Aa iniciativa contará cunha subvención de 24.691.726 euros no marco da convocatoria de axudas destinadas a instalacións manufactureiras altamente eficientes e descarbonizadas correspondente ao ano 2025, segundo o listado provisional de solicitudes estimadas publicado polo Ministerio.

A planta pretende ser unha instalación pioneira a nivel mundial dedicada á produción de fibra reciclada branqueada a partir de papel e cartón recuperados. A través deste proceso, a compañía busca

dar unha segunda vida a estes materiais, apostando por un modelo baseado na economía circular e na redución do impacto ambiental.

O proxecto obtivo o pasado mes de agosto a Autorización Ambiental Integrada por parte da Xunta de Galicia, un paso considerado clave para o desenvolvemento da iniciativa e para a súa posta en marcha.

A empresa destaca entre as súas características o feito de que non empregará madeira como materia prima, senón que utilizará exclusivamente papel e cartón reciclado. Ademais, o seu deseño contempla un consumo mínimo de auga e a utilización de tecnoloxías orientadas a reducir o impacto ambiental da actividade industrial.

A instalación tamén apostará pola autosuficiencia enerxética, xa que funcionará con enerxía renovable xerada a partir de subprodutos da industria forestal local, sen recorrer a combustibles fósiles.

Proxéctase unha nova fase de rehabilitación da pista do Bidueiro

O Concello das Pontes proxecta a pavimentación da pista do Bidueiro (terceira fase), situada na parroquia de San Xoán do Freixo, no termo municipal das Pontes de García Rodríguez, unha actuación que será financiada pola Deputación da Coruña a través do Plan de Obras e Servizos (POS) 2026, cun investimento de 74.200 euros.

Trátase dun viario de elevada circulación que conecta a estrada autonómica cos núcleos do Caxete, A Casa da Bouza, Merlán e as Lamelas, polo que a intervención ten como obxectivo principal mellorar a seguridade

viaria e as condicións de desprazamento da veciñanza.

As obras previstas inclúen a reparación localizada das patoloxías do firme, o varrido da calzada, a reposición puntual das fochas con mestura bituminosa e o estendido dunha capa de aglomerado asfáltico en quente de 5 cm de espesor.

Ademais, realizarase a limpeza e reperfilado das marxes e cunetas cunha capa de saburra para evitar o chanzo producido polo recrecido do firme, completando a intervención coa sinalización horizontal e vertical necesaria.

Reabre ao tráfico a avenida de Galicia trala súa remodelación

A Avenida de Galicia reabre ao tráfico rodado tras a finalización das obras correspondentes á cuarta fase do proxecto de renovación de pavimentos e servizos, unha actuación que permite culminar a transformación integral dunha das principais vías do municipio.

O proxecto, financiado integramente pola Deputación da Coruña a través do POS (Plan de Obras e Servizos), contou cun orzamento de 277.173 euros e permitiu completar a transformación integral da Avenida de Galicia, consolidando o proceso de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade iniciado nas fases anteriores, nas que tamén se incluíu a renovación da Praza do Hospital.

A actuación permitiu eliminar os desniveis existentes entre a calzada e as beirarrúas, mellorando a accesibilidade e facilitando a mobilidade peonil. Ademais, renovouse o sistema de iluminación pública coa instalación de novos farois e captafaros LED nos pasos de peóns, reforzando a seguridade viaria. Os traballos incluíron a separación da rede de drenaxe de augas pluviais da de saneamento, a renovación do firme da calzada e das beirarrúas con materiais estéticos e funcionais, así como a substitución das antigas varandas por outras de aceiro inoxidable.

Na zona de rodadura e nos espazos de aparcamento aplicouse formigón bituminoso con acabado decorativo no aglomerado. A intervención completouse coa finalización de parte da balaustrada, a instalación de novo mobiliario urbano —papeleiras, bancos e xardineiras—, a colocación de alcorques para árbores e a reposición da sinalización vertical e horizontal.

AVENIDA DA HABANA. O Concello continúa avanzando nas obras de mellora de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, no tramo comprendido entre o número 99 e o cruce coa rúa Cabanas, no centro urbano da vila, que se están a desenvolver a bo ritmo.



Esta mesma semana, o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, visitou a zona para comprobar de primeira man o estado dos traballos, destacando o bo avance da actuación e a importancia desta intervención para mellorar a calidade urbana e a seguridade da veciñanza.

As actuacións, adxudicadas á empresa Cholo S.L., contan cun orzamento de 166.538,11 euros, financiados con fondos da Deputación da Coruña. O obxectivo principal é reforzar a seguridade viaria dos peóns mediante a renovación integral das beirarrúas e a substitución das instalacións de saneamento e iluminación, actuando sobre ambas marxes da rúa.

A obra contempla a execución dunha nova rede separativa de pluviais, mediante canalizacións de PVC de alta rixidez, así como a instalación de sumidoiros, arquetas e elementos de recollida que se conectarán ás redes existentes.

Así mesmo, renovarase a iluminación pública con tecnoloxía LED, mediante a instalación de novos báculos de 7 metros con luminarias de estrada e

paseo, garantindo unha iluminación máis eficiente e sustentable.

O proxecto inclúe tamén a reconstrución completa das beirarrúas con materiais de calidade, accesibles e acordes coa estética da contorna, así como a creación dunha plataforma única para mellorar a accesibilidade e a mobilidade peonil. A calzada será pavimentada cunha nova capa de aglomerado en quente, favorecendo a drenaxe cara aos sumidoiros.

Ademais, dotarase a zona de novo mobiliario urbano, como papeleiras e xardineiras de madeira tratada, e realizarase a sinalización horizontal necesaria, incluíndo pasos de peóns e prazas accesibles.

Tamén levará a cabo as obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa Presa de Alende, unha actuación incluída no Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación cun investimento total de 239.359,21 euros.

Esta intervención ten como obxectivo a reurbanización e mellora integral da vía, mediante a renovación dos pavimentos, dos servizos urbanos e do alumeadado público, así como a reorganización funcional do tráfico.



Amigos das Pontes protestan contra a localización do crematorio

A asociación Amigos das Pontes presentou este xoves no Concello das Pontes unha solicitude formal para a clausura e traslado do crematorio de cadáveres humanos situado na rúa Hermanos Tojeiro. A entidade, que promove esta protesta veciñal, considera que a instalación incumprirá a normativa vixente e afecta á calidade de vida do entorno.

O escrito solicita o cesamento da actividade do crematorio xestionado pola empresa San Roquiño, que leva funcionando nos últimos dous anos nesta rúa do casco urbano. Desde a asociación sosteñen que a instalación debe abandonar o seu emprazamento actual para cumprir coa normativa autonómica que regula este tipo de infraestruturas.

A petición baséase no decreto que establece que os crematorios deben situarse a unha distancia mínima de 200 metros do solo urbano. Segundo explican desde Amigos das Pontes, o actual forno crematorio non respecta esa distancia, polo que reclaman ao Concello que adopte as medidas necesarias para garantir o cumprimento da lei.

Na documentación presentada tamén se fai referencia a diversas sentenzas xudiciais que cualifican a cremación de cadáveres humanos como unha actividade potencialmente molesta, o que xustificaría o seu afastamento das zonas residenciais.

Os promotores da protesta sinalan que este tipo de instalacións poden xerar emisións, cheiros e molestias. Segundo indican, estas cuestións xa foron analizadas no informe técnico solicitado polo Concello o pasado ano, ao que engaden o impacto psicolóxico e social que, ao seu xuízo, provoca unha infraestrutura destas características na contorna.

Presentáronse 36 proxectos para deseñar a futura Casa dos Maiores

A Deputación da Coruña continúa avanzando no desenvolvemento das Casas de Acompañamento ás Persoas Maiores (CAM), o novo modelo de residencias públicas de maiores impulsado polo goberno provincial e un dos proxectos estratéxicos da institución en materia social para os vindeiros anos. O concurso de ideas para a CAM Pardo Bazán das Pontes vén de rexistrar unha alta participación, cun total de 36 proxectos presentados.

Este dato púxose de relevo na reunión celebrada na Deputación da Coruña pola comisión político-técnica encargada de supervisar o desenvolvemento destes proxectos. Durante o encontro constituíuse o xurado que será o encargado de avaliar as propostas presentadas, iniciando así a fase de análise técnica das ofertas. A resolución do concurso está prevista para o mes de xuño.

“A elevada participación evidencia o interese que esperta este modelo pioneiro de atención ás persoas maiores, baseado en centros próximos e pequenos con distintas unidades de convivencia, integración coa contorna e atención centrada na persoa. Un modelo afastado das grandes residencias tradicionais”, explicou o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, á saída da reunión.

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, destacou que “seguimos dando pasos firmes para facer realidade este novo modelo residencial que pon ás persoas no centro, favorece a súa autonomía e que podan mater os seus vínculos coa comunidade”.

UN NOVO MODELO. As Casas de Acompañamento ás Persoas Maiores (CAM) son unha das principais apostas da Deputación para trans-



formar o modelo de atención residencial na provincia. Fronte ás grandes residencias actuais, este proxecto propón centros de menor tamaño, organizados en unidades de convivencia que funcionan como pequenos fogares, onde se respectan os ritmos, hábitos e preferencias das persoas residentes.

Cada centro estará deseñado para favorecer a vida cotiá nun entorno accesible, acolledor e integrado no territorio, con espazos comúns como salas de estar, comedor ou cociña, así como áreas destinadas a actividades terapéuticas, sociais e culturais. A arquitectura e o deseño destes equipamentos buscan afastarse da estética institucional ou hospitalaria para crear ambientes máis próximos e familiares.

Outro dos piares fundamentais do modelo é a apertura á comunidade, evitando o illamento das persoas maiores e promovendo a súa participación na vida social. As CAM contarán con espazos para a convivencia coas familias e coa veciñanza, fomentando relacións interxeracionais e reforzando os vínculos co entorno, así como a posibilidade de dispor de hortas para cultivos e incluso de convivir con animais de compañía.

DEMOLICIÓN. O Concello continúa avanzando nos traballos de demolición do antigo Colexio Pardo Bazán, iniciados hai unhas semanas, unha actuación clave para habilitar a parcela na que a Deputación da Coruña construírá a futura Casa de Acompañamento a Persoas Maiores.

Esta intervención, cun orzamento de 400.205 euros, afecta a un conxunto arquitectónico composto por dúas edificacións diferenciadas: o edificio orixinal, situado na esquina das rúas Pardo Bazán e Calderón de la Barca, construído con muros portantes de dobre fábrica de ladrillo, estrutura horizontal de madeira maciza de castiñeiro e cuberta de lousa; e unha ampliación posterior executada en formigón armado, con forxados unidireccionais, cubertas inclinadas sobre estruturas metálicas e de madeira, ademais dunha zona de gimnasio parcialmente soterrada.

Os traballos estanse a desenvolver conforme ao plan previsto, que contempla unha demolición progresiva de arriba abaixo e estruturada en dez fases. Tras a revisión previa e corte de todos os subministros, procedeuse á retirada de elementos como cubertas, carpinterías e estruturas metálicas, para facilitar o desentullo.

Aberto o prazo de solicitude para a escola A Barosa

O Concello das Pontes mantén aberto o prazo de solicitude de novo ingreso para o curso 2026-2027 na Escola Infantil Municipal A Barosa.

As persoas interesadas deberán achegarse ao centro para recoller o sobre coa documentación necesaria para a súa tramitación. O horario de atención será de luns a venres, de 10:30 a 13:00 horas.

Unha vez completada, cada familia deberá presentar a documentación no Rexistro Xeral do Concello das Pontes, solicitando previamente cita nos teléfonos 674 55 21 84 ou 667 12 93 80. Tamén poderá realizarse o trámite a través da sede electrónica do Concello das Pontes.

Para máis información, recoméndase contactar directamente co centro.

O Monte Caxado acolle unha mostra de pezas de torno

O Museo Monte Caxado acolle ata o 15 de abril unha exposición de pezas de torno e talla en madeira que pon en valor o traballo artesanal e a tradición vinculada a este material.

A mostra, organizada pola Asociación de Amigos da Madeira, reúne diferentes pezas elaboradas mediante técnicas tradicionais de torno e talla, permitindo ao público achegarse á arte da madeira e coñecer de preto a creatividade e o detalle que caracterizan este tipo de traballos artesanais.

A exposición pode visitarse no primeiro andar do museo desde o 1 de marzo. O horario de apertura é de martes a venres entre as 18.00 e as 19.30 horas, mentres que os domingos e festivos o horario será de 11.30 a 13.00 horas. A entrada realízase mediante achega voluntaria.

constru fer
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

RESTAURANTE PARRILLADA
O'Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

A Deputación aproba o arranxo dunha estrada

Na reunión deste venres a Xunta de Goberno da Deputación provincial deu luz verde á licitación por 305.101,79 euros do arranxo dun tramo de case 11 quilómetros de LU-P-2106, en Friol. Trátase dun proxecto co que a estrada, que conecta este municipio co lugar de Lousado polo de Cimadevila, quedará completamente renovada.

As obras consistirán na reapertura de cunetas, na reparación de danos, na repavimentación e na reposición da sinalización vertical. O

proxecto en un prazo de execución de catro meses.

Pablo Rivera fixo especial fincapé en que “o noso compromiso coa mellora da rede viaria provincial non entende de partidos nin de cores políticas, senón que responde a unha prioridade clara: garantir a seguridade dos veciños e veciñas e asegurar as conexións nos 67 municipios da provincia. Para nós, investir en mobilidade é tamén investir en cohesión territorial”.

AXENDA DE ACTIVIDADES

ESCOLA INFANTIL. Aberto o prazo de preinscrición na escola infantil municipal. Poderán presentar a documentación necesaria para solicitar praza, ou reservar a que teñen do presente curso, as familias con nenos e nenas menores de tres anos, que queiran asistir este próximo curso 2026-2027. Poderán facelo ata o 30 de abril.

DANZA. O sábado 11 de abril, o Centro Sociocultural converterase nun escenario de expresión artística coa celebración anticipada do Día Internacional da Danza, organizada polo veciño e bailarín Jesús

Fagil Rueda. A cita dará comezo ás 19:00 horas e incluírá pezas de diferentes estilos e contarase coa presenza do alumnado e exalumnado do conservatorio Profesional de Danza de Lugo.

CONDES. A Asociación Cultural San Martiño de Condes organizará O 18 de abril a Festa do Costillar ao Espeto. Será a partir das 21:30 horas no local social de Condes. Todo aquel que queira asistir, pode anotarse antes do 12 de abril chamando aos teléfonos de contacto dos diferentes membros da comisión de festexos.

Formalizado o contrato do centro da natureza en San Pedro de Narla

A Xunta formalizou o contrato para executar as obras dun centro de interpretación da natureza na parroquia de San Pedro de Narla, cun investimento de 192.944,17 euros. A actuación forma parte do Plan Hurbe, o programa autonómico co que o Goberno galego colabora cos concellos para impulsar melloras en contornas urbanas, accesibilidade e dotación de equipamentos e servizos públicos.

O contrato foi adxudicado á empresa Construcciones M. Espiño, S.L., que se encargará de levantar esta nova infraestrutura nunha parcela de 1.588 metros cadrados situada na citada parroquia. O proxecto contempla a construción dun edificio de estilo tradicional, en harmonía coas edificacións existentes no

núcleo de Narla. A nova edificación situarase no extremo suroeste da parcela, de maneira que se deixe libre a maior parte do terreo e se respecten as distancias regulamentarias cos lindeiros.

O futuro centro terá un carácter divulgativo e educativo centrado na natureza e no aproveitamento do medio forestal. Entre as actividades previstas inclúense iniciativas para explicar o ciclo das árbores, desde a súa plantación ata a tala e posterior transformación en madeira, así como o proceso de produción de sementes, a creación de hortos ou os coidados forestais. Ademais, o espazo permitirá dar a coñecer ferramentas e utensilios empregados nos traballos do monte e as características dos ecosistemas forestais.

Friol investirá case 350.000 euros en obras de mellora en varias vías

Friol levará a cabo nove obras de mellora de camiños e accesos en diferentes parroquias do municipio cun investimento total de case 350.000 euros. Estas actuacións financiaranse con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2026. Os proxectos inclúen traballos de pavimentación, mellora de firmes, formigonado de accesos e acondicionamento de pistas agrícolas, actuacións que teñen como obxectivo mellorar o estado da rede viaria municipal e facilitar a mobilidade da veciñanza.

Entre as actuacións previstas atópase a pavimentación do acceso no núcleo de Cotá, cun investimento de preto de 36.000 euros. Tamén se executará a pavimentación de accesos aos núcleos de Santa Marta, O Vento e Pereira, na parroquia de Vilalvite, cun orzamento de máis de 47.000 euros.

Outro dos proxectos consistirá na pavimentación de accesos no núcleo de Mazcabelle, na parroquia de Ousá, cun presuposto superior aos 48.000 euros. Ademais, levarase a cabo unha actuación semellante no núcleo de Laguzos, na parroquia



de Cotá, cun investimento de case 42.000 euros.

No núcleo rural de Xiá realizarase unha mellora do firme dos accesos, cun presuposto próximo aos 30.000 euros. Tamén se mellorará o firme nos accesos de Enxeito e Carballo, cun investimento de algo máis de 39.000 euros.

Outra das actuacións previstas é a mellora do firme no acceso a Guldriz de Arriba e os seus ramais, cun orzamento superior aos 48.000 euros.

Na parroquia de Condes, concretamente no lugar de Arriba, executarase un formigonado do acceso a

este núcleo rural, cun investimento aproximado de 14.000 euros.

Finalmente, mellorarase o camiño agrícola que comunica os núcleos de Prado e Casanova, cun presuposto de case 40.000 euros.

As vías nas que se actuará presentan actualmente un estado deteriorado debido ao uso continuado, ao paso de maquinaria agrícola e forestal, ás condicións meteorolóxicas e ao paso do tempo, o que dificulta o tránsito nalgúns tramos. Por iso, estas intervencións teñen como finalidade reparar as deficiencias existentes e prever novos danos.



Licitan a renovación de dous parques infantís

O Concello de Friol vén de aprobar a licitación do proxecto de renovación integral dos parques infantís situados no Parque Rosalía de Castro e no Parque Félix Rodríguez de la Fuente, dous espazos de referencia para o lecer das familias no centro do municipio. A actuación busca modernizar estas instalacións, reforzar a seguridade e garantir a accesibilidade universal, co obxectivo de crear contornas máis inclusivas, sostibles e adaptadas ás necesidades da infancia.

O proxecto conta cun orzamento base de licitación de 165.140,97 euros, dos cales a Xunta de Galicia financia a maior parte, cun-

ha achega de 148.626,87 euros, mentres que o resto será asumido con fondos propios municipais. A intervención prevista abrangue unha renovación completa dos espazos de xogo. Entre as actuacións figura a substitución do pavimento actual por un chan continuo de caucho, unha solución que mellora a absorción de impactos e reduce o risco de lesións entre os menores. Ademais, instalaranse novos xogos infantís fabricados con materiais resistentes e sostibles, deseñados para diferentes idades e con opcións inclusivas. Outro dos eixos principais será a eliminación de barreiras arquitectónicas.

A localidade terá rutas de sendeirismo inclusivo con cans de terapia en abril

A Fundación María José Jove (FMJJ) elixiu o municipio lucense de Friol como destino dentro da súa programación de rutas de sendeirismo inclusivo, unha actividade coa que a entidade pretende facilitar que persoas con mobilidade reducida poidan desfrutar da contorna natural galega.

A proposta da Fundación María José Jove é unha ruta interpretada por Terras de Friol e a Fortaleza de San Paio de Narla. Celebrarase o próximo 19 de abril e os participantes -todas as persoas interesadas poden inscribirse xa, sendo as prazas limitadas- estarán acompañados por cans de terapia.

Trátase dun percorrido de 4,6 quilómetros, de dificultade media-baixa e que concluirá cunha comida na área recreativa de Castro Friulio. A saída será o domingo 19 de abril ás 09.30 horas, desde a residencia universitaria Rialta (A Coruña), e o retorno está programado para as cinco da tarde en transporte adaptado facilitado pola FMJJ.

Sae a concurso o Servizo de Axuda no Fogar

O Concello iniciou o proceso de licitación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) cun orzamento que rolda o millón de euros ao ano, nun contrato que terá unha duración inicial de dous anos e que poderá prorrogarse por outros dous máis. A medida responde á necesidade de garantir a continuidade dun servizo esencial para a veciñanza, tras a decisión da empresa actual de non continuar coa súa prestación.

A licitación contempla unha previsión de arredor de 40.000 horas anuais de atención, o que supón unha cobertura significativa para preto de medio cento de usuarios. Esta cifra inclúe servizos vinculados á dependencia e actuacións en réxime de libre concorrència, adaptándose así ás diferentes necesidades asistenciais da poboación.

Desde o goberno local destacan que o incremento do orzamento está directamente relacionado co aumento da demanda e co maior número de persoas con recoñecemento de dependencia. Este contexto obriga a reforzar os recursos e a garantir unha atención de calidade, asumindo un

maior esforzo económico por parte das administracións implicadas.

No que respecta aos custos, o prezo por hora sitúase en 24,48 euros para os servizos de dependencia e en 25,54 euros no caso da libre concorrència, mentres que as horas extraordinarias ascenden a 27,74 euros. Estas contías inclúen diferentes tipos impositivos segundo o servizo prestado.

O contrato tamén incorpora a subrogación do persoal actual, unha medida que busca asegurar a estabilidade laboral do equipo que desenvolve o SAF. Na actualidade, o servizo conta cunha estrutura composta por persoal de coordinación e auxiliares de axuda no fogar que atenden ás persoas beneficiarias.

As empresas interesadas en optar á xestión do servizo dispoñen dun prazo de presentación de ofertas que se estenderá ata finais do mes de abril. Con esta nova licitación, o Concello de Begonte pretende consolidar un modelo de atención que responda ao crecemento das necesidades sociais e mellore a calidade de vida da súa veciñanza.

Charla informativa sobre produtos de apoio

O Centro de Día, dentro do seu proxecto Escola de Coidadores, e en colaboración co Concello de Begonte convidarán ao veciños da localidade a unha charla informativa sobre produtos de apoio para a vida diaria. A actividade terá lugar

na Casa da Cultura o venres 17 de abril, ás 16:00 horas, e estará a cargo de Mónica Fernández Poupariña, especialista en axudas técnicas. Contarase, ademais con demostracións en vivo dos usos que pode darse aos produtos.

Abre o prazo de inscrición na Escola Infantil Pío Pío para novos ingresos

O Concello de Begonte ten aberto o prazo para inscribirse na Escola Infantil Pío Pío para o novo curso para novos ingresos.

A quenda para a renovación para o alumnado actual xa rematou, e o prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 8 ao 22 de abril e deberá facerse de forma presencial nas oficinas do Concello, de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.30 horas.

As persoas interesadas deberán achegar documentación acreditativa de familia numerosa, monoparental ou acollemento.

Tamén solicitan certificado de nacemento, DNI dos pais e xustificación de ingresos familiares, cartilla de vacinación e tarxeta sanitaria do menor.

Será requisito imprescindible para ser adxudicatario de praza na escola infantil municipal que a unidade familiar solicitante estea empadroada no concello de Begonte para optar á praza. Agás no caso dos fillos/as das persoas traballadoras.

CENTENARIA



O Concello de Begonte sumouse neste mes de marzo á celebración dun aniversario moi especial, o de María Carmen García López, veciña da parroquia de Illán, que acadou os 106 anos de vida. O alcalde, José Ulla e a concelleira de Cultura, Sonia Varela, fixéronlle entrega dun agasallo.

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Riotorto: Clemente Iglesias González

“O meu obxectivo é seguir tendo o apoio e recoñecemento dos meus veciños e seguir sendo alcalde”

O rexedor da localidade defínese a el mesmo como impulsor de proxectos sociais, deportivos e culturais que melloran a vida dos veciños, mantendo un Goberno próximo e dialogante

Como se vinculou ao seu partido?

No ano 207 afilieime o Partido Popular da man do alcalde Castrín, estiven axudándolle moitos anos dende que entrei no concello no ano 1999. No ano 2011 presentéime por primeira vez como candidato a Alcaldía, non obtendo a maioría absoluta por tan só 3 votos. Esa derrota fíxome aínda máis forte e seguí loitando para gañar a confianza da xente, cousa que conseguín no ano 2015 accedendo a Alcaldía.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno?

Pois a verdade é que perdes tempo de estar cos teus, de facer cousas na casa pero intento compaxinar a enorme dedicación que tes na alcaldía cos compromisos, actos políticos e estar coa familia e amigos.

E beneficios?

Síntome con unha enorme satisfacción cando consigo levar proxectos adiante que demanda a cidadanía. Proxectos que melloran o día a día da poboación, máis e mellores servizos, en definitiva e gratificante poder axudar a que os veciños e veciñas de Riotorto teñan unha mellor calidade de vida.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

A política local é moi difícil xa que estas en contacto directo a diario coa xente, pero tamén é a máis agradecida, estou cómodo e sei desenvolverme ben neste terreo. A proximidade, a honestidade e a insistencia en pedir recursos son valores que me caracterizan e que a xente o final valora. Son moi teoz e ata que o consigo non paro. O meu obxectivo é seguir tendo o apoio e recoñecemento dos meus veciños e seguir sendo alcalde do meu pobo, que é o que me gusta.

E como Goberno de cara á próxima lexislatura?

Poñer en marcha e en funciona-

mento a residencia da terceira idade, que agora mesmo está en construción. 37 veciños/as de Riotorto poderán dispoñer deste servizo tan demandado e que xerará en torno a 15 empregos directos e unha actividade económica en torno a este recurso.

Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable?

Penso que son unha persoa dialogante e que podería chegar a acordos si foran necesarios con outros grupos políticos, intento sempre buscar o máximo benestar para o pobo independente de quen propoña eses proxectos.

Defendo e defenderei os intereses dos meus veciños por encima das siglas.

A veces a oposición é boa para facer propostas e proxectos benéficos para o territorio pero sinceramente si me dan a escoller prefiro gobernar cos meus concelleiros en maioría absoluta.

Cales son as principais liñas do seu programa?

O pilar fundamental do noso programa son os servizos sociais e asistenciais, a posta en marcha da residencia da terceira idade, mellorar e incrementar os servizos de axuda no fogar, servizos de podoloxía, nutrición.... E de conciliación familiar.

A mellora dos accesos aos núcleos de poboación, xerar emprego, a mellora de locais sociais, proxectos de saneamento e abastecemento, promoción turística do municipio e poñer en valor os produtos da zona son os nosos obxectivos na vindeira lexislatura.

EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar.

50, casado e con 2 fillas.

Profesión e formación.

Licenciado en Economía Financeira.

Que quería ser de cativo?

Futbolista ou médico.

Que fai para desconectar?

Comer cos meus amigos e familia.

Unha virtude e un defecto.

Honestidade, humildade, responsabilidade e proximidade. Ser a veces algo impulsivo.

Un consello para compartir.

Nunca usar a violencia, e en caso de discusión, ser educado e nunca chegar as mans.

Un libro.

Don Quixote.

Unha película.

Titanic.

Un grupo de música.

Camela.

Unha afección.

Facer sendeirismo.

Un lugar que visitar.

Conxunto etnográfico do Mazo da Fraga.

Unha comida e unha bebida.

Ovos fritos con patacas e Coca Cola.

Unha personaxe admirada.

Bill Gates.

Unha posesión prezada.

Os valores que me inculcaron.

Un desexo.

Paz no mundo.

Algo para esquecer.

Os conflitos mundiais e as guerras.

Que é o que máis valora nunha persoa?

Sinceridade e responsabilidade.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Cando me acompaña a familia en actos públicos nos que participo.

Usa redes sociais e WhatsApp?

Si, Whasapp e Facebook.

Un desafío pendente.

Contentar a toda a xente coas decisións e proxectos que se realizan.

Onde se ve en cinco anos?

Gustaríame verme como alcalde do meu pobo.



Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

As demandas fundamentais son as relacionadas coa terceira idade, un bo servizo de SAF a residencia de maiores e outros recursos postos a disposición deste colectivo. A mellora das vías municipais, a prestación de servizos básicos (luz pública, auga e saneamento e a promoción turística do municipio e a posta en valor dos nosos artesáns e dos produtos da zona.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Sen dúbida, hai varios que marcaron unha diferenza importante para a nosa comunidade. Primeiro, conseguir o financiamento necesaria para construír en Riotorto unha residencia da terceira idade con 37 prazas, un proxecto que dá respostas reais ás necesidades da poboación maior. Tamén estou orgulloso da posta en marcha da Casa Niño e das dúas Casas do Maior, que amplían os servizos sociais e fomentan a convivencia interxeracional. No ámbito deportivo, resáltanse a mellora da pista de pádel, da pista multideporte e do ximnasio municipal gratuito, que animan á veciñanza a practicar deporte e manter hábitos saudables. A mellora das estradas municipais, co 75 % das pistas en aglomerado, facilitou o acceso aos distintos núcleos. Ademais, a rede de centros veciñais, incrementada ata 11 escolas con mellores locais e servizos culturais e deportivos, a rehabilitación de tres vivendas de mestres para alugueiro social e a mellora e sinalización das rutas de sendeirismo (muíños, ruta do ferro e Galegos) son proxectos que tamén considero fundamentais e que reflicten o compromiso coa calidade de vida no municipio.



“A política local é moi difícil, xa que estás en contacto directo a diario coa xente, pero tamén é a máis agradecida”

DATOS

HABITANTES: 1.182.

PARROQUIAS: 8.

EXTENSIÓN: 66,33 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.

CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PP e 3 do BNG.

ALCALDE: Clemente Iglesias González do Partido Popular.

VOCEIRA BNG: Vanesa Gómez Lourido.

“Sen dúbida, os proxectos que máis me enchen de orgullo son a residencia da terceira idade, a Casa Niño e as dúas Casas do Maior”

A vila celebra o día 19 a XVII Feira do Ferro cun completo programa

Riotorto acollerá o domingo 19 de abril unha nova edición da Feira de Artesanía do Ferro, que chega á súa décimo sétima convocatoria cun completo programa de actividades pensado para divulgar os oficios tradicionais da forxa e dinamizar a vida cultural e social do municipio. A xornada desenvolverase ao longo de todo o día con demostracións artesás, música, espectáculos e propostas para todas as idades.

A feira abrirá ás 11.00 horas coa apertura oficial do recinto feiral, onde se poderá visitar a exposición de artesanía dos ferreiros de Riotorto xunto con distintos postos de artesáns e produtos do campo. Pouco despois, ás 11.15 horas, comezarán as demostracións de oficios tradicionais, nas que o público poderá

observar de preto técnicas como o cristal tallado e decorado, a olaría, a cestería, o torneado de madeira ou o pirogravado, da man de artesáns especializados procedentes de diferentes lugares.

Ás 12.00 horas terá lugar a actuación do coro de Riotorto, que dará paso ás 12.15 horas á inauguración oficial da XVII Feira de Artesanía do Ferro. O pregón correrá a cargo de Luis Iglesia Besteiro, actor galego de cine, televisión e teatro natural do propio concello.

A partir das 12.30 horas desenvolverase unha das citas máis destacadas da xornada coa demostración en vivo da artesanía do ferro. Nesta actividade participarán diferentes mestres ferreiros, entre eles artesáns de Riotorto, o ferreiro austríaco Frie-

drich Brasmsteidl e o ferreiro compostelán Alberto Leis, ademais de profesionais e centros especializados na interpretación e traballo da forxa, como o de Brun, Navarra, Santiago, A Fonsagrada ou Culleredo. Estas demostracións permitirán ao público descubrir o proceso tradicional de traballo do ferro, desde o quentado na forxa ata o modelado das pezas.

A programación continuará ás 12.45 horas cun obradoiro infantil de ferro pensado para achegar este oficio aos máis pequenos, acompañado da música da Charanga 555 de Lugo e da animación itinerante de Nano Rivas, que ofrecerá un espectáculo con lume e malabares.

Xa pola tarde, ás 16.30 horas, a animación volverá percorrer o recinto coa actuación da Charanga 555 e un



novo espectáculo de lume. Ás 17.00 horas retomarase as demostracións de oficios, nas que participarán novamente ferreiros e artesáns convidados, mostrando diferentes técnicas de traballo relacionadas coa forxa e a madeira.

A xornada rematará ás 19.00 horas cun espectáculo infantil no atrio da igrexa a cargo do Mago Lolo, pensado especialmente para o público

familiar.

Durante o día haberá tamén animación musical a cargo dos gaiteiros de Riotorto e da Charanga 555, mentres que o recinto feiral permanecerá cuberto baixo carpa e contará con degustación de polbo e outros produtos gastronómicos, convertendo a feira nun punto de encontro para veciños e visitantes arredor da tradición artesanal do ferro.

O Concello impulsa un novo servizo de nutrición

O Concello pon en marcha un novo servizo de nutrición dirixido a toda a poboación, co obxectivo de mellorar os hábitos alimentarios e atender distintas necesidades de saúde relacionadas coa alimentación. A iniciativa desenvolverase nas instalacións municipais e contará coa atención da nutricionista clínica Mónica Rodríguez Portela.

Este servizo está orientado a persoas con enfermidades crónicas ou situacións clínicas complexas, así como a pacientes con diabetes, resistencia á insulina ou síndrome metabólico. Tamén se ofrecerá asesoramento para

casos de hipertensión, problemas de colesterol, trastornos dixestivos e situacións de dor crónica, inflamación ou fatiga persistente.

Ademais, o programa inclúe apoio na educación alimentaria e na relación coa comida, prestando especial atención a persoas con longa traxectoria de dietas restritivas e efectos rebote. O obxectivo é promover hábitos saudables sostibles no tempo e mellorar a calidade de vida da veciñanza.

A próxima sesión terá lugar este mércores 22 de abril, cun horario de atención de 10:00 a 14:00 horas.

Lembran a obriga de xestionar as franxas de biomasa antes de xuño

O Concello fixo público un bando no que lembra ás persoas propietarias, arrendatarias, usufrutuaras ou responsables de parcelas situadas nas faixas secundarias de protección a súa obriga de realizar a xestión da biomasa vexetal antes do 31 de maio de cada ano, en cumprimento da normativa vixente de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

O goberno local explica que esta medida se adopta de conformidade co establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e en particular co disposto no artigo 22, referido á xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de protección.

O bando sinala que, de acordo coa normativa vixente, establécese unha franxa de protección de 50 metros desde o límite das edificacións ou dos núcleos rurais. Nesa área, as parcelas deberán manterse libres de biomasa vexetal que poida favorecer a propagación do lume e non poderá existir arboredo das especies piñeiro, eucalipto ou acacia.

Advirte tamén de que, no caso de incumprimento destas obrigas, poderá incoar os correspondentes expedientes sancionadores naqueles supostos nos que resulte competente, sen prexuízo da posible execución subsidiaria dos traballos de limpeza, co repercusión do custo ás persoas responsables.

Abre o prazo de inscrición na casa niño da Croa

A Casa Niño A Croa abriu o prazo de preinscrición para o vindeiro curso. Dito prazo permanecerá aberto ata o 17 de abril e para poder facer a reserva pode contactarse co centro a través de Facebook, no propio edificio, situado na praza das Rodrigas, nos baixos da Casa Consistorial, ou contactar con Azurine no 660 778 459 ou no correo casanidoacroa@gmail.com.

A Casa Niño A Croa é un espazo educativo de atención á infancia dirixido a nenos con idades entre os 3 meses e os 3 anos, mediante o cal se facilita a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Comprende a atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coas idades dos pequenos e a contribución ao seu desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social.

INFRAESTRUTURAS RURAIS



A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, mantivo unha reunión co alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, na que abordaron a posibilidade de abrir novas liñas de colaboración. Durante o encontro, analizaron o impacto do Plan Camiña Rural no municipio, destacando que na convocatoria correspondente ao período 2025-2026 se levou a cabo a mellora do camiño Vilaseca-A Azoreira, cun investimento superior aos 50.000 euros.

Formación NEWTON		CURSO	INICIO	FIN	MODALIDAD
 <p>Rúa Maciñeira Parcela 32, Pol. Sete Pontes 27800 Vilalba (Lugo) - Tlf.: 982 523 238 www.newtonacademia.es</p>		Habilitación para a docencia en graos A, B e C do sistema de formación profesional	25/03/2026	06/08/2026	TELEFORMACIÓN
		Transporte sanitario	15/04/2026	07/10/2026	PRESENCIAL
		Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	23/04/2026	14/09/2026	TELEFORMACIÓN
		Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	29/04/2026	28/09/2026	PRESENCIAL
		Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes	04/05/2026	23/09/2026	TELEFORMACIÓN
		Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	06/05/2026	27/10/2026	PRESENCIAL

MEIRA: Antonio de Dios Álvarez

“A residencia de maiores foi un dos logros máis importantes para o concello”



O alcalde meirego goberna en maioría logo de vencer en 2023, de novo, a unha oposición moi dividida, con 5 partidos en liza. Aínda que goberna agora como socialista tivo unha etapa anterior, na que tamén foi alcalde, na que o fixo baixo siglas independentes

DATOS

HABITANTES: 1.756.
PARROQUIAS: 2.
EXTENSIÓN: 46,9 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 5 do PSOE, 3 do PP e 1 de Ga.S.
ALCALDE: Antonio de Dios do PSOE.
VOCEIRO PP: Óscar Fernández.
VOCEIRO Ga.S: Pablo Corbelle.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
71 anos, casado, pai dunha filla e avó de dúas netas xemelgas
- **Profesión e formación**
Sempre fun comerciante, nun bazar que é legado familiar
- **Que quería ser de maior**
Policía
- **Que fai para desconectar?**
Facer camiñatas rodeado de natureza
- **Unha virtude e un defecto**
A honestidade. Como defecto ser demasiado inquieto
- **Un consello para compartir**
Fai o ben cando poidas, incluso cando ninguén te vexa
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Encántanme as películas de western e como cantantes Rocío Dúrcal e Juan Pardo
- **Unha afición**
Compartir tempo de calidade

- coas miñas amizades
- **Un lugar que visitar**
A parroquia de Meira, en Moaña
- **Unha comida e unha bebida**
Un bo potaxe, xa que me encantan os pratos de culler, e un godello
- **Unha posesión prezada**
A miña familia
- **Un desexo**
Máis paz e empatía neste mundo convulso, fai moita falta escoita e respecto
- **Algo para esquecer**
A impotencia vivida durante a pandemia
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A integridade e a humildade
- **Un desafío pendente**
Facer unha viaxe longa coa miña familia
- **Onde se ve en cinco anos?**
En Meira, desfrutando de máis tempo libre, a carón dos meus

tes para Meira e para os seus veciños.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

A dedicación á política municipal implica renunciar a moito tempo persoal e familiar, xa que é un labor que require dispoñibilidade constante. Ser alcalde non

“A dedicación á política municipal implica renunciar a moito tempo persoal e familiar, xa que é un labor que require dispoñibilidade constante”

entende de horarios e obriga a estar sempre atento ás necesidades da veciñanza. Con todo, é unha responsabilidade que asumo con compromiso, porque considero que traballar polo ben común compensa eses esforzos.

E beneficios?
Sen dúbida, o maior beneficio é poder dedicarme a algo que realmente me gusta e me motiva. Traballar polos meiregos e meiregas, contribuír ao desenvolvemento do concello e ver como Meira medra e se converte nun lugar máis dinámico e con máis oportunidades é unha grande satisfacción persoal e profesional.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

O meu principal obxectivo é seguir exercendo como alcalde



para continuar mellorando Meira. Iso pasa por dotar ao municipio de máis e mellores servizos, impulsar o seu desenvolvemento e garantir unha boa calidade de vida para todos os veciños e veciñas, apostando por un modelo de vila activa e con futuro.

Cales son as principais actuacións previstas?

Neste momento estamos a piques de asinar un convenio para a mellora da EDAR municipal, así como actuacións no polígono industrial, entre elas a separación de augas pluviais e a creación dun novo colector para a recollida de augas industriais con conexión directa á depuradora. Isto permitirá tamén completar a conexión do polígono de Xestur coa rede municipal. No ámbito do solo industrial, estamos en contacto con Xestur para ampliar a oferta existente e facilitar a implantación de novas empresas. Ademais, estamos a traballar en materia urbanística para favorecer a construción de vivenda, especialmente unifamiliar, dada a alta demanda existente no municipio.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Son varios os proxectos relevantes, pero destacaría especialmente a residencia para persoas maiores. Trátase dun servizo fundamental que permite que os nosos maiores estean ben atendidos as 24 horas nun entorno privilexiado como é o parque

Profesor Río Barja, ao tempo que facilita a proximidade coas súas familias. É, sen dúbida, un dos logros máis importantes para o concello.

“Considero fundamental escoitar todas as voces, xa que a diversidade de opinións enriquece o debate político”

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Gustaríame que me percibisen como unha persoa próxima e dialogante, accesible para calquera veciño ou veciña que queira trasladar unha proposta, unha inqueda ou unha necesidade. O meu compromiso é escoitar, analizar cada situación e traballar para ofrecer solucións reais.

Como é a súa relación coa oposición?

A relación cos grupos da oposición é, na miña opinión, correcta e cordial. Considero fundamental escoitar todas as voces, xa que a diversidade de opinións enriquece o debate político. Ao final, todos compartimos o mesmo obxectivo, que é mellorar o noso concello, e nese camiño cada achega é importante.



Modernizan o pavillón cunha actuación de eficiencia enerxética

O Concello de Meira vén de rematar unha intervención destinada a mellorar o rendemento enerxético e as condicións do pavillón polideportivo municipal, unha instalación que acolle actividade durante todo o ano e serve de punto de encontro para numerosas iniciativas deportivas e sociais.

A actuación permitiu renovar o sistema de iluminación, substituíndo as antigas luminarias por outras de tecnoloxía LED, máis eficientes e cun menor consumo enerxético. Esta mellora responde á necesidade de dotar ao recinto dunha iluminación axeitada, xa que anteriormente presentaba carencias neste aspecto. Os traballos tamén incluíron a substitución parcial da cuberta na zona dos vestiarios, onde se instalou un panel tipo sándwich,

así como a renovación da carpintería metálica do acceso principal, que foi cambiada por unha solución en PVC máis moderna e funcional.

Ademais, leváronse a cabo tarefas de mantemento e acondicionamento na fachada traseira do edificio, que incluíron a limpeza, a reparación de danos estruturais e a aplicación dun sistema de impermeabilización para evitar filtracións e mellorar a conservación do inmovible.

O proxecto, cun investimento superior aos 53.000 euros, contou co apoio económico da Xunta de Galicia a través dunha liña de axudas destinada a concellos de menor tamaño. Con esta intervención, o goberno local busca garantir un mellor servizo á veciñanza e avanzar cara a unhas instalacións máis sostibles e eficientes.

O Concello comeza o cobro gradual dos recibos de auga atrasados

O Concello de Meira anunciou que procederá ao cobro dos recibos de auga que quedaron atrasados desde o bimestre de xullo-agosto de 2024 ata xaneiro-febreiro de 2026. A medida foi comunicada a través dun bando asinado polo alcalde, Antonio de Dios Álvarez, no que se explica o procedemento que se seguirá para regularizar a situación da facturación.

Segundo se recolle no documento municipal, a facturación realizarase de maneira gradual para evitar que os usuarios teñan que afrontar nun único recibo o total do consumo acumulado durante ese período. O Concello subliña que en ningún caso se procederá ao cobro de todos os metros cúbicos consumidos nun único recibo.

Para levar a cabo este proceso, a lectura actual dos contadores dividirase en dez períodos diferentes. Desta forma emitiranse dous recibos ao mes ata completar a regularización do servizo. Como exemplo, o bando explica que no mes de marzo se poñerán ao cobro os correspondentes aos bimestres de xullo-agosto e setembro-outubro de 2024, continuando posteriormente co resto dos períodos ata quedar ao día.

Desde o goberno local sinalan que este sistema pretende facilitar o pago aos veciños e garantir unha actualización progresiva da facturación do servizo de abastecemento de auga no municipio.

O anuncio foi publicado en Meira con data do 5 de maio de 2026.

Abre a exposición 'O río que nos move'

Este mércores, día 1 de abril, terá lugar ás 19:00 horas no Espazo Cultural do Centro, en Meira, a presentación da exposición O Río que nos move. Será en canoa polos 317 quilómetros do Pai Miño.

Trátase dunha exposición fotográfica na que se recolle a experiencia de 5 mozos que no ano 1985 crearon a súa propia canoa e descendieron os 317 quilómetros do río Miño, dende o Pedregal ata A Guarda.

Ademais da súa explicación, haberá intervencións de outros convidados coma o profesor Rodríguez Lestegás, que foi colaborador de Río Barja durante o proceso de investigación e recoñecemento do Pedregal de Irimia como nacemento oficial do Río Miño. Esta exposición permanecerá ata o 28 de abril no Centro.

Convocado este mes o Campionato de Tute

O sábado 18 de abril celebrárase o V Campionato de Tute, un evento que reunirá afeccionados a este tradicional xogo de cartas. O torneo comezará ás 19:00 horas no Cabanóns do Convento nun local climatizado.

Contará cun máximo de 32 parellas participantes e os premios para os primeiros postos serán de 750, 350, 200 e 100 puntos respectivamente. Ademais, haberá unha fase de pesca con recompensas de 300, 150 e 100 puntos para os tres primeiros, mentres que o cuarto clasificado recibirá dous lotes de produtos.

A inscrición terá un custo de 100 puntos por parella e incluírá cea. A organización corre a cargo do Meira FC, e para máis información pódese contactar con David no 659 900 432.

CARREIRA SOLIDARIA



Uns 300 deportistas participaron na V Carreira Solidaria Unhas Letras para Avelino, organizada polo IES Pedregal de Irimia, un evento que reuniu ao alumnado, persoal e comunidade educativa nunha xornada deportiva e de solidariedade.



PLAMOBLE

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR

Especialistas en moble modular e agora tamén

DESEÑAMOS A TÚA COCIÑA

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

XLII MOEXMU

Recinto Feiral Manuel Vila

MUIMENTA

LUGO

10, 11

e 12 de

ABRIL

2026



Escanéame!



Deseño: Paula Francos Anlló

Xa se pode facer a inscrición do programa anual Concilia Vacacións

O Concello abriu o prazo para anotarse ao programa de conciliación familiar para as vacacións de verán, que ten o obxectivo de axudar a conciliar a vida laboral e familiar facendo especial fincapé naquelas familias que estean nunha situación de maior vulnerabilidade.

Esta actividade está dirixida a nenos e nenas nados entre os anos 2014 e 2022, é dicir, toda a educación infantil e primaria. Desenvolverase en catro quendas: a primeira do 1 ao 15 de xullo, a segunda do 16 ao 31 de xullo, a terceira do 1 ao 15 de agosto e a cuarta do 16 ao 31 de agosto, pero o programa só estará habilitado os días laborables.

O prazo para anotarse remata o 30 de abril, mentres que o 15 de maio publicarase unha listaxe provisional de persoas admitidas. Unha vez publicada, os participantes terán ata o 15 de xuño para realizar os pagos, publicándose a listaxe definitiva de admitidos o 22 de xuño.

Darase prioridade a aquelas familias nas que os proxenitores estean a traballar e tamén ás familias empadroadas en Guitiriz, ou en situación de especial vulnerabilidade.

O modelo de solicitude e a información poderanse descargar unha vez abra o prazo de solicitudes.

O prezo xeral por cada quenda é de 30 euros e o incremento para acudir en horario extraordinario será de 15 euros por quenda, podendo anotarse a todas as que se precisen. Ademais, haberá bonificacións por razóns sociais ou benéficas para familias con ingresos inferiores ao 50% do IPREM ou cando se careza de ingresos.

Abre o prazo de matrícula na Escola Infantil municipal

Está aberto o prazo para efectuar a matrícula para o próximo curso 2026/2027 na Escola Infantil Municipal.

Por unha banda, o prazo para renovar praza abrírase desde o 1 ao 15 de abril e, pola outra, as novas solicitudes poderán facerse desde o 16 ao 31 deste mesmo mes. En ámbolos dous casos a documentación pódese entregar por sede electrónica ou de xeito presencial, con cita previa.

As familias interesadas poderán atopar toda a información e a documentación na páxina web municipal no apartado dedicado á Escola Infantil.



Entra en funcionamento o saneamento de Trasparga

O Concello vén de poñer en funcionamento o sistema de saneamento e a depuradora do Mesón da Cabra, en Trasparga. Esta actuación, executada en dúas fases, supuxo un investimento total de 155.628,17 euros, co obxectivo de mellorar a calidade de vida da veciñanza e avanzar na protección ambiental do municipio. A nova infraestrutura permitirá a correcta xestión das augas residuais, contribuíndo á conservación do entorno natural e ao cumprimento das normativas vixentes en materia de saneamento. Nos vindeiros días, o Concello informará mediante carta á veciñanza que poderá facer uso

deste servizo, detallando o procedemento a seguir para realizar as conexións á rede.

Marisol Morandeira destacou a importancia desta actuación: “Trátase dunha obra moi necesaria para esta zona. Con esta intervención damos un paso importante na mellora dos servizos básicos no rural e na protección do noso medio ambiente”.

Morandeira engadiu ademais que “desde o Goberno municipal seguimos a traballar para levar infraestruturas de calidade a todas as parroquias, garantindo igualdade de oportunidades e mellorando o benestar da nosa veciñanza”.

EN BREVE



ÁRBORE. O viveiro público de Sanbreixo acolleu o acto conmemorativo do Día da Árbore. Esta actividade, na que participou o alumnado de 1º da ESO do IES Poeta Díaz Castro, tiña como obxectivo fomentar a cultura forestal entre as xeracións máis novas.



BTTEANDO. Celebrouse a primeira saída da oitava edición do programa BT-Teando por Guitiriz, posto en marcha polo Concello e o Club Btteiros Cova da Serpe. Unha vintena de participantes realizaron a Ruta da Cova da Serpe, cun percorrido de 20 quilómetros e 300 metros de desnivel.

SOA, Casa Nistal e O Galo Checo, gañadores do Que bo estás Guitiriz

A duodécima edición do concurso de tapas Que bo estás Guitiriz, organizada pola Asociación de Hostalería Debares, pechouse cun notable éxito de participación e cunha alta implicación tanto dos establecementos como da clientela. O certame desenvolveuse entre o 9 e o 15 de marzo, consolidándose como unha cita destacada no calendario gastronómico local.

Tras o recuento público de votos celebrado o 18 de marzo no Café Pub SOA, coñecéronse as propostas gañadoras desta edición. O primeiro premio foi para o Café Pub SOA, que repetiu triunfo por segundo ano consecutivo coa súa tapa Kino Dulzón. O segundo posto recaeu en Casa Nistal, grazas á súa elaboración Morocho do Mar, mentres que o terceiro premio foi para O

Galo Checo coa proposta #Quenin-pintada.

Nesta edición participaron un total de sete locais da vila, que ofreceron as súas creacións ao público durante sete días en horario de 20:00 a 23:00 horas. As tapas, cun prezo de 3 euros —4,50 euros se se acompañaban co viño oficial—, foron valoradas polos propios clientes, que tiveron en conta aspectos como o servizo, a presentación e o sabor.

O sistema de votación esixiu completar a ruta polos sete establecementos para validar as papeletas, o que favoreceu unha ampla participación e dinamización da hostalería local. Ademais, as persoas participantes puideron optar a distintos premios económicos mediante sorteo, unha vez depositadas as súas cartillas nas furnas habilitadas.

Arquivada a denuncia do PP contra a alcaldesa da localidade

A sección civil e de instrución do Tribunal de Instancia de Vilalba acorda o sobreseimento e o arquivo da causa aberta tras a denuncia interposta polo portavoz dun grupo municipal do Concello de Guitiriz contra a alcaldesa por presuntos delitos de prevaricación administrativa, malversación de fondos públicos e falsidade en documento público ou oficial.

A denuncia baseábase na percepción de dietas, as cales ascenderon a 381,65 euros, por unha viaxe oficial a Portugal, alegando incompatibilidade entre a presenza da alcaldesa no estranxeiro e a súa asistencia á Xunta de Goberno Local celebrada o 10 de

decembro de 2025.

A documentación presentada, segundo consta no auto, acredita que a alcaldesa percibiu as dietas conforme ao establecido no acordo plenario correspondente e que a súa asistencia á Xunta de Goberno Local foi telemática, o que desvirtúa as afirmacións da denuncia.

No auto, a xuíza explica que, tras practicar as dilixencias que se consideraron necesarias, “o resultado das mesmas non logrou confirmar a existencia de indicios suficientes da comisión dos feitos denunciados”. A resolución non é firme, pois contra ela cabe interpoñer recurso.

O Parga Rock celebrará o sábado 18 de abril a súa sesión vermú

O Iberik Gran Balneario de Guitiriz prepárase para vivir unha xornada inesquecible o vindeiro sábado 18 de abril coa celebración da súa esperada sesión vermú, un evento organizado polo Parga Rock e o Concello de Guitiriz.

A programación, que terá como escenario principal a terraza da cafetería (sempre que o tempo o permita), arrancará ás 13:15 horas co ritmo de La Gramola, encargada de poñer a banda sonora inicial mentres se

prepara o apetito para o gran buffet, que estará dispoñible entre as 13:30 e as 15:30 horas. A oferta gastronómica ten un prezo de 30 euros para os adultos e de 15 euros para os nenos de entre 2 e 12 anos.

A música non deixará de soar en todo o día, xa que a partir das 17:30 horas comezará a sesión de tardeo da man de Nunzia Giannota, quen dará paso ao broche final da xornada coa actuación de DJ Coutinho a partir das 19:00 horas.



Xunta e Concello avalían os avances na mobilidade de terras e infraestruturas

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, mantivo unha xuntanza co alcalde de Castro de Rei, Francisco Javier Balado, na que analizaron os avances rexistrados no municipio en materia de mobilidade de terras, así como outras actuacións vinculadas á mellora das infraestruturas rurais. Durante o encontro, ambos responsables abordaron o estado das obras da parcelaria de Triabá, un proxecto que contempla a creación dunha rede de 30 novos camiños e que conta cun investimento superior aos 4,2 millóns de euros ata o ano 2028. Esta intervención, que comezou en

outubro de 2025, permitirá mellorar unha superficie de 1.163 hectáreas, nas que se distribúen un total de 3.144 parcelas pertencentes a máis de 550 propietarios.

Ademais, no ámbito das infraestruturas rurais, salientaron que o concello de Castro de Rei dispón dunha axuda aprobada de preto de 88.500 euros no marco do Plan Camiña Rural 2025-2026. Con esta achega, estanse a executar diversas actuacións en varias vías de titularidade municipal co obxectivo de optimizar a accesibilidade e as comunicacións no rural.



Gandeiros reciben os diplomas do curso de xuíces de Rubia Galega

O deputado de Recursos Sostibles, Francisco Cajoto Caserío, participou na clausura da décimo sétima edición do Curso de xuíces gandeiros de Raza Rubia Galega, que desenvolve a Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún nas instalacións da Granxa Gayoso Castro. Cajoto Caserío felicitou aos preto da vintena de participantes que recibiron os diplomas acreditativos tras rematar esta acción formativa e destacou a importancia da colaboración da Deputación nesta iniciativa, sinalando que “é fundamental para mellorar e reforzar un sector estratéxico para a nosa provincia como é o agrogandeiro”. Engadiu que “a gandería é un mo-

tor económico para a nosa provincia que xera emprego e contribúe á conservación do noso territorio e identidade”.

O deputado trasladoulles tamén o importante traballo que a institución provincial está a levar a cabo nas instalacións provinciais da Granxa Gayoso e destacou a colaboración que a institución provincial mantén con Acruza na recría e mellora xenética da raza.

A entrega de diplomas pecha esta formación, que combinou teoría e práctica sobre o libro xenealóxico, a calificación lineal do gando vacún de carne e a valoración de animais segundo o prototipo da Rubia Galega.

Ponte de Outeiro acolle a XI edición da Festa da Troita

Ponte de Outeiro acollerá o sábado 11 de abril, a 11ª edición da Festa da Troita, un evento gastronómico e festivo que reunirá a veciños e visitantes nunha xornada chea de actividades.

A celebración comezará ás 14:00 horas cunha sesión vermú, seguida dun xantar popular e unha sobremesa amenizada polo dúo EPO-K a partir das 18:00 horas. Pola noite, a partir das 22:30 horas, a festa continuará cunha verbena a cargo da orquestra Stereo e, ás 00:30 horas, a actuación de Eventec Cosmedeejay.

A festa contará cun Concurso de Pesca nas modalidades de lance, cebo e mosca. O venres 10 terá lugar o sorteo de dorsais, mentres que o sábado será a competición, que comezará ás 07:30 horas coa concentración dos pescadores. O concurso desenvolverase entre as 09:00 e as 13:00 horas, seguido dun xantar de irmandade ás 15:00 horas. A entrega de trofeos será ás 17:30 horas, e para rematar, haberá xogos populares.

Para aqueles que desexen participar no xantar, o prezo é de 30 euros, mentres que os que queiran participar nas dúas cousas, o xantar e o concurso, o prezo é de 45 euros. As entradas están dispoñibles no Restaurante Cabuxo en Muimenta e na tenda de deportes A Chaira en Castro Ribeiras de Lea.

EN BREVE



FORESTAL. O director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, recibiu ao rexedor do concello de Castro de Rei, Francisco Balado, con quen avaliou vías de colaboración para aprofundar na prevención de incendios forestais no concello.



ANIVERSARIO. O Real Aeroclub de Lugo conmemorou o seu 66 aniversario cun evento que reuniu a numeroso público no aeródromo de Rozas, nunha xornada marcada polo bo ambiente e a emoción. A celebración destacou tanto pola alta participación como polo carácter simbólico das homenaxes.



Abre en Viladonga unha mostra sobre siderurxia

O Museo do Castro de Viladonga acolle unha exposición sobre siderurxia que culmina un proxecto de arqueoloxía experimental levado a cabo nos últimos anos neste centro, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A mostra e está composta por paneis informativos, unha escolma de elementos metálicos atopados no castro e na súa contorna, e o forno utilizado no experimento, réplica dun forno de tipo galo-romano construída con pedra local e pallabarro.

Permanecerá instalada ata o mes de outubro, e axudará aos visitantes a aproximarse ao inicio da metalurxia, aprofundando en aspectos como a obtención de minerais, a elaboración do ferro e outros subprodutos froito do proceso, e a fabricación de utensilios con estes materiais. A información tamén será accesible nos vindeiros días a través dun vídeo documental online titulado Da pedra ao ferro, que estará dispoñible na páxina web do Museo e nas redes sociais.

O PSOE denuncia a “precariedade” das traballadoras do SAF

O Grupo Municipal Socialista de Castro de Rei levou ao último Pleno unha batería de iniciativas centradas na mellora dos servizos públicos, a seguridade viaria e a defensa do territorio, situando no centro do debate a situación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e das súas traballadoras no municipio.

A voceira socialista, Alba Sinde, explicou que as propostas “parten do contacto directo coa veciñanza e coas propias traballadoras dos servizos municipais”, e acusou ao goberno local do PP de “negar os problemas e evitar asumir responsabilidades”.

Neste sentido, Sinde denunciou que o executivo “está instalado na confrontación”, cunha actitude “máis centrada en levar a contraria á oposición que en dar solucións ás necesidades reais da veciñanza”.

A moción socialista, que saíu adiante coa abstención do PP, recollía medidas concretas para corrixir as deficiencias do servizo, trasladadas polas propias traballadoras do SAF.

O PAI abre o prazo de inscrición dos novos ingresos para o próximo curso

O Concello da Pastoriza ten aberto o prazo de solicitudes para a reserva de praza no punto de atención a infancia para o curso 2026/27.

Estará aberto o prazo ata o 16 de abril.

A inscrición pode realizarse nas oficinas municipais. Haberá que presentar, xunto ao modelo de solicitude que se facilita no propio PAI libro de familia, DNI ou pasaporte dos pais, certificado de empadramento, declaración da renda ou o resto de documentos que acrediten a súa situación económica.

Deputados do PP esixen ao Goberno que se rehabilite a N-640 no concello

O deputado do PP no Congreso, Francisco Conde, e a deputada autonómica, Nicole Grueira, mantiveron unha reunión co alcalde da Pastoriza, Darío Cabaneiro, co tenente de alcalde, Marcos García Lombardero, e con representantes da Asociación de Veciños de Fonmiñá para coñecer de primeira man a situación da estrada N-640 ao seu paso por este municipio e trasladar ao Goberno central as demandas do Concello e da veciñanza.

Durante o encontro analizouse a problemática existente no entorno do quilómetro 60 desta vía, un punto no que os veciños veñen advertindo desde hai tempo dos riscos que supón o estado do firme e das carencias en materia de seguridade e iluminación.

O alcalde de Pastoriza, Darío Cabaneiro, explicou que neste tramo da estrada existe “unha situación bastante caótica”, xa que o pavimento presenta un estado moi deteriorado e obriga en ocasións aos vehículos a invadir o carril contrario para esquivar as fochancas, incrementando o risco de accidentes.

Cabaneiro lembrou ademais que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible si realizou actuacións noutro tramo da mesma estrada no concello de Meira, mentres que o tramo correspondente a Pastoriza quedou sen arranxar. “Arranxouse totalmente a estrada desde o lado de Meira e deixouse este tramo, o que corresponde a Pastoriza, sen actuar, cun pavimento bastante preocupante”, sinalou, ao tempo que reclamou ao propio Ministerio de Transportes que “tome nota desta situación e poña remedio canto antes”.

Aprobado o orzamento pola falta de dous edís

O goberno municipal aprobou os orzamentos correspondentes ao exercicio 2026 nun pleno no que as contas saíron adiante co respaldo do equipo de goberno, a pesar do voto en contra da oposición, que non contou con dous edís do PSOE. O documento económico ascende a 4.058.377 euros, unha cifra superior á do ano anterior, que se sitúa en 3.860.000 euros. O executivo local destacou que este incremento permitiu reforzar diferentes áreas clave do municipio, tanto en servizos como en investimentos. Entre as partidas máis relevantes figuran os 950.000 euros para o SAF, así como 784.000 para persoal. No apartado de infraestruturas, consignáronse 500.000 euros para a piscina municipal e 217.000 euros para a mellora de vías e camiños. Ademais, incluíronse 190.000 para a pista de karts, unha das actua-

cións máis destacadas dentro do capítulo de investimentos. Desde o goberno local puxeron en valor a aprobación dunhas contas que consideran fundamentais para garantir o funcionamento dos servizos municipais e avanzar en proxectos estratéxicos. Pola súa banda, a oposición mostrou o seu desacordo con algunhas das partidas, cuestionando o impacto dalgunhas actuacións previstas. Pola súa banda, o PSdeG, a través do seu voceiro, Constantino Fernández Leira, reafirmou o seu voto en contra dos orzamentos municipais e subliñou que a súa posición é “clara e coherente fronte a un modelo de xestión co que non estamos de acordo”. “Votamos en contra dos orzamentos do PP porque non responden ás necesidades da veciñanza nin ao modelo de concello que defendemos”.



Abrirá en maio a nova área de autocaravanas

O Concello de Pastoriza abrirá o 16 de maio a nova área de autocaravanas, un espazo duns 3.000 metros cadrados situado nas proximidades do circuito de kárting e que contará cun total de 45 prazas. A actuación foi acondicionada cun investimento procedente do plan da Deputación, que rolda os 69.000 euros.

A posta en marcha deste servizo ten como obxectivo impulsar o turismo no municipio, ao tempo que se reforza a oferta de lecer. Coincidindo coa inauguración, organizarase unha xornada festiva que incluírá unha foliada e cantos de taberna, promovidos pola asociación de empresarios Asapa e pola asociación cultural e deportiva Miño Vivo. Será a partir das 19.00 horas. Os interesados poden inscribirse ata o 10 de maio nos 609 053 213 e 625 065 197.

Representantes destas entidades mantiveron recentemente unha reunión co alcalde, Marcos García

Lombardero, para coordinar as distintas actividades sociais, culturais e deportivas que se desenvolverán nos próximos meses. Desde o goberno local subliñan a importancia de reforzar a colaboración co tecido asociativo para dinamizar a vida social e ofrecer propostas dirixidas a veciños e veciñas de todas as idades. Entre as primeiras iniciativas previstas figura a celebración dun campionato de tute o sábado 21 no local social da antiga ladrilleira. Ademais, nos días 25 e 26 de abril organizarase un torneo mixto de pádel. Xa no mes de maio, xunto aos actos de inauguración da área de autocaravanas, está programada a Festa do Neno. De cara ao verán, as propostas deportivas continuarán con novas citas impulsadas polas asociacións organizadoras. En xuño celebrarase a cuarta edición do torneo de pádel, mentres que en xullo está prevista unha andaina popular e unha carreira.



Adega e veciños solicitan o cese dunha explotación mineira en Xemil

Adega e a veciñanza de Xemil reclaman á Xunta a paralización da explotación mineira de Pizarras Universal, ante os “reiterados incumprimentos legais e ambientais” detectados na actividade.

A comunidade de montes Coto das Louseiras lembra que o contrato de alugueiro coa empresa rematou en abril de 2025 e que xa fora comunicada previamente a súa decisión de non renovar, ao solicitar o abandono dos terreos e a restauración ambiental. Porén, a empresa continúa a explotar o monte aínda tendo caducado o contrato de alugueiro.

Segundo denuncian Adega e a veciñanza, a actividade mineira supera amplamente a superficie permitida pola declaración ambiental, que chega a ocupar máis de 40 hectáreas cando só tiña autorizadas algo máis de 10. “Esta sobreocupación, que podería rondar as 30 hectáreas, carece ademais das garantías de restauración necesarias e afecta tamén a cursos de auga e zonas protexidas sen as preceptivas autorizacións do organismo de conca (Confederación Hidrográfica Miño-Sil)”, din.

Malia esta situación, a empresa vén de presentar un proxecto de ampliación da canteira que foi admitido a trámite pola Administración. Adega e a comunidade de montes consideran “inaceptable” avanzar nesta tramitación mentres persisten incumprimentos graves, e advirten de que a ampliación suporía duplicar a ocupación do monte e afectar hábitats de interese comunitario, así como recursos hídricos fundamentais para a zona.

Representantes da comunidade de montes, acompañados por Adega, trasladaron directamente estas preocupacións á Sección de Minas da Consellería en Lugo, e reclamaron maior axilidade nas denuncias presentadas e a apertura dos correspondentes expedientes sancionadores.

Tanto Adega como a veciñanza insisten en que non se pode autorizar a ampliación dunha actividade que xa está a incumplir a legalidade vixente e reclaman á Administración que actúe en defensa do interese xeral, paralice a explotación e suspenda a tramitación do proxecto.

O novo Nomenclátor quita o artigo a Pastoriza

O Consello da Xunta aprobou a proposta de revisión, corrección e actualización do Nomenclátor de Galicia (NG) de 2003, que a RAG IIe presentara á Comisión de Toponimia da Xunta o pasado 18 de xullo. O documento incorpora 1.665 nomes, ata chegar aos 42.909 topónimos que designan os 313 concellos de Galicia, as súas parroquias e mais os lugares ou entidades de poboación. Canto aos cambios, tras o estudo detallado de 4.398 casos, a Academia propuxo realizar cambios nuns 2.531 topónimos. Catorce corresponden a nomes de

concellos, 12 tras as fusións, 182 ditames son sobre nomes de parroquias ou as súas advocacións e os demais 2.335 casos corresponden a nomes de lugar ou entidades de poboación.

O Seminario de Onomástica determinou modificar os nomes dunha ducia de municipios. Na provincia de Lugo engádese o artigo en A Ribeira de Piquín e o contrario sucede con Pastoriza, que o deixa atrás atendendo á documentación histórica. Por outra banda, Alfoz recupera o seu nome histórico, Alfoz do Castrodoiro.

Supervisan na vila as accións para frear o avance da banda marrón

A Consellería do Medio Rural facilitará os trámites aos propietarios forestais para axilizar a substitución por eucalipto das masas de piñeiro gravemente afectadas pola banda marrón. Así, deseñou unha instrución con esta finalidade, tal como avanzou en Abadín a directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, na súa visita a unha zona na que se rexistran casos desta doenza.

A directora xeral explicou que esta medida ten como principal obxectivo axudar os propietarios a frear a expansión desta enfermidade e darlles unha alternativa para evitar o abandono e aumentar a produtividade do monte. Ao mesmo tempo, lembrou ademais que, desde a chegada desta doenza aos montes galegos, Medio Rural vén ofrecendo aos particulares a posibilidade de realizar tratamentos gratuítos, unha medida que continúa para todos aqueles interesados.

A instrución concreta os trámites necesarios en relación ao establecido na Lei de medidas que acompaña os orzamentos deste ano e que introduce dúas flexibilizacións na moratoria do eucalipto ata 2030. Así,



nesta norma permítese, por un lado, o traslado da superficie de eucalipto a outra parcela, sempre e cando a parcela inicial se transforme a coníferas ou frondosas e a superficie da nova repoboación non supere, con carácter xeral, o 75 % do eucalipto que había na inicial. Por outro lado, a segunda flexibilización abre a posibilidade de substituír unha masa de piñeiros gravemente afectados pola banda marrón por eucaliptos nunha única quenda de corta. A plantación de eucaliptos quedará limitada a un máximo do 50 % da superficie de piñeiro eliminada e o outro 50 % deberá repoboarse con calquera outra especie de coníferas ou frondosas.

De xeito concreto, a plantación afectada por esta doenza ten que estar en pé, agás que se cortase despois da publicación da Lei de medidas e se teña toda a documentación que o acredite. A gravidade da afectación sanitaria e a inviabilidade técnica e económica da masa deberán acreditarse mediante un informe técnico. Este documento terá que certificar o axente causal, cun boletín oficial de resultados emitido por un laboratorio de referencia ou acreditado, achegar tamén evidencias gráficas xeorreferenciadas (fotografías) sobre a afectación e verificar a gravidade de afectación e a mortalidade real da masa.

A Deputación inviste en obras obras de mellora en estradas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un investimento por un importe económico conxunto de preto de 2 millóns de euros para mellorar estradas provinciais, municipais e actuacións de emerxencia en vías afectadas polas intensas choivas do mes de febreiro. Este orzamento inclúe actuacións nun total de oito concellos: Lugo, Abadín, A Pontenova, Chantada, Carballado, Pantón, Cervantes e Mondoñedo. “Trátase dun investimento moi importante para a mobilidade da provincia, e para dar resposta coa máxima celeridade ás emerxencias complexas provocadas polos recentes temporais”, valora a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto.

En Abadín, quedou licitada por un importe de case 350.000 euros a mellora de máis de 6 quilómetros na estrada LU-P-0108, concretamente ao tramo a partir dos 600 primeiros metros da vía. Os traballos que se executarán son a reapertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e sinalización e pintado da vía. O prazo de execución é de 4 meses.

EN BREVE



CARGADOIRO. Abadín volveu ser escenario dunha nova operación de comercialización de gando cabalar coa realización dun cargue de poldros en Gontán. O envío tivo como destino inicial un cebadeiro situado en Tudela, desde onde os animais continuarán o seu proceso cara ao mercado italiano.



FORMACIÓN. A vila acolleu o acto de entrega de diplomas acreditativos aos participantes que veñen de completar algunha das accións formativas que se desenvolveron neste concello no marco do programa da Deputación E para dixitalizarse, Lugo.



Abadín quenta motores para o Rumboia Viva

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, reuniuse con representantes da asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, para avaliar posibles liñas de colaboración na cuarta edición do festival Rumboia Viva, que se celebrará o sábado 27 de xuño na localidade.

Na xuntanza abordaron aspectos relacionados coa organización do evento e o seu desenvolvemento, así como o impacto que xera na contorna. O delegado destacou que, malia tratarse dunha cita recente, “o Rumboia Viva foise consolidando progresivamente como unha proposta cultural destacada na comarca da Terra Chá e como elemento dinamizador do turismo e da economía local”.

O festival caracterízase por dar o protagonismo a grupos e artistas da comunidade. Na edición deste ano está confirmada xa a participación dos galegos Caamaño & Ameixiras e Ulex, ademais do grupo vasco La Txama o Boyanka Kostova. A programación completárase con

outras actividades lúdicas, como xogos e obradoiros. O evento celebrarase no campo da feira, con entrada de balde.

FOLIADA EN GONTÁN. O sábado 11 de abril celebrarase a III Foliada A Rumboia no Caseto da Feira de Gontán, un evento que promete unha xornada chea de música tradicional e bo ambiente.

A festa comezará ás 17:00 horas e contará cunha ampla programación de actuacións individuais, foliada infantil e aberta, sorteos e unha cea popular.

A organización corre a cargo da Asociación A Rumboia, que continúa apostando por este evento como un referente na dinamización cultural da comarca. A foliada conta tamén coa colaboración do Concello de Abadín, Estrella Galicia e a Deputación de Lugo entre outras. Aqueles interesados en obter máis información poden seguir as redes sociais da organización para estar ao tanto de todas as novidades.

O SLG pide información das plantas de biogás

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas solicitou á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e á Deputación Provincial información e copia dos informes existentes sobre o proxecto de instalación de plantas de biogás promovidas polas empresas Moeve —antiga Cepsa— e InProEner na parroquia de Quende, no concello de Abadín. A organización agraria tamén pediu formalmente á Consellería que se lle recoñeza como parte interesada no procedemento administrativo.

Segundo a resposta remitida pola Consellería, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade recibiu o pasado 5 de agosto de 2025 dúas solicitudes de autorización ambiental integrada e de avaliación de impacto ambiental ordinaria para

a construción de dúas plantas de produción de biometano mediante dixestión anaerobia de residuos orgánicos no municipio de Abadín. Na actualidade, estas solicitudes continúan en tramitación e atópanse nunha fase previa á apertura do período de información pública. Ademais, o 20 de novembro de 2025 rexistrouse unha petición de Moeve para modificar a titularidade das instalacións, que pasarían a mans das sociedades Crux Biomethane, SL e Carina Biomethane, SL.

Posteriormente, o sindicato tamén solicitou á Deputación de Lugo copia dos informes emitidos polos servizos de Medio Ambiente da institución provincial relacionados con proxectos industriais que afectan á Reserva da Biosfera Terras do Miño.

O Máster de Fútbolín reuniu este ano a case 800 xogadores

Rábade volveu converterse nun dos epicentros do fútbolín a nivel estatal coa celebración do Gran Máster Nacional, unha cita que reuniu un total de 347 equipos e preto de 800 xogadores chegados de diferentes puntos do país. Durante tres intensas xornadas, desde o xoves ata o sábado, o polideportivo municipal acolleu numerosas partidas seguidas por un público entregado, confirmando o tirón desta competición máis aló da provincia de Lugo.

A vixésima sétima edición do torneo pechouse na madrugada do sábado cunha longa e emocionante xornada final que rematou nun ambiente festivo. Así o destacou o presidente da peña organizadora Bola Meiga,

José Manuel Candal, quen definiu o evento como “moito máis ca unha competición, un punto de encontro” para afeccionados e profesionais do fútbolín.

O campionato repartiu arredor de 17.000 euros en premios entre as distintas categorías, que incluíron modalidades como elite, prata e bronce, tanto en parado como en movemento, ademais das categorías feminina, combinada e a novidade de dobre mixto. Nas dúas probas principais, os títulos foron para a parella formada por Brian e Villa, de Valladolid, na modalidade de parado, e para Iván, de Melide, e Alejandro, de Asturias, en movemento. Os segundos postos foron para Daniel e Javi,



de Cantabria, e Óscar Alfaro (padre e fillo), que viñeron desde Málaga.

Na proba combinada o triunfo foi para Tomás e Nino, de Pontevedra, e na categoría feminina fixo o propio o equipo de Patricia e Marta, de Pontevedra e León. Na nova categoría de dobres mixtas, o título foi para Nerea de Alicante e Óscar de Málaga.

O nivel de xogo foi un dos aspectos máis salientados pola organización, que o cualificou como dos máis altos dos últimos anos. Ademais dos títulos por equipos, tamén se recoñeceu o rendemento individual, destacando Óscar Villa como mellor xogador

do torneo e Marta como mellor xogadora. O mellor porteiro foi Óscar Alfaro padre e o xogador máis regular Alejandro de Asturias.

A representación galega tivo tamén un papel destacado, con xogadores que acadaron importantes resultados e recoñecementos, reforzando o peso da comunidade neste deporte. A ampla participación e a procedencia diversa dos competidores, con presenza de xogadores de case todo o territorio nacional, evidencian a consolidación do Máster de Rábade como unha das citas imprescindibles do calendario estatal.

O PSOE critica as contas porque “non responden ás necesidades reais”

O Grupo Municipal Socialista de Rábade votou en contra da aprobación inicial dos orzamentos municipais para 2026 no pleno celebrado este mércores, ao considerar que se trata dunhas contas “condicionadas pola intervención, sen proxecto político e incapaces de responder ás necesidades reais da veciñanza”. O voceiro socialista, Alejandro Martínez Campos, lembrou que estes investimentos “chegan tarde”, xa que deberían terse aprobado antes do remate de 2025, e criticaron que a alcaldesa os presente como “realistas” cando, ao seu xuízo, evidencian a falta de planificación e de capacidade de xestión.

Segundo explicou Martínez, a estrutura das contas está marcada pola situación económica do Concello: “case o 90% do orzamento vai destinado a persoal e a gastos de funcionamento, o que deixa moi pouca marxe para investir e mellorar Rábade”. Martínez salientou que “para presentar estes orzamentos non fai falta un grupo de goberno, abonda cun xestor que pague os gastos correntes e as nóminas do persoal, como fai calquera na súa casa”, subliñando a falta de ambición das contas municipais. “Son uns orzamentos que non transforman nin planifican, limitáanse a cubrir gastos sen pensar na veciñanza nin no futuro de Rábade”,

advertiu.

O PSdeG puxo o foco en que as inversións reais apenas representan arredor do 12% do orzamento, cunha parte importante dependente de achegas doutras administracións. Detallaron que dos 175.000 euros previstos en transferencias de capital, 135.000 proceden da Deputación de Lugo, mentres que só 40.000 euros son achegados pola Xunta de Galicia. Durante o pleno, Martínez preguntou polos compromisos do PP da Xunta con Rábade. Segundo explicou, a alcaldesa asegurou que o Goberno galego cumprirá con todo o que se lle solicite, pero sen concretar actuacións nin investimentos. “Se non se concreta nada é moi fácil cumprir as promesas. A fe está moi ben nas relixións, pero nos gobernos municipais de pouco serve”, subliñou o voceiro, quen anunciou que seguirán esixindo explicacións nos vindeiros plenos.

O Grupo Municipal Socialista denunciou tamén a redución do apoio municipal a iniciativas deportivas e culturais consolidadas en Rábade, como o maratón de fútbol sala, o Máster Nacional de Fútbolín ou o Festival Entrepontes. Segundo indicaron, o goberno local limita a súa colaboración ás subvencións nominativas, sen asumir outros gastos organizativos.



A Deputación executa melloras en varias vías

O PSdeG de Rábade puxo en valor que o municipio continúa avanzando grazas ás inversións impulsadas polos gobernos progresistas, como demostran as obras que a Deputación de Lugo está a executar actualmente en varias rúas do núcleo urbano.

Segundo explican as e os socialistas, estanse a desenvolver melloras na rúa Miguel de Cervantes, ás que seguirán actuacións na rúa Doutor Fleming, ambas cun orzamento superior aos 132.000 euros, enmarcadas dentro dun plan de renovación das vías municipais financiado pola institución provincial. Estas intervencións súmanse ás xa finalizadas na Avenida dos Remedios, cunha achega de 224.000 euros, e na rúa Álvaro Cunqueiro, onde a primeira fase xa está rematada e conta cunha inversión total de 32.000 euros.

“A Deputación de Lugo leva mobilizado nos últimos tres anos preto de 700.000 euros na mellora de rúas e infraestruturas en Rábade”, subliñou Alejandro Martínez, voceiro do

PSdeG, quen destacou que estas actuacións “evidencian con feitos e cifras o compromiso dos gobernos socialistas co desenvolvemento do municipio e coa mellora da calidade de vida da veciñanza”.

Dende o PSdeG sinalan ademais que, como ocorre noutros concellos gobernados polo PP, o goberno local segue sen instalar os carteis informativos que identifican que administración financia as obras. Lembran que é o Concello quen ten a obriga de colocalos e consideran necesario que a veciñanza poida coñecer con claridade que estas actuacións están financiadas pola Deputación de Lugo.

Neste sentido, destacou tamén as melloras executadas pola institución provincial nas instalacións deportivas do concello, como a renovación integral do campo de fútbol municipal, cunha achega de 200.000 euros, e a construción dos novos vestiarios, con 58.000 euros, ambas xa rematadas; e, no ámbito estatal, a nova pasarela peonil sobre a liña ferroviaria.

O 18 será a Festa da Xuventude con comida popular

O 18 de abril, o Polideportivo Municipal de Xermade acollerá a VIII Comida Popular da Festa da Xuventude 2026, unha cita xa consolidada no calendario festivo da comarca.

O evento dará comezo ás 14:00 horas cunha sesión vermú amenizada polo dúo Estrellas, seguida dun gran xantar popular cun menú composto por xamón cocido, polbo, churrasco mixto con criollo, sobremesa, pan, bebida, café e licor. O prezo do xantar será de 36 euros para adultos e 18 euros para nenos de 7 a 11 anos, sendo gratuito para menores de 6 anos. Estes comerán peituga de polo con salchichas e patacas.

Pola tarde, a partir das 18:00 horas, a festa continuará coa música en directo do dúo Estrellas e co sorteo de agasallos. Tamén haberá colchonetas de balde para os pequenos.

As persoas interesadas en asistir deben inscribirse antes do 14 de abril e poden adquirir os tickets nos establecementos Bar Casal e Bar O’Pita, Restaurante O Paso, Xermade Alimentación e Comercial Pita. Para máis información, poden contactar cos membros da comisión organizadora a través dos teléfonos dispoñibles no cartel do evento.

A cita está organizada pola Comisión de Festas de Xermade 2026, contando coa colaboración de diversos establecementos locais e do Concello de Xermade.

EN BREVE

VIAXE. A Asociación de Veciños de Cabreiros organiza unha excursión a Piornedo e Navia de Suarna o venres 17 de abril no que se inclúe transporte, guía, xantar, entradas e seguro. Os asistentes partirán ás 9:00 horas desde a Praza de Cabreiros e no itinerario inclúese unha visita ao Centro da Deputación, a Aldea de Piornedo, logo visitarase Navia de Suarna e rematará na fábrica de embutidos. Desde a asociación aconsellan levar roupa e calzado cómodo.

RUTA. Continúa o domingo 12 de abril o programa de rutas de sendeirismo para o ano 2026, unha proposta que inclúe catro percorridos pensados para seguir fomentando a actividade física e o descubrimento de espazos naturais en boa compañía. A segunda cita será no Camiño Real Lugo-Friol, un percorrido lineal de 14 quilómetros tamén de dificultade baixa. Haberá autobús desde Cabreiros ás 8.30 horas e xantar con menú do día. O programa continuará o sábado 25 de abril coa Ruta da Ventureira, en Capela.

“O mundo da escrita ten para mín unha prioridade bastante grande”

Xosé Manuel Felpeto vén de sacar ao mercado ‘Memorias dun porco teixo’

Fálenos un pouco que atoparemos nesta terceira novela?

Nesta terceira novela o que atopamos é a vida de varias persoas, pero a vida tal e como é, unha traxicomedía, coas súas penas e as súas alegrías. Dentro desas historias de vida, onde algún relato ten un personaxe como motor e noutros teñen dous, este van camiñando en distintos puntos. Son dezanove relatos, máis un prologo, que nada teñen que ver entre eles. Fálase da propia condición humana que cada un ten metido aí dentro. Pódese ver a aldea, a Galicia, a identidade. Tamén a empatía, a solidariedade, o amor. Todo o que os seres humanos temos dentro e, dalgún xeito, temos que cribar. Hai relatos máis duros e, pola contra, outros tenden máis á comedia.

Hai paisaxes e personaxes coñecidos?

Este libro de relatos está baseado no seu 90 % en ficción e incluso hai un 50 % de relatos que xa o son desde a primeira liña. Iso si, conto cunha lista de historias contadas por xente que admiro, e a cal axudoume a centrarme e a tirar por esta obra, que serviron para darlle un chispazo á ficción e poder escribir ao redor delas. É por iso que podería dicirse que ten ese deixado do 10 % de realidade. Pero personaxes que se poidan identificar ou coñecer como tal, non existen. Sería case imposible. No tema dos paisaxes, se o poñemos xeralmente, si é certo que nun 80 % volve saír o rural porque é o que mellor coñezo e o que máis estimo, a parte de que é onde vivo. Hai algúns personaxes, pertencentes a dous ou tres relatos, que viven ou están na cidade, pero o

resto das historias circulan no rural. **Que parecidos ou diferenzas atopas coas novelas precedentes?**

Máis que parecerse, teñen unhas diferenzas enormes, porque, así como a novela dáche moita marxe de creación nesas tramas e desenlaces, o xénero do relato tense que condensar nun espazo moi corto, tes que ser moi concreto para que o lector entenda ben onde está, cal é o problema e onde o queren levar. É por iso que non pode haber moitas similitudes

Canto tardou en escribilo?

O que é escribilo propiamente, foi un ano e uns poucos meses o que tardei. Despois hai outro proceso, que podería dicirse que é máis escuro ou triste, volver encima del. Unha vez, nunha presentación doutro libro, preguntáronme cantas veces lía o libro antes de presentalo nunha editorial e lle dixen ao redor dunhas trinta veces. Parece unha cantidade esaxerada, pero o problema é que, aínda que estás satisfeito co que fas, sempre se atopan pequenos matices cos que non estás de todo a gusto e queres melloralos. É por iso que o proceso completo de escribir un libro ao final é de dous anos e medio. Para paliar un pouco o desagradable das correccións, vou pensando noutra novela, nos posibles camiños que pode seguir, porque tes un abano moi amplo para poder arrancar a escribir unha novela, e todas as posibilidades parécenche axustadas ao que queres, malia que só podes escoller unha.

Polo de agora onde foi presentada e cal será o seguinte paso?

O libro foi presentado en Cabreiros,

Xermade, tamén nas Pontes, Neda, Guitiriz, na librería Trama de Lugo e en Vilalba teño data tamén. Afortunadamente hai moitas outras librerías que me están chamando para acordar unha data, que será preferiblemente en primavera. Gústame moito facer presentacións, falar do meu libro e, como namorado deste xénero, da literatura en xeral. É por iso que vou moitas veces aos clubs de lectura que me chaman e cando estou alí, os lectores bombardéanme a preguntas que lles van xurdindo. Iso encántame, non o considero perder o tempo senón gañar vida. Mentres dura este período, os outros libros anteriores quedan parados, aínda que moitas veces me seguen falando deles pero non en concreto xa que hai uns anos que están por aí adiante. Pásame algunhas veces nos colexios, que propoñen o meu libro para unha actividade ou mesmo nos clubs de lectura. O que pasa é que todo ten o seu percorrido, pasan seis ou sete meses e todo vai amortizándose, entón o libro xa camiña e non necesita mais presentacións.

Cunha actividade tan intensa como ten, sempre queda tempo para escribir?

Malia ter unha vida tan intensa, o mundo da escrita para min ten unha prioridade bastante grande, por non dicir absoluta, e como prioridade impoñome todos os días dedicarlle algo de tempo. Non o considero ningún esforzo. Si que é verdade que a miña imaxinación ten que funcionar, pero non é unha máquina, entón cando aparece a inspiración é necesario aproveitar. Logo claro, pode pasar que haxa tempadas, de días ou



meses, nos que non estás de todo ben para volver poñerte e cando les o que escribiches dáste de conta que non serviu para nada. Hai momentos moi agradables, pero tamén os hai complicados, aínda que en xeral merece moito a pena.

Que o que máis lle gusta da súa faceta de escritor?

A faceta que máis me gusta é a creación, o momento creativo no que tes que poñer a cabeza a traballar. Despois te metes, no que eu chamo, unha familia, a cal obriga moitas veces a traballar e sacala adiante e sobre todo a darlle a razón aos que sempre a teñen, que son os lectores. Cando publico unha novela, xa estou cunha familia distinta. Quero igual ás outras familias, pero ao final xa son historia. A min escribir sempre me gustou, considéroo unha gran satisfacción, malia que a gran dificultade radica hoxe en día en chegar a unha editorial e que se comprometan contigo. Ben é certo que non son ningunha ONG, pero as veces poden perderse polo camiño grandes traballos que non chegan a publicarse,

sobre todo de xente nova. Eu nese aspecto considérome un home con sorte. O único que quero é que o lector estea cómodo e que disfrute con ler, se o consigo, para min xa é suficiente.

Xa estamos pensando na cuarta?

Si, pero non quero facer un *spoiler*. O único que podo dicir é que, como persoa que sinte moita mais debilidade polas personaxes femininas que masculinas, trata da historia de vida dunha muller. Data desde que naceu, polo 1914, ata os seus corenta anos e alí xa deixamos a novela porque o resto da súa vida xa se conta sola. Esta contextualizada nunha datas un tanto convulsas porque vai vivir unha guerra civil. A nosa protagonista, que se chama Clara vai ter moito que contar, porque sempre hai moito que contar. Para poñerlle o punto e final a un libro, sempre me gusta mandarllo antes a dos amigos meus, tamén escritores, para saber por man de persoas que escriben se a historia está ben, se hai que melloralas ou pola contra, gardala nun caixón.

Instalarán aeroxeradores de última xeración para repotenciar Sotavento

O parque eólico de Sotavento levará a cabo un proxecto de repotenciación parcial, un proxecto que consistirá na instalación de dous novos aeroxeradores de última xeración para substituír unidades antigas.

O principal obxectivo desta actuación é substituír 6 aeroxeradores existentes por 2 máquinas de última xeración, o que permitirá mellorar o rendemento e a eficiencia global do parque, diminuíndo incluso o seu impacto ambiental. Esta mellora

permitirá optimizar o rendemento do parque, á vez que incrementará os recursos económicos destinados ao mantemento da instalación e ao desenvolvemento de iniciativas de interese xeral no ámbito enerxético. Ademais, o proxecto contribúe a reforzar a formación de técnicos cualificados nas tecnoloxías eólicas actuais e permitirá que Sotavento continúe desempeñando un papel destacado como escaparate tecnolóxico. Así mesmo, esta iniciativa busca servir



de referencia para outros parques eólicos que desexen modernizar as súas instalacións, aproveitando infraestruturas xa existentes como viarias, cabreados ou subestacións para substituír aeroxeradores antigos por outros máis potentes e eficientes.

Os 2 novos aeroxeradores que se van instalar teñen unha potencia de 4.200 kW e unha altura máxima de buxe de 131,4m. Desta maneira, o parque eólico pasa de ter unha potencia instalada de 17.660 kW a 22.620 kW.

O CD Xermade organiza unha nova cea baile o día 11 de abril en Candamil

O CD Xermade organiza o sábado 11 de abril a súa cea baile anual, que se desenvolverá no restaurante O Paso de Candamil.

Haberá táboas, luras, croquetas e polbo, xarrete, sobremesa, café e licores a un prezo de 35 euros e organizado pola directiva do club. Para anotarse hai que facelo coa directiva do club, no propio restaurante ou no Bar Pita.

Trátase dunha cita que se celebra todos os anos polas mesmas datas no club de fútbol da capitalidade municipal.

Convocan o concurso da Festa da Filloa e selan dous irmandamentos

A organización da Festa da Filloa de Muimenta vén de convocar unha nova edición do tradicional Concurso de Debuxo e Relato, unha actividade dirixida ao alumnado dos centros educativos da comarca da Terra Chá que forma parte da programación previa á celebración da XXXV Festa da Filloa, prevista para o vindeiro 1 de maio.

Estes días foron remitidas as bases da XXVI edición deste certame aos colexios de educación primaria e secundaria da comarca, aínda que a participación tamén estará aberta a nenos e nenas doutros municipios que desexen formar parte da iniciativa. Os traballos premiados serán expostos durante a xornada festiva no recinto feiral e os gañadores recibirán os seus galardóns tras a lectura do pregón o propio día 1 de maio. O concurso mantén as cinco categorías habituais, que abarcan dende a etapa infantil ata o alumnado de secundaria e bacharelato, repartindo un total de vinte premios entre gañadores e finalistas.

A Festa da Filloa, que terá lugar o venres 1 de maio no recinto feiral Manuel Vila, conta co recoñecemento de Festa de Interese Turístico de Galicia desde o ano 2008. En

2023 recibiu ademais o Premio á Excelencia Turística da provincia de Lugo e as súas filloeiras e filloeiros foron distinguidos co galardón ao Veciño Exemplar.

Ao longo da xornada desenvolveranse numerosas actividades paralelas, entre elas exhibicións de agility, demostracións de artesanía, exposicións do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación (Centrad) e diferentes actuacións musicais. Entre os grupos que participarán figuran a Escola de Música e Baile Tradicional da Pastoriza, Os do Campo, Cosmedeejay, Pandereitos do Inferno ou Nubeiro, este último dentro do programa Tradigalu da Vicepresidencia da Deputación.

A Festa da Filloa de Muimenta volverá apostar este ano pola colaboración con outras citas gastronómicas destacadas de Galicia a través de diferentes irmandamentos. Entre eles figura o que se realizou coa XXXII Feira do Queixo e Pan de Ousá, que se celebrou no concello de Friol en marzo.

Tamén a Escola de Hostalería de Rosende acolleu o acto de irmandamento entre a Feira do Viño de Amandi, que se fixo en Sober a finais de mes.

A Moexmu baterá unha marca en número de cabezas de gando

A XLII edición da Moexmu celebrárase a fin de semana do 10 ao 12, adiada por mor da Semana Santa, no recinto feiral Manuel Vila López. Muimenta volverá así ser a capital do agro na XLII edición da Mostra Expositiva, o XL Concurso de Gando Frisón, o XXXIV Concurso Autonómico de Gando, a XL Exposición da Gando de Raza Rubia Galega e a XXX Poxa de Gando Selecto, ademais do V Concurso de Xóvenes Peladores, o XXV Concurso de Xóvenes Manexadores e o VIII Monográfico do Can de Palleiro.

O recinto feiral Manuel Vila López, onde se desenvolverá a cita, abrirá as súas portas o venres co pregón de César Álvarez, presidente da Feira de Mostras de Vegadeo, ás 19.30 horas. A Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta organiza esta cita, que, un ano máis, conta coa colaboración do Concello, a Deputación e a Xunta. Xa antes do pregón terá lugar o concurso de xóvenes preparadores de gando e a actuación de Asubíos da Chaira.

A feira multisectorial, que conta cunha importante presenza de gando, maquinaria agrícola e gandeira e artesanía abrirá as súas portas durante tres días, con especial protagonismo para as xornadas de sábado e domingo a partir das 9.00 horas cos concursos de gando, en xornadas de



mañá e tarde. Este ano hai xa inscritas para o Concurso de Gando Frisón 19 gandaría, tanto de Lugo (7) como de Pontevedra (4) e A Coruña (8). Son un total de 142 cabezas de gando (cun valor de 414.400 euros), o que suporá un novo récord para a feira, superando outros anos de grande afluencia como 2025, 2022, 2013, 2007 ou 2004.

O domingo será a vez dos concursos de manexadores, para a mocidade primeiro e para os adultos despois. Tamén será a quenda da poxa, prevista para as 12.30 horas. Clausurase ás 14.30 horas, trala entrega de premios, pero a feira permanecerá aberta ata a noite. Completarase esa tarde o programa co Monográfico de Can de Palleiro, puntuable para o Campionato Galego.

Este ano o xuíz do concurso será Julián Rodríguez Pérez, que acude

por primeira vez á Moexmu, e os premios para as 24 seccións dos concursos suman os 37.000 euros. E como novidade, este ano será a primeira vez que se poña en marcha o convenio subscrito o pasado mes de febreiro entre Africor Lugo e Caixa Rural Galega, polo que a entidade bancaria subvencionará con 200 euros a adquisición de cabezas de gando na poxa.

Ademais dos concursos, a Moexmu contará con moitas máis opcións nos máis de 27.000 metros cadrados de exposición, dos cales 17.400 serán ocupados por maquinaria nova e usada, un dato que se incrementa con relación ao ano pasado. Os postos estarán ocupados por artesanía popular, produtos galegos e xa están ao completo. Haberá exposición de traxe tradicional, así como demostracións de artesáns e música.

A Feira do Monte acolle un obradoiro de solo pélvico

Co obxectivo de promover o benestar e o coñecemento sobre a saúde integral, a Casa da Cultura da Feira do Monte, acollerá o xoves 16 de abril un completo obradoiro de solo pélvico.

Esta actividade, que será totalmente de balde, desenvolverase en horario de tarde, dende as 16:30 ata as 20:00 horas, e contará con Cristina Ouro Nuñez, matrona no Complexo Hospitalario de Lugo, como instrutora.

Durante a sesión, os asistentes poderán profundizar en aspectos clave como a anatomía e as funcións do solo pélvico, así como as repercusións que teñen sobre el o embarazo, a práctica de deportes hiperpresivos ou o impacto dos exercicios abdominais mal executados. O programa tamén abordará patoloxías asociadas, a debilidade muscular e os efectos de factores externos como a tose crónica ou o estrinximento.

EDP impulsa dous proxectos como símbolo de emprendemento rural

EDP anunciou os proxectos seleccionados en Lugo dentro da nova convocatoria do seu programa de emprendemento rural ENTAMA, unha iniciativa deseñada para apoiar o desenvolvemento económico, a fixación de poboación e a creación de emprego en territorios en risco de despoboamento. Nesta edición, o programa seleccionou dous innovadores proxectos na provincia de Lugo, o que supón a primeira vez na que o programa apoia iniciativas nunha provincia galega, ampliando así o seu alcance territorial.

Entre os proxectos escollidos atópase Arándanos del Alba, en Cospeito (Comarca Terra Chá), que expón a creación dun obradoiro propio co que aproveitar o excedente de produción de arandos e reducir custos. Ademais, o proxecto permitirá incrementar a rendibilidade do cultivo, optimizar a cadea de produción



e xerar valor engadido mediante a elaboración directa de marmelada, contribuíndo ademais á economía local mediante o uso de provedores da zona e a activación do sector loxístico.

O segundo proxecto seleccionado é Hub Musical - Oiches, impulsado desde Viveiro. Esta proposta expón o desenvolvemento do primeiro directorio en liña integral do ecosistema musical en España para conectar

empresas, artistas e axentes culturais. A plataforma facilitará a dixitalización do sector, mellorará a visibilidade de negocios locais e fomentará novas oportunidades laborais, con especial foco no emprego feminino e no impulso do talento creativo. Grazas ao seu alcance e capacidade de escalabilidade, este proxecto aspira a consolidar á comarca como un nodo cultural e tecnolóxico.

Nas súas seis edicións, ENTAMA al-

canza un total de 89 proxectos emprendedores apoiados, alcanzando un investimento acumulado superior aos 875.000 euros. Esta convocatoria de ENTAMA constitúe unha edición especial dedicada especificamente ás zonas de distribución eléctrica de Cantabria e Lugo, onde EDP Redes España reforza o seu compromiso co desenvolvemento económico local e a creación de oportunidades en territorios rurais. A través desta edición, a compañía impulsa a consolidación e creación de seis proxectos emprendedores, xerando 20 empregos en cinco municipios identificados como prioritarios.

EDP Redes España foi recoñecida como a empresa máis sostible do mundo segundo o índice GRESB, un logro que reforza o seu compromiso cun modelo enerxético responsable e coa creación de valor nos territorios onde opera. Este recoñecemento internacional avala iniciativas como ENTAMA, que impulsan o desenvolvemento local, a empregabilidade e a dinamización socioeconómica en zonas rurais, aliñando o impacto social cos máis altos estándares globais de sustentabilidade.

“O futuro do sector é esixente pero tamén ten moitas oportunidades”

César Álvarez, pregoeiro da Moexmu, é alcalde de Vegado e presidente da Fundación de Mostras

Como recibe o nomeamento de pregoeiro da Moexmu?

Recíboo con moito orgullo, pero tamén con moita responsabilidade. Para min é un recoñecemento á traxectoria e ao traballo que hai detrás da Feira de Mostras de Vegadeo. A Moexmu pon en valor ese camiño, e neste momento tócame a min presentalo, sendo moi consciente de que detrás hai moita xente que o fixo posible. E ademais enténdoo como unha oportunidade para reforzar unha idea na que creo firmemente: o rural non é o problema, é parte da solución, e feiras como a Moexmu demostrano cada ano.

Cal é a súa vinculación e a de Vegadeo coa Moexmu?

A vinculación, sendo sinceros, non era directa ata agora, e iso tamén reflicte unha realidade que nos pasa a moitos territorios: cada un ten unha actividade moi intensa e moitas veces estamos moi centrados na nosa propia contorna. Pero precisamente este tipo de encontros serven para iso, para coñecernos, para achegarnos e para empezar a traballar en rede. A partir deste momento, eu creo que se abre unha relación moi interesante entre Vegadeo e Muimenta, entre a Feira de Mostras e a Moexmu, baseada no intercambio, na colaboración e no apoio mutuo. Porque ao final estamos a falar de realidades moi similares, cos mesmos retos e tamén con moitas oportunidades en común, e cando somos capaces de conectar territorios, todos saímos reforzados.

Como ve esta Feira sectorial de Muimenta? Cal pode ser o segredo do seu éxito?

Eu véxoa como un exemplo moi claro do que pode chegar a ser unha feira cando hai un territorio detrás que cre nela. Máis alá do formato ou do tamaño, o que marca a diferenza é todo o que non se ve: o traballo continuo, a implicación da xente e a capacidade de manter un proxecto no tempo. O segredo do éxito, desde o meu punto de vista, está precisamente aí, en que non é só unha feira, é algo que o pobo sente como propio, e cando un proxecto se vive así, deixa de ser puntual e pasa a formar parte da identidade do territorio. Ademais, creo que hai algo moi importante, que é saber aproveitar o que se ten, non se trata de ter máis recursos, senón de saber sacar rendemento ás fortalezas propias, e aí é onde este tipo de feiras marcan a diferenza. E cando se combinan esas tres cousas —implicación, continuidade e sentido de pertenza—, os resultados acaban chegando. En definitiva, funciona porque o pobo a sente como súa.

Que lle achega a Moexmu ao pano-



rama agrogandeiro galego?

Achega moito máis ca visibilidade. A Moexmu é unha ferramenta real para o sector agrogandeiro, porque xera un espazo onde se comparte coñecemento, onde se ven novas solucións e onde se crean oportunidades. É un punto de encontro entre profesionais, empresas, institucións e

“A Moexmu xera un espazo onde se comparte coñecemento, onde se ven novas solucións e onde se crean oportunidades”

territorio, e iso é clave para un sector que precisa estar en constante evolución. Ademais, permite poñer en valor o traballo que se fai no día a día, achegalo á xente e darlle o recoñecemento que moitas veces non ten. E tamén hai un compoñente importante de dinamización económica, porque move actividade, xera negocio e axuda a fixar poboación. Ao final, este tipo de feiras non só amosan o que hai, senón que axudan a impulsar o que vén, e iso é fundamental para o futuro do sector, podemos resumilo en que a Moexmu achega valor real ao sector, non só visibilidade.

Son necesarias as feiras sectoriais?

Sí, son necesarias, e cada vez máis. Pero non entendidas como antes, senón adaptadas ao momento actual, hoxe vivimos nunha contorna moi dixital, pero o contacto directo segue

sendo insubstituíble. As feiras sectoriais permiten ver, tocar, falar, comparar... e iso, nun sector como o agrogandeiro, é fundamental. Ademais, son espazos onde se comparte coñecemento, onde se xeran relacións e onde xorden oportunidades que non sempre aparecen noutros canles. Tamén teñen un papel importante na visibilidade do sector, en achegalo á sociedade e en poñer en valor o traballo que hai detrás. E, por último, son ferramentas de dinamización económica e territorial, que axudan a manter vivo o medio rural. Por iso eu creo que non só son necesarias, senón que ben enfocadas son imprescindibles, son necesarias porque conectan o que o sector precisa: persoas, coñecemento e oportunidades.

Fálenos un pouco do seu traballo á fronte da Feira de Mostras de Vegadeo. Cal é a súa situación actual?

A Feira de Mostras de Vegadeo é unha peza moi importante dentro do noso territorio, non só polo que representa a feira en si, senón por todo o que xera ao seu redor en termos de actividade, de economía e de dinamización. O noso traballo está moi centrado en consolidar ese proxecto e en adaptalo aos novos tempos, sen perder a esencia que o fixo forte durante tantos anos. Viñemos dun percorrido importante, cunha traxectoria recoñecida, pero tamén somos conscientes de que hai que seguir evolucionando, mellorando a organización, ampliando oportunidades e reforzando o seu papel dentro do sector e do territorio. A situación actual é de estabilidade, pero tamén de traballo constante, non nos conformamos con manter, queremos seguir medrando e achegando valor. E nesa

liña estamos, traballando para que a Feira de Mostras de Vegadeo siga sendo un referente, non só polo que foi, senón polo que pode seguir sendo no futuro, estamos a traballar para consolidar e seguir facendo medrar un proxecto clave para o territorio.

Como ve o futuro do sector?

O futuro do sector é esixente, pero tamén ten moitas oportunidades. É verdade que hai dificultades importantes: a rendibilidade, o tamaño das explotacións, a adaptación a novas normativas, os danos e as enfermidades... todo iso está aí e non se pode ignorar. Pero tamén estamos nun momento onde o sector está evolucionando, hai máis profesionalización, máis innovación, máis capacidade de adaptación, e iso é clave. Cada vez se valora máis o que se produce, a calidade, a trazabilidade, a orixe... e aí o rural ten unha posición moi importante. Eu creo que o futuro pasa por seguir mellorando na xestión, por apostar polo valor engadido e por entender que xa non vale só producir, hai que saber posicionar o que se produce. E tamén por algo fundamental: crer no sector, porque cando hai coñecemento, traballo e compromiso, o sector responde. Por iso, máis ca un problema, eu véxoo como un sector con futuro, pero que existe estar preparados e dar un paso adiante.

Hai relevo xeracional? Ou a mocidade segue escapando do rural?

É unha realidade que durante moitos anos a mocidade marchou do rural, pero non marcha porque queira, marcha porque non lle estamos dando motivos suficientes para quedar. En calquera traballo, por moito que che guste, ninguén che regala nada, e iso no rural témolo moi claro desde sempre: aquí, segundo traballas, así recolles... e non sempre se dá o que un espera, igual que na cidade. Tamén hai outra reflexión que creo que é importante facer: ás veces os propios que estamos non facilitamos ese relevo, os primeiros que temos que apostar por el somos os empresarios, os gandeiros, as familias. Non sei por que temos esa idea de que ao de ao lado lle resulta máis doado, aquí, como en calquera sitio, todo custa traballo, sacrificio e constancia. Agora ben, esa tendencia non é irreversible, cada vez hai máis mozos e mozas que ven no sector unha oportunidade, pero para que iso sexa unha realidade necesitamos xerar as condicións axeitadas. O relevo xeracional non vai chegar só, ten que haber rendibilidade, calidade de vida e unha contorna que facilite emprender e quedar. E tamén hai que falar claro: sen traballo non hai resultados e sen xestión non hai éxito, nin no rural nin na cidade.

Cando esas condicións se dan, o relevo aparece, estamos a velo, con xente nova formada, con novas ideas e con ganas de facer as cousas doutra maneira. E ademais, o sector tamén está a cambiar, hoxe unha explotación gandeira é unha empresa, moitas veces cun volume moi importante, con tecnoloxía, con xestión, aí hai unha oportunidade enorme. Ao final, todo empeza na casa, en como falamos do rural, en como o valoramos, no ambiente que xeramos. E aquí, en sitios como Muimenta, na Terra Chá, iso estase a facer moi ben, nótase que hai identidade, que hai orgullo, que hai continuidade, iso non é casualidade, iso é traballo de moita xente durante moito tempo. Por iso eu son optimista, pero cos pés na terra: hai futuro, pero hai que traballalo.

Está claro que hai unha necesidade por impulsar o sector, que cousas quedan por facer?

Quedan moitas cousas por facer, pero o importante é que cada vez temos máis claro por onde hai que ir. O primeiro é recoñecer a dignida-

“Os primeiros que temos que apostar polo rural somos os empresarios, os gandeiros e as familias”

de do sector, e iso empeza por nós mesmos, polo propio gandeiro, do forestal e agricultor, non falo só de discurso, falo de feitos: de recoñecernos, de crer no que facemos, de ter rendibilidade e de contar con condicións para desenvolver un proxecto de vida digno. O segundo é mellorar a xestión, tanto desde dentro como desde fóra, apostando pola profesionalización, a eficiencia e a adaptación a unha contorna cada vez máis esixente, e desde as administracións, sendo máis áxiles, máis útiles e máis próximas á realidade do territorio. E hai algo que para min é clave: non se trata só de competir, senón de saber onde queres competir. Porque ás veces queremos empezar polo final. Todos queremos gañar, pero poucas veces nos preguntamos que estamos dispostos a perder. Tamén é clave facilitar o acceso a quen quere incorporarse, o relevo xeracional non pode ser un problema administrativo ou económico, ten que ser unha oportunidade real. E hai algo que para min é fundamental: cambiar o relato, temos que falar do rural desde o valor, desde a capacidade, desde o que achega, non desde a queixa. Ás veces estamos instalados na queixa constante e non somos conscientes do que temos, non coidamos o noso. Por iso insisto en cambiar o discurso, para cambiar a percepción, e iso inflúe directamente nas decisións. Ao final, non se trata de facer grandes cousas, trátase de facer ben as cousas importantes e facelas xuntas.

pol

“O máis importante para nós é aprender, xuntarnos e pasalo ben”

Sergio Marey, mestre das aulas de pandeireta, que nacen no berce de Leña Verde, defende esta iniciativa local como unha actividade dinamizadora

Como xorde o grupo de pandereiteiras e nunha localidade tan pequena?

O grupo de pandereiteiras xurdiu na asociación cultural Leña Verde porque eu quería colaborar coa asociación e aportar novas actividades. Así, xurdiu a idea de organizar unhas aulas de pandeireta, tendo en conta que Leña Verde estaba a celebrar o seu 30 aniversario, o que tamén ofrecía a oportunidade de recordar aqueles tempos nos que se impartían clases. Propúxenllo á asociación, a quen lle pareceu ben, e lanzamos a convocatoria para quen quixese participar nestas aulas. A inscrición foi numerosa, o que demostrou que había interese e ganas de participar. Este tipo de actividades son especialmente importantes nos concellos rurais e pequenos, que necesitan dinamización cultural.

Que persoas conforman o grupo?

Agora mesmo temos 15 persoas e son todas mulleres menos un rapaciño, e hai de todas as idades, xa que temos unha nena de 11 anos e hai persoas de ata 70 anos. Ademais, non só vén xente de Pol, tamén hai xente doutras parroquias e incluso de Lugo e pode apuntarse calquera persoa interesada nas aulas. Así, xuntámonos os venres antes do ensaio de Leña Verde, ás 20.30 horas, e facemos ensaios de



arredor dunha hora.

En que consisten os ensaios?

Nós empezamos desde o máis básico. Aprendemos pouco a pouco a tocar a pandeireta e imos traballando en perfeccionar cada tipo de toque, ademais de aprender a cantar, así seguimos o exercicio toque-canto que facían as verdadeiras pandereiteiras. Ás veces, o toque-canto angustia un pouco, pero cóllese o truco moi rápido, non é que sexa cortar unha cenoria, pero imos aprendendo pouco a pouco, e sobre todo pasámolo ben. Abrazamos o erro, buscamos onde nos equivocamos e aprendemos, facemos que todo sexa moi amigable, para que a xente non lle colla medo. O importante é aprender, xuntarnos e pasalo ben.

O máis importante é darlle a Pol unha actividade para dinamizar a

vida cultural da vila, non?

Exacto, reunímonos arredor de algo tan chulo como é a nosa tradición e desde o principio intentamos que perdan o medo a tocar a pandeireta e a cantar. Ademais, cantar en grupo non é o mesmo que cantar individualmente. O que importa é como sonemos todas e que a variedade de voces sonen ben de forma conxunta. Ao final, estas pequenas cousas axudan a que haxa unha apreciación cara ao noso, porque intento ensinarlles cancións que son de aquí de Pol e así tamén damos a coñecer a tradición da pandeireta, e non só da gaita, porque temos grandes referentes na gaita, pero ás veces se nos esquece que hai unha gran riqueza en pandeireta, como Dorothe Schubarth, unha das grandes musicólogas da nosa tradición, que visitou Pol varias veces.

Pol prepárase para celebrar o día 25 o seu xantar dirixido á terceira idade

Pol celebrará o sábado 25 de abril a súa tradicional comida da Terceira Idade, que nesta ocasión acada a súa trixésima edición, unha cifra redonda que converte esta convocatoria nun aniversario especialmente significativo para a veciñanza.

Os actos darán comezo ás 13.30 horas coa celebración dunha misa, que servirá como acto previo ao xantar de confraternidade. Tanto a cerimonia relixiosa como a comida terán lugar no pavillón polideportivo municipal de Mosteiro, espazo habitual desta celebración.

As persoas que desexen asistir deberán confirmar a súa presenza antes do 21 de abril, ben nas oficinas municipais ou a través dos números de teléfono 982 345 029 e 982 345 038.

O BNG leva ao Parlamento a situación do centro de saúde

O Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada Olalla Rodil, rexistrou no Parlamento unha iniciativa para reclamar á Xunta que cubra de maneira permanente a praza vacante de médica/o no centro de saúde de Pol, tras a xubilación da persoa titular e a decisión do Sergas de non garantir unha substitución estable quedando só unha praza cuberta de maneira permanente.

A iniciativa foi presentada pola deputada do BNG Olalla Rodil, quen alerta de que a situación actual está a provocar, na práctica, unha merma na calidade asistencial e un recorte na atención sanitaria.

Segundo explica Rodil, na actualidade o centro de saúde conta con un facultativo permanente e con

profesionais itinerantes que acoden 3 días á semana durante 4 horas, o que está a xerar unha enorme incerteza entre a poboación. Estase cubrindo con 12 horas o traballo que facía un médico a tempo completo. “A veciñanza de Pol nunca sabe con quen se vai topar na consulta pois estes facultativos son itinerantes o que provoca incerteza e unha situación absolutamente inaceptable nun servizo público esencial”, denunciou.

A deputada advertiu de que esta falta de cobertura estable obriga ás persoas usuarias a “agardar sen saber cando poderán ser atendidas ou desprazarse ao PAC de Meira”, unha alternativa que resulta especialmente complicada nun concello rural e envellecido.



Manuel Requeijo pide o apoio da Xunta para relanzar a Marca Muras

O alcalde, Manuel Requeijo, mantivo unha reunión coa Conselleira de Medio Rural, María José Gómez, para abordar diferentes aspectos relacionados co sector gandeiro.

Requeijo expúxolle á conselleira os avances realizados nos últimos meses na creación da Marca Muras. O proxecto, que o Concello está a desenvolver coa colaboración da área de Rural da Deputación de Lugo e da USC, encara unha nova fase centrada en accións de formación e asesoramento dirixidas ás producións locais, e na busca de financiamento e colaboración en diferentes niveis. Requeijo solicitou o apoio da Consellaría para a validación e o lanzamento da marca, que articulará o apoio e promoción da produción agrogandeira no municipio, fundamentalmente carne de vacún, poldro, horta e mel, e o impulso de iniciativas de transformación e valorización.

O alcalde tamén demandou a colaboración da Consellaría de Medio Rural cos cargadoiros de poldros e gando de vacún promovidos polo Concello para centralizar en Muras a pesaxe e transporte dos animais

aos cebadoiros, facilitando a xestión directa da venda por parte dos gandeiros e gandeiras da contorna.

Requeijo compartiu o traballo desenvolvido polo goberno municipal no posicionamento de Muras e do Xistral como referente na produción gandeira e apícola con dúas citas consolidadas como Feira do Poldro e Gando de Monte e a Feira do Mel do Viveiro, para as que solicitou a colaboración da Consellería.

Ademais, o alcalde solicitoulle a María Xosé Gómez que se amplíe a cobertura de axudas para novas incorporacións e plans de mellora da Xunta de Galicia que, coa configuración actual, teñen un escaso impacto nun concello que conta con 140 producións, na súa maioría familiares e de pequenas dimensións, que funcionan como actividade complementaria.

Requeijo tamén lle trasladou á Conselleira a preocupación das gandeiras e gandeiros polo impacto nos prezos do acordo UE-Mercosur, que afectará especialmente ás producións de carne, maioritarias no municipio.

Luz verde ambiental para unha planta de residuos plásticos

A Xunta de Galicia acaba de dar luz verde ambiental a un proxecto para a valorización de residuos non perigosos (envases plásticos) no concello de Muras.

Segundo se conclúe no informe de impacto ambiental (IIA) emitido pola Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático e que se publicará proximamente no Diario Oficial de Galicia, non son previsibles efectos adversos significativos derivados do proxecto, sempre que se cumpran os condicionantes fixados tanto no documento ambiental e na restante documentación analizada, como na propia resolución autonómica. Neste sentido, o informe foi elabo-

rado no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada desta iniciativa empresarial, un trámite no que a documentación presentada polo promotor foi sometida a participación pública, sen que se recibise ningún escrito ou alegación ao respecto, ao tempo que foron consultados un total de dez organismos interesados.

Froito desas consultas, realizaron a valoración correspondente e estableceron condicionantes que se engaden aos incluídos no propio programa de vixilancia ambiental que recolle a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

Unanimidade no Parlamento para axilizar a construción do polígono

A proposta do BNG, o Parlamento galego aprobou por unanimidade unha iniciativa para “instar á Xunta a implicarse no desenvolvemento do polígono industrial de Muras, axilizando os procesos administrativos para comezar canto antes a súa construción”.

O deputado da Mariña, Dani Castro, foi o encargado de defender a iniciativa na Comisión 6ª, na que instou o Goberno do PP a deixar de “poñer paos nas rodas” e impulsar dunha vez o parque, que o Concello demanda desde hai anos e que teñen solicitado expresamente empresas asentadas na zona.

En concreto, Castro referiuse a “dúas potentes empresas do sector do plástico” que xa teñen manifestado que precisan máis metros cadrados para desenvolver a súa actividade económica e que, namentres non

se saca adiante o polígono, teñen que conformarse con “ir mercando as poucas finquiñas que teñen arredor”.

O BNG levou de novo a debate a reclamación de impulsar o polígono tras votar en contra o PP a unha iniciativa similar en 2022 e despois de anos de “comportamento un tanto estraño” por parte da Xunta, criticou o deputado nacionalista, lembrando que o Concello de Muras solicitou formalmente o polígono en 2018 e que desde entón o que fixo de xeito recorrente o Executivo galego foi pedir “informes e máis informes” que acababan “paralizando” o proxecto. O deputado do BNG subliñou así mesmo o importante que é o polígono non só para Muras, un concello de tan só 600 habitantes pero cunha importante actividade ligada ao sector eólico, senón para o futuro de

toda a comarca da Mariña na que, segundo datos da propia Xunta, se perderon nos últimos quince anos 600 postos de emprego industrial, pecharon numerosas empresas e onde “segue pendendo dun fío a maior potencia industrial”, subliñou en alusión a Alcoa.

“Fai falta empresa en toda a Mariña, en todo o País, pero sobre todo no rural”, recalcou Dani Castro, que criticou as trabas postas até o de agora pola Xunta ao polígono de Muras, máis tendo en conta que hai unha demanda real por parte das empresas. Unhas trabas que, deslizou, levan a preguntarse se o comportamento do PP na Xunta está relacionado con quen goberna en Muras. Concello que, lembrou, veuse na obriga a reformar o centro de saúde ou a CEIP Antía Cal, “enteritos”, por falta de colaboración da Xunta.

A Xunta arquiva un proxecto eólico ao non superar a avaliación ambiental

A Xunta de Galicia decidiu archivar sete proxectos de parques eólicos previstos nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra despois de que non superasen o procedemento de avaliación ambiental.

No caso da provincia de Lugo, os proxectos que quedan definitivamente arquivados son Caroliño, previsto entre os concellos de Cervo e Xove e promovido por Naturgy Renovables; Pequecho, tamén impulsado por esta mesma empresa e situado entre Viveiro e Xove; e Hépotas II, localizado no municipio de Muras e promovido pola empresa Hépotas SLU.

Na provincia da Coruña quedan sen continuidade dous proxectos. Trátase da ampliación do parque eólico Graiade, situado no concello de Porto do Son e promovido por Eólica de Graiade, así como do parque Fontella, previsto entre os municipios de Aranga e Oza-Cesuras e impulsado pola compañía Galenergy.

Pola súa banda, na provincia de Pontevedra arquivanse os proxectos Chan do Eixo, situado entre A Cañiza e Covelo e promovido pola sociedade Parque Eólico Chan do Eixo, e Merendón, previsto entre os concellos de Oia e O Rosal e impulsado pola empresa Tiraventos.

As resolucións levan a sinatura da directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría.

Abre un novo prazo para solicitar as axudas da luz, que aumentan a contía

O Concello de Muras volveu convocar as axudas da luz ao consumo doméstico, unha iniciativa pioneira tanto en Galicia como no resto do Estado, coa que busca compensar a veciñanza polo impacto da instalación de aeroxeradores e garantir o acceso á enerxía en condicións dignas.

Este ano as axudas recibirán un novo aumento, logo do acordo ao que chegou o Concello con Iberdrola. O pacto permitirá aumentar tanto a contía que perciben os veciños e veciñas e consolidar un modelo pioneiro de retorno social da produción eólica no territorio como os ingresos municipais.

Así, o mércores 1 de abril, abriuse o prazo para pedir as axudas, durante todo o mes presentando a solicitud de axuda, o DNI, facturas do 2025, certificado de conta bancaria e a declaración do IRPF entre o outros documentos.

“Máis do 90% da poboación solicita estas achegas, o que demostra a excelente acollida desta medida social”, asegurou o alcalde, Manuel Requeijo.

As axudas, enmarcadas dentro da Liña 1 do programa municipal, teñen como obxectivo sufragar total ou parcialmente o custe do consumo eléctrico habitual nos fogares, e este ano inclúen un incremento notable: poderanse recibir ata 800 euros por

unidade familiar, segundo o tramo de renda, debido ao aumento do importe.

Na Liña 2 de axudas para empresas de pequeno e mediano tamaño o tope da axuda está no 1.700 euros.

Dende a súa posta en marcha en 2016, o Concello de Muras consolidou esta medida como un dos piares fundamentais da súa marca de municipio, baseada no aproveitamento dos recursos naturais ao servizo do benestar da súa xente. O obxectivo a medio prazo é acadar o gasto cero na factura eléctrica para a maior parte da veciñanza.

As achegas benefician directamente á calidade de vida da poboación, contribuíndo tamén a fixar poboación no territorio e a combater a pobreza enerxética.

As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitud de forma presencial no rexistro do Concello de Muras, de luns a venres en horario de 08:00 a 12:00 h, ou a través da sede electrónica municipal. As bases completas publicaranse nos vindeiros días no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

En virtude do convenio, Iberdrola alcanzará 125.000 euros fixos ao ano ao Concello de Muras para financiar as axudas á electricidade, unha cantidade que se actualizará conforme ao IPC.

Convocada a X Romaxe Artesá para o 23 de maio

O Concello de Muras ten previsto celebrar o día 23 de maio a unha nova edición, a décima, da Romaxe Artesá da Chaira, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida.

A organización xa presentou o cartel mentres está perfilando a programación, na que figuran moitas das actividades que se celebraron en anos anteriores.

As previsións son que haberá exposición de artesanía, xogos tradicionais, demostracións en directo dos



diferentes artesáns, charlas e música. Tamén acostuman facerse obradoiros para adultos e para nenos.

EN BREVE



O VIVEIRO. O PP comparte a preocupación dos veciños e veciñas polo “abandono” do Campo da Feira do Viveiro, despois de realizar obras de humanización cofinanciadas pola Deputación de Lugo e o Concello fai pouco máis de dous anos.



PSOE. A Asemblea Extraordinaria da agrupación socialista de Muras acordou a elección e constitución da nova Comisión Executiva Municipal. A voceira do PSDeG, Jennifer Gómez Galego, estará á fronte da nova dirección local co obxectivo de fortalecer o proxecto socialista.



POLDROS. O Concello e ACGEMA habilitarán de novo un cargadoiro no recinto habitual da Feira do Poldro na Gañidoira. Será o 18 de abril, en horario de mañá. Esta iniciativa enmárcase dentro do programa municipal da Marca Muras.



Celebrarase o 17 de abril a segunda Feira do Libro cun programa ampliado

O Concello e o CEIP Laverde Ruiz organizan a segunda edición da Feira do Libro, que terá lugar o 17 de abril, unha iniciativa que regresa tras a boa acollida acadada o pasado ano, cando reuniu a dez escritores e escritoras que participaron en sinaturas de exemplares da man de tres librarías presentes durante toda a xornada. Na primeira edición, a actividade desenvolveuse cunha ampla participación, especialmente durante a mañá, cando o alumnado do centro educativo asistiu ás propostas programadas, entre as que destacaron sesións de contacontos e a actuación do mago David. Pola tarde, a feira abriu ao público xeral, con actividades dirixidas a todas as idades e cun peche musical protagonizado pola

Escola de Música de Outeiro de Rei. Para este ano, a organización aposta por ampliar a proposta cun horario de 10.00 a 14.30 horas e de 16.00 a 20.00 horas. A feira contará cun maior número de escritores, aínda que polo momento non se fixeron públicos os seus nomes, e incrementará tamén a presenza de librarías, que serán cinco nesta ocasión. O programa incluírá novamente contacontos e obradoiros, ademais doutras actividades pensadas para dinamizar a xornada e atraer público de todas as idades. Pola tarde celebrarase un sorteo organizado polo Concello, mentres que o peche do evento correrá a cargo do mago David, que regresará para poñer o broche final á feira.



Estreouse con éxito a súa nova feira mensual

Outeiro de Rei celebrou este sábado a primeira edición da súa nova feira mensual, unha iniciativa que pretende converterse nun punto de encontro periódico arredor da tradición, o comercio local e a gastronomía. Baixo a choiva pero con numeroso público, arrancou esta iniciativa que pretende ofrecer unha nova oportunidade para desfrutar do ambiente da feira, descubrir produtos locais e compartir unha xornada de lecer en familia. A partir de agora, a localidade acollerá cada mes unha nova cita pen-

sada para reunir á veciñanza e ás persoas visitantes nun ambiente festivo e familiar. A feira celebrarase os segundos sábados de cada mes e terá como escenario a praza e a rúa do Concello, espazos nos que se poderán atopar postos con produtos variados e propostas gastronómicas para todos os gustos. A organización do evento corre a cargo da Asociación de Veciños de Santa Isabel, que conta coa colaboración do Concello de Outeiro de Rei para poñer en marcha esta nova actividade.

Unha sentenza culpa ao alcalde de vulnerar os dereitos da oposición

O xulgado do contencioso vén de ditar unha sentenza na que se dá a razón ao BNG de Outeiro Rei porque o alcalde "vulnera os dereitos dos concelleiros e concelleiras do Bloque Nacionalista Galego no exercicio das súas funcións nos plenos municipais".

A resolución xudicial dá a razón ao grupo municipal do BNG ao recoñecer que se produciron actuacións que lesionaron os seus dereitos como representantes públicos, "especialmente no relativo á participación e ao exercicio da súa función de control e fiscalización do goberno municipal".

Dende o BNG subliñan que esta sentenza confirma o que levan anos denunciando publicamente: "unha for-

ma de actuar por parte da Alcaldía que limita a participación da oposición e que dificulta o normal funcionamento democrático da institución municipal". Neste sentido, sinalan que durante anos veñen advertindo dun comportamento que consideran "claramente antidemocrático" por parte do alcalde de Outeiro de Rei.

Para o grupo municipal nacionalista, o seu traballo no Concello non ten outro obxectivo que trasladar ás institucións as demandas e preocupacións da veciñanza. "Presentar e debater iniciativas que a propia veciñanza nos traslada é precisamente o que este grupo municipal tenta facer, cumprindo coa responsabilidade que temos como representantes pú-

blicos", sinalan.

A formación nacionalista considera especialmente relevante que a propia sentenza afee ao Concello determinadas prácticas que limitaban a participación do grupo municipal do BNG nos plenos. Así mesmo, pon de manifesto "a necesidade de contar cun regulamento que estableza con claridade o funcionamento das sesións plenarias e garanta os dereitos de todos os representantes públicos".

Dende o BNG sinalan que o recurso á vía xudicial foi unha decisión adoptada "para defender os dereitos democráticos e garantir que a corporación municipal funcione con normalidade institucional, respecto e transparencia".



Escollidos as mellores obras de recitado poético

A Casa-Museo Manuel María acolleu este sábado a décima edición do Concurso escolar de recitado poético da obra de Rosalía de Castro e Manuel María, unha cita que reuniu a escolares de distintos puntos de Galicia e que se desenvolveu cunha ampla participación. O certame, titulado Rosalía sempre viva, contou coa presenza de alumnado de entre 6 e 18 anos procedente de diferentes centros educativos.

A xornada desenvolveuse en dúas sesións, unha pola mañá e outra pola tarde, nas que os participantes ofreceron as súas interpretacións poéticas nun concurso que destacou pola calidade das recitacións e pola variedade das pezas escollidas. Esta fase final chega despois dunha primeira etapa celebrada previamente nos propios centros de ensino, onde cada colexio e instituto realizou a súa selección interna do alumnado participante.

Na primeira categoría, correspondente ao alumnado de 1º, 2º e 3º de primaria, o premio foi para Xoel Pintor Aira, do CEIP Concepción Arenal

da Coruña, pola recitación do poema O carro, de Manuel María. Na segunda categoría, dirixida ao alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria, o gañador foi Nicolás Teijeiro Castosa, do CEIP Veleiro Docampo de Castro de Ribeiras de Lea, co poema Galiza, tamén de Manuel María.

Na terceira categoría, que inclúe estudantes de Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos, o xurado decidiu outorgar o premio a dúas persoas: Pablo García Martínez, do IES de Foz, pola recitación do poema Acolá enriba, de Rosalía de Castro, e Lidia Parceró Gómez, do Colexio Maristas de Lugo, polo recitado do poema Prá Habana, tamén da autora compostelá.

Ademais, o certame concedeu mencións honoríficas a Dennis Rubianes Baltrán, do CEIP A Lomba de Vilagarcía de Arousa, na segunda categoría, pola recitación do poema Quixente tanto, meniña, de Rosalía de Castro; e a Laura Maceira Otero, do IES Francisco Aguiar de Betanzos, na terceira categoría, polo poema Vivir para ver, tamén da escritora galega.

Organizan un obradoiro sobre repouso e sono

O Concello de Outeiro de Rei organiza para o venres 24 de abril, en colaboración coa Consellería de Sanidade, un obradoiro de Repouso e Sono, que terá lugar no salón de actos da casa da cultura, en horario de 17:00 a 19:00 horas.

Durante este obradoiro está previsto que se traten diferentes temas en relación cos ciclos do sono, factores que alteran o descanso, relación entre o sono e funcións vitais, mitos frecuentes e claves prácticas para durmir sen necesidade de pastillas. A actividade estará impartida por Olga Roca Bergantiños, unha enfermeira da Área sanitaria de Lugo.

As comisións de festas poden pedir unha actuación

O Concello de Outeiro de Rei, a través da Escola de Música Asociación Músico Crisanto pon á disposición das parroquias, asociacións e comisións de festas deste municipio que o soliciten, catro actuacións anuais de carácter gratuito; as actuacións poderanse programar en horario comprendido entre as 11.00 e as 21.00 horas e terán unha duración aproximada de 45 minutos. Pódense solicitar as agrupacións da Coral e do Grupo Tradicional. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 24 de abril, debendo presentarse no rexistro municipal.

TERRA CHÁ

Olimpia López supervisa as obras de emerxencia realizadas na A-6

A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, supervisou as actuacións de emerxencia que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible está a executar na autovía A-6, incluídas no plan extraordinario posto en marcha para reparar os danos provocados polo tren de borrascas deste inverno.

Estas intervencións forman parte dun paquete de actuacións que abrangue tamén as estradas N-6 e N-640, cun investimento conxunto de 2,9 millóns de euros destinado á rehabilitación do firme e á mellora das condicións de seguridade viaria nas principais vías de acceso e conexión coa cidade.

Durante a visita, Olimpia López destacou que o Goberno está a actuar “con planificación e medios técnicos” para dar resposta aos efectos das intensas choivas dos últimos meses, que provocaron un deterioro significativo en distintos puntos da rede estatal na provincia.

A subdelegada puxo en valor a importancia destas actuacións no en-



torno de Lugo, onde se concentra un elevado volume de tráfico diario, tanto de vehículos particulares como de transporte de mercadorías. “Estamos a actuar en vías fundamentais para a mobilidade da cidadanía e para a actividade económica, garantindo que estean en condicións axeitadas”, sinalou.

López incidiu en que este plan extraordinario responde a unha situación excepcional derivada de varios

meses consecutivos de borrascas, lembrando que o Goberno iniciou as obras “en canto as condicións meteorolóxicas o permitiron”, como xa indicara noutras visitas realizadas na provincia.

“A conservación das estradas é unha tarefa continua, pero en situacións como esta é necesario reforzar os medios e actuar con maior intensidade para garantir a seguridade viaria”, afirmou.

A Fundación Caixa Rural Galega lanza a unha nova edición das Bolsas de Posgrao

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas anuncia a apertura da V Edición das Bolsas de Posgrao, unha convocatoria destinada a apoiar a formación especializada de mozos e mozas titulados universitarios que desexen ampliar a súa preparación académica en centros de reconecido prestixio, tanto en España como no estranxeiro.

Estas bolsas teñen como finalidade promover a excelencia académica, impulsar a especialización en áreas estratéxicas e contribuír ao desenvolvemento profesional do talento novo, poñendo especial atención no compromiso con Galicia, tal e como recollen as bases da convocatoria. As bolsas estarán dotadas cun máximo de 40.000 euros, destinados a cubrir estudos oficiais de máster ou tese doutoral en centros de recoñecido prestixio, tanto nacionais como internacionais.

A convocatoria está dirixida a persoas tituladas universitarias que cumpran os requisitos detallados nas bases, entre os que se inclúen a vinculación con Galicia, a acreditación académica e a admisión no centro de destino.

O Tecor Terra Chá dá por finalizada a tempada

A tempada cinexética no Tecor Terra Chá chegou ao seu remate. Durante o mes de marzo concéntranse as tarefas administrativas necesarias para facilitar que os socios poidan limitarse á renovación da súa cota anual e dispoñer de toda a documentación en regra.

Nas últimas semanas desenvóléronse diversas actividades que contribuíron a dinamizar o tecor, entre elas probas de cans de parada organizadas pola Federación Galega de Caza e pola Sociedade Canina Galega, así como unha nova edición da quedada ceteira e xa consolidada como unha cita destacada do calendario. Estas iniciativas reforzan a promoción dunha caza responsable e o uso deportivo do territorio.

A sociedade xa elaborou a memoria cinexética correspondente á tempada 2025–2026, un documento obrigatorio que recolle datos sobre capturas, cupos, xornadas efectivas de caza, competicións, soltas de especies, actividades ambientais e melloras do hábitat. Este informe resulta esencial para garantir unha xestión sostible e transparente e

debe presentarse antes da aprobación do PAAC 2026–2027 por parte da administración.

No ámbito administrativo, abonouse a taxa anual da Xunta de Galicia pola matrícula do tecor, que ascende a 3.414,29 euros. Ademais, resolveuse favorablemente unha reclamación presentada ante a Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones por un caso no que a aseguradora non asumira a defensa xurídica da entidade. A resolución recoñece o dereito da sociedade a reclamar os custos asumidos e abre a porta a unha posible indemnización, ao tempo que se incoará expediente á compañía implicada.

En canto ás axudas, o tecor recibiu unha subvención da Deputación de Lugo de 4.252 euros, correspondente á anualidade 2025, o que supón un incremento significativo respecto ao ano anterior. Tamén se concedeu unha axuda de 1.015,43 euros por parte da Xunta de Galicia para a adquisición dun desfibrilador semiautomático. Paralelamente, iniciáronse novas solicitudes de financiamento para 2026.

A Confederación comeza coa repoboación nos ríos

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil iniciou actuacións de repoboación de material forestal en distintos tramos fluviais da provincia. A intervención, ao longo de 4.130m, ten como obxectivo repoboar as zonas desprovistas de vexetación arbórea nos rasos existentes no leito. A repoboación realizarase con especies arbóreas formadoras de bosque de ribeira mediante estaquillado e plantación de Fraxinus excelsior (freixo), Betula celtiberica (bidueiro) Alnus lusitanica (amieiro autóctono) e Acer pseudoplatanus (arce)

Os traballos proxectados supoñen a continuación de intervencións anteriores nas que se mellorou o

estado xeral do bosque de ribeira, realizando podas selectivas e eliminando os pés mortos e/o enfermos; mellorando ademais a capacidade hidráulica coa retirada de tapóns, restos vexetais, etc.

Os leitos afectados son o Miño ao seu paso por Cospeito, Outeiro de Rei, Begonte e Castro de Rei. Tamén actuará no Pol e no Rubiños e Augalevada de Lugo. No Corgo traballarán no Maceda e o Tórdea e en Chantada na Asma.

Tamén no sur repoboarase en Monforte, o Sapo, Veigas, Malloadas, Penela, Cabe (neste caso tamén en Sober) e Arroxo. Por último, repoboarán Dá Ventosa, en Ribas de Sil.



O PSdeG denuncia o “abandono” da atención primaria na provincia

O PSdeG denunciou o “abandono” da atención primaria na provincia por parte do Goberno galego, tras anos de recortes e falta de planificación. Fíxoo a través da secretaria de Organización do PSdeG, Lara Méndez; que estivo acompañada pola voceira do PSdeG na Deputación, Pilar García Porto; o alcalde de Xermade, Roberto García Pernas; e o alcalde de Ribeira de Piquín, Roberto Fernández Rico.

Lara Méndez enmarcou a situación da provincia nun problema de fondo a nivel galego e advertiu de que a crise sanitaria responde a un fallo estrutural do sistema. “Galicia está a cola da atención primaria e vive as peores listas de espera da década. Non é una percepción: é un dato oficial do CIS e do propio Sergas. O problema non é a demanda, é a falta de xestión da Xunta”, afirmou. Méndez subliñou o incremento da preocupación social pola sanidade,

cun nivel de insatisfacción que pasou do 75% ao 90% na última década, e sinalou que “non estamos ante un problema puntual, senón ante unha evolución negativa sostida”.

A dirixente socialista puxo cifras a este deterioro, con preto de 400.000 persoas en listas de espera e un incremento de máis de 20.000 en apenas seis meses. “Un de cada catro galegos necesitaba unha consulta e non a conseguiu”, subliñou.

Tamén destacou o aumento dos tempos de agarda en probas e intervencións: “agardar medio ano por unha proba pode marcar a diferenza entre chegar a tempo ou non”, e engadiu que “estamos a falar de preservar o maior patrimonio que temos a título individual, que é a nosa saúde”.

Méndez responsabilizou directamente ao PP pola falta de planificación e de reforzo do sistema público na Xunta.

COLABORACIONES

A “Furia épica” dos psicópatas

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Tump, despois de vulnerar as leis internacionais bombardeando Venezuela, secuestrar ao seu presidente e petroleiros en augas internacionais para quedarse co seu petróleo, mentres a ONU e a Comunidade Europea, tan submisas as ordes estadounidense de bloquear Rusia miraba para outro lado, obedeceu as ordes do nazi e xenocida israelí que pretende asasinar e votar fora aos diferentes pobos desas nacións para facer “O Gran Israel” en todo o Oriente medio e o aspirante ao Premio Nobel da Paz, nun acto de “Furia épica”, atacou ao pacífico pobo de Irán, empezando unha guerra tan inútil como innecesaria, que seica ía ser moi curta, pero que non se sabe cando nin como vai rematar. O que si se sabe é que a primeira semana costoulle aos contribuíntes ianquis 11.300 millóns de dólares; mais de 1.000 millóns ao día; para rebentar escolas de nenas, bombardear, refinerías de petróleo, asasinar a mais de 1.400 civís e ao seu Líder Supremo, Ali Khamenei; afundir barcos, porque seica “é mais divertido que detelos” e outros terribles asasinatos en hospitais e residen-

cias civís, actos que so poden ser divertidos para o cerebro infantil dese psicópata e do maldito nazi xudío.

Di que contaba con probas sólidas e contundentes de que Irán ía atacar a Estados Unidos, pero Joe Kent, director del Centro Nacional de Contraterrorismo, elixido por el mesmo, dixo: “Tras moita reflexión, decidín dimitir do meu posto, con efecto a partir de hoxe. Non podo, coa conciencia tranquila, apoiar a guerra en curso en Irán. Irán non representaba ningunha ameaza inminente para a nosa nación, e está claro que iniciamos esta guerra debido á presión de Israel e do seu poderoso ‘lobby’ en Estados Unidos”. Aseguraba, cando empezou, que era cousa de tres días ou dunha semana, que ía cambiar o réxime e poñer no poder a quen elixira el, pero ao cabo de 11 días os antigos persas deixaron inservibles todas as bases que os estadounidenses tiñan en oriente medio: Arabia Saudita, Bahrein, Exipto, Emiratos Árabes Unidos, Iraq, Israel, Xordania, Kuwait, Siria e Qatar, este último coa maior base estadounidense en toda a rexión. Ao cabo deste tempo, a intelixencia estadounidense vía que o poder militar de Irán seguía intacto e non corría risco de colapso inminente despois dos bombardeos estadounidenses e israelís e que, cando o obxectivo era un cambio

de réxime, a cidadanía iraniana estaba mais unida que nunca aos seus dirixentes.

Cando presumía de haber gañado a guerra, o ridículo e a humillación foi grande ao ter que retirar os portaavións, que dicía ser os mais poderosos do mundo: Primeiro o USS Gerald R. Ford, ao ser alcanzado por tres mísiles supersónicos e despois, o día 13 de febreiro, tiveron que retirar o USS Abraham Lincoln nunha “Fuga épica”, pois tamén ía ardendo debido a “un accidente”.

Cando empezaron esixían a Irán unha rendición incondicional, pero despois de quince días estaban buscando axuda dos europeos da OTAN, de Xapón, Australia e incluso da propia China, para abrir a circulación marítima libre no estreito de Ormuz, pero, co Estado Español á cabeza dixéronlle que non, e incluso a dereitista Kaja Kallas díxolles: “Esta non é a nosa guerra”, que é como dicirle “Alá ti, amáñate como poidas” e despois da negativa dixo que xa sabía que eran uns covardes e que non lle facían falta. Quería que lle axudaran a conseguir a libre navegación no estreito de Ormuz, pero non se acordaba de cando el exercía de pirata, secuestrando barcos petroleiros en augas internacionais nos distintos océanos.

Despois, EE.UU e Israel bombardearon as refinerías en Teherán,




o xacemento de gas mais grande do mundo e ameazounos con bombardear as súas centrais eléctricas si antes de 48 horas non abría o estreito de Ormuz, pero ao contestarlle Irán con un mapa das centrais eléctricas que bombardearían eles en todo o oriente medio e as plantas de desalinización, deixando a escuras e sen auga potable a todos os países da zona, antes de que cumprira o prazo, reaccionou coa mentira de que tivera conversacións con “alguén de Irán” e que paraba a guerra durante unha semana, pero Irán seguiu atacando. Veremos como remata esta agresión, pero a día de hoxe, cando envío este artigo, penso que o pedófilo asasino ianqui e o nazi

xenocida xudío, autores tamén do holocausto palestino e libanés, están perdendo a guerra, pero non saben como saír do embrollo sen facer o ridículo. O gorila laranxa minte con falsas negociacións, que Irán nega; faino para enganar os mercados de petróleo e que el, os seus familiares e amigos o merquen barato, ao falar de negociación e dar treguas e que o vendan cando suba, por mandar 3.000 marines ao estreito. Toma a guerra como si fora un xogo de nenos de dez anos e dixo que Iran xa non tiña quen collera o poder para gobernar o país e minte tanto que incluso asegurou que nas negociacións lle chegaron a ofrecer o cargo de aiatolá, pero el, igual que Feijóo, non quixo.

A morte dos ameneiros

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Tería un que remontarse corenta anos atrás, nas primeiras clases no instituto, cando unha profesora de galego mandou realizar ós seus alumnos unha tradución na cal comezaba a frase falando dunha árbore que en castelán se denominaba aliso.

Un non estudara a lección, cómpre recoñecer, polo que non tiña nin a máis remota idea que os ameneiros de toda a vida, os mesmos que medran a carón dos ríos e de considerables dimen-

sións, eran chamados na lingua de Cervantes alisos. A mestra en cuestión, por ese erro e por outros máis adiante, decidiu poñer como nota da materia de lingua galega un moi deficiente na primeira avaliación. Empatía e facultades pedagóxicas da docente brillaron pola súa ausencia e así sentenciou, inicialmente, a un xa daquela galego falante, galego pensante e galego militante. A final de curso, a valoración foi totalmente oposta, debemos sinalar.

Pois están os susoditos ameneiros de actualidade, xa que a súa vida periga pola ameaza dun fungo de raro nome. Un mal que leva actuando desde hai un par de décadas por varios países eu-

ropeos e que non semella doado atopar o antídoto para combatalo. Aquí en Galicia, afectou con forza na conca do Avia, pola Limia, e tamén na nosa bisbarra. O decaemento do ameneiro obsérvase dando unha volta polas ribeiras de ríos e regatos; as outrora árbores senlleiras, que podían chegar a superar os vinte metros de altura, onde as súas follas namoraban con esa cor verde tan característica, semellan hoxe mustias e con pouca saúde, cando non xa secas de todo e mortas.

O ameneiro tivo no País a súa importancia nas economías rurais familiares. En tempos pasados, ata se extraía un tinte negro que se utilizaba na roupa; por suposto,

a cantidade e calidade da súa madeira, moi considerada pola súa lóxica resistencia á humidade. Así mesmo, o valor ecolóxico que ten esta especie é enorme, resultando vital para regular as marxes fluviais e manter a biodiversidade, aínda que a estes aspectos, lamentablemente, non se lles dea o debido e xusto recoñecemento. Os ameneiros, ó igual que os salgueiros e outros máis, nacían, non se plantaban. E a incidencia humana fixo que a paisaxe preto dos nosos ríos e regatos fose mudando co paso dos anos. O cambio no uso do solo, coa utilización das parcelas para cultivos, os pasteiros para o gando e -o peor de todo- a introdución desmedida do eucalip-

to, trouxeron consecuencias que á vista están. A man humana, de novo, influindo de forma negativa na Natureza, buscando o beneficio rápido, aínda que iso supoña levarse por diante a vexetación, a flora e a fauna de sempre, os verdadeiros propietarios. Derivado desa temeraria intervención, un resultado ambiental que pode chegar a ser catastrófico. Como se xa non abondasen esas doenzas estrañas que sabe Deus de onde proveñen e que causan un mal moitas veces irreversible, nosoutros mesmos contribuímos á desfeita, con formas e comportamentos faltos de sentido común e de sensibilidade. Para exemplo, a morte dos ameneiros.

DEPUTACIÓN

A presidenta reúne con Rueda e presenta un decálogo de medidas

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, unha reunión institucional co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, no despacho presidencial de San Caetano, nun encontro que se prolongou durante case dúas horas e no que se abordaron os principais retos e necesidades da provincia.

A reunión fora solicitada pola presidenta no mes de xaneiro, coincidindo co inicio do seu mandato á fronte da institución provincial, co obxectivo de establecer unha canle directa de diálogo e cooperación entre ambas administracións.

Durante a xuntanza, Carmela López fixo entrega ao presidente da Xunta do documento Decálogo para o futuro da provincia de Lugo, no que se recollen dez liñas estratéxicas orientadas a reforzar os servizos públicos, apoiar o municipalismo e impulsar o desenvolvemento económico e social do territorio.

Este documento estrutúrase arredor de ámbitos clave como a administración local, os servizos sociais, as infraestruturas, a sanidade, a educación, o ámbito universitario, a política industrial, a vivenda, o transporte público e a prevención de lumes.

No ámbito institucional, a Deputación trasladou as alegacións presentadas ao anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia, incidindo na necesidade de revisar en profundidade o texto para garantir o respecto á autonomía local. Neste sentido, a presidenta advertiu de que o actual anteproxecto amplía as obrigas e competencias dos con-



cellos e deputacións sen incorporar un financiamento suficiente, o que pode comprometer a súa capacidade de actuación. Así mesmo, puxo o acento na importancia de definir con claridade as competencias municipais e de garantir un modelo de financiamento estable, transparente e adaptado á realidade do territorio. López trasladou aos medios de comunicación a boa acollida que tiveron as alegacións da Deputación ao anteproxecto, “agradeceu o ton construtivo das nosas propostas e o presidente comprometeuse a fixar un novo encontro Xunta-Deputación despois da Semana Santa para analizar as alegacións presentadas por nós nese sentido”.

En materia de servizos sociais, López puxo en valor a rede pública provincial de centros de atención a maiores, que proxecta 18 residencias que supoñen máis de 650 prazas e centos de empregos directos, e trasladou a

necesidade de que a Xunta participe no seu financiamento ou as integre na rede autonómica. “Rueda dixo un non rotundo a colaborar coas nosas residencias ata que a Xunta de Galicia non teña rematado o seu plan de residencias, pero as competencias de servizos sociais son da Xunta e non pode esquecerse”.

Así mesmo, incidiu na situación do Servizo de Axuda no Fogar, no que o incremento de custos está a recaer de maneira crecente nos concellos, polo que se solicitou a actualización dos módulos autonómicos para garantir a súa viabilidade.

No ámbito das infraestruturas, abordáronse proxectos estratéxicos para a provincia, como a VAC Costa Norte na Mariña, a Rolda Leste de Lugo ou a autovía Nadela-Monforte. Tamén se expuxo a conveniencia de transferir á Xunta aquelas estradas provinciais que cumpren unha función de vertebración autonómica.

O Pleno valora os 25,5 millóns de euros do Plan Deputación

O Goberno provincial levou ao Pleno ordinario do mes de marzo o debate e aprobación da relación de actuacións e proxectos que poderán levar a cabo os 67 concellos de Lugo ao abeiro do Plan Deputación 2026. Esta ferramenta, que é o principal instrumento de cooperación cos municipios da institución provincial, impulsará este ano con 25,5 millóns de euros de fondos públicos: 300 actuacións, 274 novos postos de traballo e máis de 200.000 horas de axuda no fogar para 2.000 persoas.

A Deputación achega a este Plan un total de 22,25 millóns de euros, unha cantidade coa que o Goberno provincial reforza o seu compro-

miso de cooperación cos concellos para que poidan manter e mellorar a prestación de servizos á cidadanía. O Plan Deputación, que conta tamén cunha aportación de 3,26M€ dos concellos, ten tres eixos importantes: investimentos, servizos sociais e emprego.

Este programa responde ás necesidades concretas de cada municipio, reforzando a súa autonomía e responsabilidade. Ademais, garante unha distribución dos fondos transparente e baseada en criterios obxectivos, favorecendo así a equidade e o desenvolvemento equilibrado do territorio. O reparto baséase na ponderación dos concellos en

canto a poboación (40%); núcleos de poboación (25%), superficie (20%), ou o envellecemento da poboación (15%), cun límite por municipio dun mínimo de 150.000€ e un máximo de 600.000€.

A aprobación en decembro das bases e do reparto municipal permitiu ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor estes recursos. De feito, este é o sexto ano consecutivo que o Executivo provincial saca adiante o reparto deste programa no exercicio anterior ao seu período de vixencia.

Investirá nas Reservas da Biosfera 340.000 euros

A Xunta de Goberno aprobou unha nova edición das axudas dirixidas ao tecido asociativo das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses. A institución provincial destinará 340.000€ a entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade nestes territorios, a través de diferentes convocatorias. Así o deu a coñecer o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal.

Rivera Capón explicou que estas axudas enmárcanse no compromiso da Deputación coa conservación e dinamización socioeconómica das Reservas da Biosfera e que se convocarán dúas liñas de axudas para actividades, como xa se fixo o pasado ano.

As accións encamiñadas a promover a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios contarán cun orzamento total de 150.000€: 100.000€ para repartir en proxectos que se enmarquen en Terras do Miño e outros 50.000€ para iniciativas que

se desenvolvan nos Ancares. Os solicitantes poderán recibir unha achega económica de entre 2.000 e 12.000€ - con posibilidade de anticipo de ata o 50%- para destinar á reposición de sendas e camiños; conservación de elementos culturais e etnográficos como hórreos, pallozas ou muíños; proxectos que promovan a divulgación do patrimonio das Reservas; ou para fomentar o emprego e a produción local tradicional.

As actividades relacionadas co lecer saudable e a educación ambiental contarán un ano máis cun total de 190.000€: 120.000€ a repartir entre os colectivos que propoñan iniciativas no marco das Terras do Miño; e outros 70.000€ para propostas que teñan lugar nos Ancares Lucenses. Os solicitantes poderán pedir, novamente, entre 1.000€ e 7.000€ por cada proxecto. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación das axudas no Boletín Oficial da Provincia, prevista para despois da Semana Santa.

O PSdeG defende a autonomía local, a paz e o dereito internacional

O Grupo Socialista defendeu no Pleno dúas iniciativas centradas na defensa do municipalismo e dos servizos públicos, así como no compromiso coa paz e co dereito internacional. Por unha banda, presentou unha proposta de Goberno en defensa da autonomía local e do financiamento dos concellos e deputacións fronte ao anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia impulsado pola Xunta; e, pola outra, levou unha moción en defensa da paz e da resolución diplomática dos conflitos.

A primeira das iniciativas aborda o anteproxecto de Lei de Administración Local impulsado pola Xunta, que o PSdeG considera que “lonxe de fortalecer o municipalismo, debilita a autonomía dos concellos e das deputacións, amplía as súas obrigas sen financiamento e incrementa o control da Xunta sobre as entidades locais”.

O Grupo denuncia que o texto nace con importantes deficiencias, tanto no procedemento de elaboración,

ao omitir a consulta pública previa e as memorias económicas preceptivas; como no seu contido, ao introducir cambios que afectan directamente á capacidade de autogoberno das entidades locais.

A segunda iniciativa é unha moción en defensa da paz e do dereito internacional ante a escalada en Oriente Medio, unha situación que, segundo explica Pilar García Porto, “non pode resultarnos allea, nin como persoas, nin como galegas e galegos”.

Subliña o alto custo humano, social e económico dos conflitos armados e advirte que as súas repercusións globais tamén afectan a territorios como a provincia, co seu marcado carácter gandeiro. Lembran que Lugo xa “sufriu dun xeito agudo as consecuencias da guerra de Ucraína sobre os prezos do diésel ou das forraxes” e alertan de que “un novo incremento do prezo do combustible ou o peche de rutas comerciais fundamentais pode ser un novo golpe importante para a nosa economía”.

DEPORTES



Kevin Cuba proclámase campión de España U20 de loita libre olímpica

Kevin Cuba, do Club Loitas Olímpicas Vilalba, proclamouse campión de España na categoría de menos de 97 quilos U20 durante os Campionatos de España celebrados en Madrid.

Cuba completou un campionato moi sólido, no que foi superando os seus rivais ata facerse co ouro nunha das categorías máis esixentes da competición. O seu triunfo supón un novo éxito para o club vilalbés e para a loita galega, que continúa a sumar resultados destacados nos campionatos estatais.

Na cita madrileña tamén participou outro deportista do club, Xiao Seoane, que rematou na sétima posición na categoría de menos de 70 quilos. A selección galega acadou ademais outros importantes resultados durante o campionato. En loita libre feminina conseguiron dous títulos nacionais Nadya Zholtikova, do Club Pontevedra, e Ana Ferro, do Club Senín. Pola súa parte, Joel Castro, do Club Keltoi, tamén logrou o ouro en loita libre olímpica masculina.

Estes resultados permitiron a Galicia rematar na segunda posición por equipos en loita libre olímpica

masculina, mentres que en loita grecorromana e en loita libre feminina acadou o terceiro posto na xeral.

LANGREO. O club tamén participou nos Campionatos de España das categorías U15, U17 e U23, disputados na localidade asturiana de Langreo. O conxunto galego logrou o terceiro posto por equipos nas categorías CESA, correspondentes a U15 e U17, grazas ao alto rendemento amosado sobre o tapiz.

Na categoría U15 sobresaíu Jimena García, que se proclamou campioa de España, mentres que Sara Martínez e Enrique Seoane lograron medallas de bronce. Pola súa banda, Héctor Somoza e Noela González remataron en quinta posición tras superar as repescas. Nesta mesma categoría, tamén destacou o bronce conseguido por Bruno Pintos, do Club de Loita Lugo, así como o décimo posto de Nicolás Seijas.

Xa na categoría U17, Mateo Paredes acadou a medalla de ouro na categoría de menos de 110 quilos e na competición U23, Kevin Cuba logrou a medalla de prata en menos de 97K.

Convocada unha nova edición da carreira e andaina Guitiriz Termal

O Concello de Guitiriz presentou unha nova edición da Carreira Popular Guitiriz Termal, que celebra a décimo sexta edición, acompañada da quinta Andaina, consolidándose como unha das citas deportivas máis destacadas. A proba conta está organizada en conxunto co Club Atletismo Guitiriz e conta coa colaboración da Deputación de Lugo.

A proba terá lugar o domingo 19 de abril, co Campo da Feira como punto neuráxico da xornada, reunindo a participantes de todas as idades nun evento que combina deporte e convivencia. Como principal novidade, este ano celebrarase en horario de mañá.

A carreira está aberta á participación de todas as persoas que o desexen, con diferentes categorías adaptadas por idades, desde biberóns ata categoría absoluta, ademais dunha andaina de 9 quilómetros pensada para todos os públicos.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, quixo agradecer o traballo e a implicación do Club Atletismo Guitiriz e do seu responsable, Antonio Teijido, así como destacar que “estamos moi contentos e orgullosos polo crecemento desta proba co paso dos anos, que ademais incentiva o deporte local, como amosa o crecemento do equipo de atletismo ano tras ano”.



A rexedora tamén quixo facer fincapé no carácter solidario da competición, comentando que “como cada ano, a proba conta cun marcado carácter social, colaborando coa asociación Somos Unidos Contra el Cáncer coa doazón de parte das inscricións e a través da fila cero”.

As probas desenvolveranse ao longo da mañá, con saída da andaina ás 10:00 horas e das distintas carreiras a partir das 12:00 horas, incluíndo percorridos adaptados para as categorías de menores e unha carreira absoluta de 5 quilómetros. A entrega de premios terá lugar arredor das 13:30 horas.

Como ben sendo habitual na proba, este ano tamén haberá compromiso social, xa que 1 euro de cada inscri-

ción destinarase á asociación Somos Unidos Contra el Cáncer, habilitándose ademais unha fila cero para achegas voluntarias, aínda que con esta fila cero non se poderá participar na proba deportiva.

As inscricións estarán abertas ata o 15 de abril ás 23:59 horas a través da plataforma ChampionChip Norte. A participación será gratuíta nas categorías de menores, mentres que a carreira absoluta terá un custo de 5 euros máis aluguer de chip para quen non dispoña del, e a andaina terá un custo de 3 euros para persoas adultas, sendo gratuíta para menores.

No caso de realizar a inscrición o mesmo día da proba, os prezos incrementaranse ata os 10 euros.

Arrinca a primeira edición do Dúatlon Torre dos Andrade en Vilalba

A localidade de Vilalba prepárase para facer historia o vindeiro 19 de abril coa celebración do I Dúatlon Torre dos Andrade - Concello de Vilalba. Esta primeira edición, organizada polo Concello en colaboración co Clube Tríatlon Vilalba, nace con grandes expectativas e un escenario de excepción, tendo a maxestosa torre medieval como testemuña principal dun circuito que se estrea por todo o alto no calendario autonómico.

Trátase dunha proba de dúatlon de estrada puntuable para a Liga Galega de Dúatlon de Estrada, atraendo tanto a competidores de elite como a afeccionados que desexen superar os seus

propios límites nunha contorna única.

O prazo para participar xa está aberto e as inscricións poden tramitarse a través da plataforma oficial da FEGATRI (Federación Galega de Tríatlon). Dende a organización animan a todos os deportistas a non agardar ao último día para anotarse e formar parte desta cita que combina o desafío físico co valor patrimonial da zona. Para máis detalles sobre o regulamento e o percorrido, os interesados poden consultar as ligazóns facilitadas nas redes sociais do evento e da federación, onde Vilalba agarda por todos aqueles que queiran cruzar a meta nesta edición inaugural.

Pastoriza acollerá en abril o seu I Torneo de Pádel Mixto

A localidade de Pastoriza prepárase para o seu I Torneo de Pádel Mixto, que se celebrará durante a fin de semana do 25 e 26 de abril.

Esta iniciativa, organizada pola Asociación Cultural e Deportiva Miño, nace co obxectivo de dinamizar o deporte local e ofrecer un punto de encontro para os amantes da raqueta. O evento contará con dúas categorías de competición e haberá premios para os mellores clasificados en ambas, asegurando así a emoción ata o último minuto.

O prezo da inscrición é de 20 euros por persoa e a organización entregará un obsequio de benvida a todos e cada un dos xogadores inscritos.

Aquelas persoas interesadas en demostrar a súa habilidade na pista ou simplemente pasar un intre divertido poden formalizar a súa participación ou solicitar máis información chamando ao teléfono 659 555 176.

BICICLISTAS GALEGOS



O club ciclista Biciclistas Galegos deu comezo ás súas actividades cicloturistas de 2026 cunha proba celebrada en Lugo na que participaron preto de medio cento de persoas. A cita marcou o inicio dun calendario anual que levará diferentes marchas ciclistas a varios concellos das comarcas da Terra Chá e da Mariña.

O Catro Roldas ascende a Segunda Futgal tras vencer ao Roupar

O Catro Roldas certificou o seu ascenso a Segunda Futgal cunha contundente vitoria por 5-0 fronte ao Roupar na penúltima xornada de liga. O conxunto celebrou así un triunfo histórico que lle permite regresar a unha categoría na que xogou por última vez hai dez tempadas.

O partido estivo marcado polo gran nivel mostrado por todo o equipo, que dominou o encontro de principio a fin para lograr unha vitoria que quedará gardada na historia do club. Os goles chegaron da man de David Orosa e Pepe Cuadrado, que anotaron dous tantos cada un, mentres que José completou a goleada.

Este ascenso chega despois de varios anos nos que o equipo estivo moi preto de dar o salto de categoría. Tras varios intentos frustrados e ocasións nas que o obxectivo quedou ás portas, o Catro Roldas logra finalmente o premio ao traballo realizado ao longo das últimas tempadas.



O equipo pechou a liga cun balance moi destacado: 13 vitorias, 2 empates e 3 derrotas, números que explican a regularidade ao longo do ano. Co ascenso xa asegurado na penúltima xornada, o Catro Roldas uniuse ao Mondoñedo, que tamén logrou a promoción tras recuperar a praza que perdera o pasado ano ao descender de Segunda Futgal. Por detrás na clasificación quedan Muimenta, Abadín, Cazás e Rivesos,

que están a disputar os 'play off' de ascenso.

O último partido da tempada na casa tivo tamén un momento especial para o club. A entidade aproveitou a cita para render unha merecida homenaxe a Miguel Paz Forlín, un dos capitáns do equipo, que se despede do Catro Roldas despois de 15 tempadas marcadas polo esforzo, o compromiso e a entrega coa camiseta do club.

O Galego de Velocidade farase en circuítos da comarca

O Campionato Galego de Velocidade (CGV) 2026 xa ten calendario confirmado e levará a emoción do motociclismo a distintos puntos da comarca ao longo dos próximos meses. A competición, organizada coa colaboración da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Motociclismo, reunirá a pilotos de diferentes categorías nunha cita clave para o deporte do motor na comunidade.

O calendario arrincará no circuítos das Pontes o 12 de abril e continuará no mesmo escenario o 5 de xullo e o 13 de setembro. Pola súa banda, o circuítos de Pastoriza acollerá probas os días 17 de maio e 21 de xuño, mentres que o circuítos da Madalena será escenario de carreiras o 7 de xuño e o 26 de xullo.

A competición contará con varias categorías, entre as que destacan minimotos 4.2, MiniGP 110 e MiniGP 160, así como Superbikes e modalidades de motos clásicas tanto de dous tempos como de serie produción. Este amplo abano permite a participación de pilotos de diferentes idades e niveis.

O Lago Sport convoca o Desafío de Porteir@s

A entidade Lago Sport vén de anunciar a celebración do I Clinic Desafío de Porteir@s, unha xornada formativa centrada na tecnificación e mellora específica dos gardametas que terá lugar o vindeiro 1 de maio no Polideportivo Municipal das Pontes.

A iniciativa está dirixida a mozos e mozas desde a categoría prebenxamín ata xuvenil e desenvolverase en horario de 10:00 a 19:00 horas. Ao longo da xornada, os participantes poderán traballar aspectos técnicos e tácticos propios da posición de porteiro, co obxectivo de mellorar o seu rendemento en situacións reais de xogo.

O clinic contará ademais coa presenza de profesionais de referencia no ámbito do fútbol sala, tanto porteiros como adestradores, que compartirán a súa experiencia e coñecementos cos asistentes. Entre os nomes confirmados destaca un adestrador cun amplo percorrido no fútbol sala feminino, incluíndo

etapas en clubs como A Fervenza FSF e Burela FSF, onde acadou importantes éxitos como ligas, Copas da Raíña e unha Champions europea.

Tamén participará como adestradora convidada a porteira internacional ucraina Nataliia Mytrofanska, actualmente no Valdetires Ferrol, quen foi subcampioa de Europa en 2023 e conta cunha destacada traxectoria tanto a nivel nacional como internacional. A súa presenza permitirá aos asistentes coñecer metodoloxías de adestramento de alto nivel e adquirir unha visión máis ampla da posición.

A programación incluírá ademais actividades especiais pola tarde, como unha Batalla de porteir@s e unha rolda de Penalty Shootout, nas que os participantes poderán poñer en práctica o aprendido nun ambiente competitivo e lúdico. As prazas para o clinic serán limitadas e o prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 12 de abril.



O FSF Castro conquista a súa primeira Copa Galicia

O FSF Castro Bloques Cando fixo historia en Pontevedra ao proclamarse campión da Copa Galicia por primeira vez, tras superar na final ao Poio FS por 2-3.

O partido comezou con intensidade e axiña se moveu o marcador, xa que Élia adiantou ao conxunto pontevedrés aos cinco minutos. A resposta do Castro non tardou en chegar e Patricia Ortega logrou o empate antes do descanso.

Tras o paso polos vestiarios, o equipo lucense levou o peso do encontro e mostrouse superior sobre a pista. A propia Patricia Ortega estivo a piques de facer o 1-2 a falta de once minutos, nunha acción in-

dividual. Pouco despois, a nove minutos do final, o cadro pontevedrés cometía a súa cuarta falta.

O segundo tanto do Castro chegou a 7.48 do remate, cando Antía Pérez puxo un balón ao segundo pau que Luana empurrou ao fondo da rede. A cinco minutos do final, o Poio apostou polo xogo de cinco, unha estratexia que non deu resultado, xa que a 3.33 Antía Pérez aproveitou un roubo para marcar desde case o seu campo a porta baleira, situando o 1-3.

O empuxe ofensivo do Poio tivo recompensa a 2.47 do final, co 2-3, pero o Castro mantivo a presión alta e logrou a vitoria.



O equipo de fútbol gaélico de Friol, campión Sub 15

O equipo de fútbol gaélico do CPI de Friol proclamouse campión galego sub 15 no campionato autonómico celebrado en Boqueixón (A Coruña), tras unha destacada participación na que amosou un alto nivel competitivo ao longo do torneo.

O conxunto, xestionado polo propio centro educativo e adestrado por Alexander Sanmartín, acadou este éxito grazas ao traballo colectivo e

á progresión dos xogadores, consolidándose como un referente nesta disciplina a nivel autonómico.

Coa consecución deste título, o equipo representará a Galicia no campionato de Europa que se celebrará o vindeiro 2 de maio en Maastricht (Países Baixos), onde competirá con outros equipos internacionais nunha cita de gran relevancia para o fútbol gaélico base.

DE RUTA EN RUTA

A Serra do Oribio: nexo entre Samos e Triacastela

O percorrido está dentro dunha Zona Especial de Conservación, con valores etnográficos e culturais moi destacados

A Serra do Oribio esténdese polas terras dos concellos de Samos e Triacastela. Limitada ó norte polo val do Río Oribio (o Río Sarria) e ó sur polo río Lúzara, o seu punto de maior elevación é o pico Oribio, con 1.447 metros sobre o nivel do mar.

A serra está catalogada como Zona Especial de Conservación, con destacada riqueza en valores etnográficos e culturais. No ano 2019, a serra foi proposta de forma oficial como integrante da candidatura conxunta Ribeira Sacra e das Serras do Oribio e O Courel para aspirar á categoría de Reserva da biosfera pola Unesco. Tras un longo proceso de participación pública, emitiuse un informe favorable pola calidade deste proxecto. O pronunciamento final o ano pasado fixo oficial a integración deste territorio na Rede Mundial de Reservas da Biosfera.

Os montes que rodean á Serra do Oribio, coma a Serra do Édramo, dan lugar a grandes superficies abertas. Nesta serra hai varias rutas de sendeirismo que conducen ó visitante ós diferentes xacementos megalíticos e da idade de ferro coma o castro

de formigueiros.

Unha das covas máis antigas de toda a península ibérica e a cova máis antiga de Galicia tamén se atopa nesta serra: a cova de Eirós, escavada recentemente. O valor desta cova, situada en Triacastela, non so é histórico, senón tamén antropológico, biolóxico e artístico, valores que permiten coñecer o pasado e a orixe da humanidade. Ademais, é a única cova da que se coñecen as ocupacións do Homo Sapiens e o Homo Neanderthalensis. Tamén é un xacemento paleontolóxico moi importante no estudo europeo do oso das cavernas. A cova está situada a uns 780 metros de altitude, na ladeira norte do monte Penedo, na Serra do Oribio.

Esta Serra está atravesada polo antigo Camiño Real do Oribio, actualmente un dos principais camiños de peregrinación que conducen a Santiago, de orixe prerromana e que posteriormente foi bautizado como Camiño de Castela que, como o seu nome indica era o acceso a Castela dende Galicia (nome que mantivo ata que adoptou o actual a principios do século XX).

Esta vía foi un dos principais accesos empregados polos romanos para chegar á capital provincial dende Monforte de Lemos. Posteriormente converteuse en vía comercial no camiño dos maragatos e en vía de correo.

Na actualidade, hai varias rutas que discorren pola serra do Oribio e permiten ós sendeiristas desfrutar dunhas vistas incomparables e atopar no percorrido construcións típicas da zona, como antigas alvarizas, empregadas para protexer ás colmeas do mal tempo e da depredación



dos animais. O monte Oribio conta tamén cuns desniveis moi atractivos para os amantes do parapente. O seus ventos de confluencia nordeste a noroeste e suroeste atraen cada ano a moitos adeptos deste deporte. Hai multitude de rutas posibles para subir ó monte Oribio: dende Triacastela, dende Lampazas, dende Lúzara... A ruta que propoñemos é dende Nande, moi preto de San Cristovo do Real, que se atopa na estrada que une Samos con Triacastela. Ten unha duración aproximada de 2 horas e 30 minutos e o percorrido total é duns 8 quilómetros. É de dificultade moderada.

Chegamos a Nande e pouco despois de saír do pobo, o camiño bifúrcase, tomamos o desvío da dereita e regresaremos polo da esquerda.

Tras un primeiro quilómetro suave, empezamos a subir. O camiño é ancho, cómodo e non presenta ningún problema. Cruzamos o regato de Rebordelo e continuamos cara un camiño un pouco estreito no que se dificulta o paso de calquera tipo de vehículo. En torno ó quilómetro 2,8 pérdese un pouco o sendeiro e hai



que facer unha curva bastante pronunciada á esquerda, pero coa axuda dun localizador ou un mapa non hai problema.

A partir de aí alternanse tramos de camiño con outros de pista máis ancha, sempre subindo pero sen máis complicacións. Aínda que ata o de agora case todo o percorrido foi a través de bosque, conforme gañamos altitude comezamos a desfrutar das primeiras vistas. E pouco a pouco chegamos á cima da serra do Oribio.

O descenso é moi sinxelo e case todo por pista. Hai unha pequena costa no medio pero polo demais, é todo baixada. Este tramo non ten nada que ver coa subida. A pista pode resultar un pouco monótona, pero as vistas compénsano todo.

Ó longo da ruta podemos atopar algunhas sinais consistentes en frechas, puntos e raias, todas elas de cor vermella, en calquera caso sempre teremos como referencia Triacastela, Pasantes e Queixadoiro.

DATOS



Preto de 3 horas



8 km.



Dificultade Moderada



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05